



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Serie Pleno  
Número 72

**Sesión plenaria**  
8 de marzo de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

### Punto 1. Comparecencia

#### 1.1 31350 (11/CPP-000078)

Do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, por petición propia, para expor o modelo educativo de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 286, do 02.03.2022

### Punto 2. Mocións

#### 2.1 31274 (11/MOC-000085)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Ortega Otero, Marina**

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do uso problemático da internet e das redes sociais por menores e adolescentes (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 25300, publicada no BOPG núm. 236, do 1 de decembro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 22 de febreiro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 286, do 02.03.2022

#### 2.2 31275 (11/MOC-000086)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa**

Sobre a política do Goberno galego respecto da atención presencial na banca (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 28965, publicada no BOPG núm. 270 do 3 de febreiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 22 de febreiro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 286, do 02.03.2022

#### 2.3 31276 (11/MOC-000087)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rivas Cruz, Xosé Luís**

Sobre a política ambiental do Goberno galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 28312, publicada no BOPG núm. 265 do 27 de xaneiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 22 de febreiro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 286, do 02.03.2022

### Punto 3. Proposicións non de lei

#### 3.1 25951 (11/PNP-002352)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis**

Sobre a medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para modernizar e humanizar os puntos de encontro familiar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 243, do 17.12.2021



**3.2 30286 (11/PNP-002612)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co traballo do fogar e do coidado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022

**3.3 30323 (11/PNP-002618)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e catro deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para declarar oficialmente o día 10 de marzo como Día da Clase Obreira Galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022

**3.4 30598 (11/PNP-002641)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto das medidas de emprego para acadar a igualdade de mulleres e homes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 281, do 23.02.2022

**3.5 30748 (11/PNP-002654)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para crear un observatorio de igualdade de xénero no sector pesqueiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 281, do 23.02.2022

**3.6 30843 (11/PNP-002667)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e dezaseis deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto dos programas de axudas á inclusión sociolaboral de mulleres en situación de vulnerabilidade e/ou en risco de exclusión social

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 281, do 23.02.2022

**Punto 4. Interpelacións****4.1 15953 (11/INT-000911)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención integral da saúde das mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 19.05.2021



**4.2 30681 (11/INT-001516)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis**

Sobre o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021

Publicación da iniciativa, BOPG nº 282, do 24.02.2022

**4.3 30758 (11/INT-001525)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre o aumento das verteduras ás rías galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 282, do 24.02.2022

**Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia****5.1 31354 (11/POPX-000059)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 286, do 02.03.2022

**5.2 31355 (11/POPX-000060)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre as intencións do presidente da Xunta de Galicia respecto da dimisión do seu cargo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 286, do 02.03.2022

**Punto 6. Preguntas ao Goberno****6.1 30507 (11/POP-004535)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos carteis de promoción dun programa radiofónico financiado pola Xunta de Galicia dentro do Xacobeo 2021-2022 e que inclúe unha forma toponímica inexistente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 282, do 24.02.2022

**6.2 31351 (11/PUP-000239)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a colaboración da Xunta de Galicia na acollida de refuxiados ucrainos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 286, do 02.03.2022



**6.3 26945 (11/POP-003859)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e nove deputados/as máis**

Sobre a información de que dispón a Xunta de Galicia respecto do acordo adoptado e os compromisos adquiridos polo Goberno de España e Alcoa para garantir o futuro da planta de San Cibrao  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

**6.4 30523 (11/POP-004540)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Puy Fraga, Pedro e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da repartición dos fondos europeos que está a levar a cabo o Goberno de España e do seu impacto en Galicia  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022

**6.5 30734 (11/POP-004553)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e catro deputados/as máis**

Sobre a erradicación da desigualdade entre homes e mulleres no sector do mar  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 282, do 24.02.2022

**6.6 30799 (11/POP-004562)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego respecto da situación na que se atopan as mozas galegas fronte ao mercado laboral  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 282, do 24.02.2022

**6.7 30849 (11/POP-004568)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración da Consellería de Emprego e Igualdade respecto do cumprimento das medidas do VII Plan estratéxico para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 282, do 24.02.2022

**6.8 31352 (11/PUP-000240)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a vida das mulleres en igualdade no rural  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 286, do 02.03.2022

**6.9 29503 (11/POP-004424)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis**

Sobre o financiamento da nova escola infantil de Chapela, no concello de Redondela  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 275, do 10.02.2022



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.*

*O señor presidente comunica a inasistencia da deputada dona María do Carme González Iglesias e a delegación de voto, con base no artigo 84.7 do Regulamento, na deputada dona Ana Belén Pontón Mondelo. (Páx. 10.)*

### **Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, por petición propia, para expor o modelo educativo de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)**

*Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González). (Páx. 10.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Otero Lago (S) (Páx. 20.), Sr. Lourenzo Sobral (BNG) (Páx. 24.) e Sr. Rodeiro Tato (P). (Páx. 27.)*

*Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González). (Páx. 31.)*

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 35.) Nesta rolda interveñen a señora Otero Lago (S) (Páx. 36.), o señor Lourenzo Sobral (BNG) (Páx. 37.), o señor Rodeiro Tato (P) (Páx. 40.) e o señor conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González). (Páx. 42.)*

### **Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do uso problemático da internet e das redes sociais por menores e adolescentes. (Punto segundo da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 45.)*

*Intervención do grupo autor da moción: Sra. Ortega Otero (S). (Páx. 45.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Castro García (BNG) (Páx. 49.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 52.)*

*O señor presidente saúda o grupo de alumnos e alumnas de primaria e os seus docentes presentes na tribuna, procedentes de Pontevedra. (Páx. 55.)*

*A señora Ortega Otero (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 55.)*



**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre a política do Goberno galego respecto da atención presencial na banca. (Punto segundo da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 57.)*

*Intervención do grupo autor da moción: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 58.)*

*Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Caballero Miguez (S). (Páx. 61.)*

*Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Vázquez Domínguez (P). (Páx. 64.)*

*A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 67.)*

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre a política ambiental do Goberno galego. (Punto segundo da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 69.)*

*Intervención do grupo autor da moción: Sr. Rivas Cruz (BNG). (Páx. 70.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Seco García (S) (Páx. 72.) e Sra. Candia López (P). (Páx. 76.)*

*O señor Rivas Cruz (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 79.)*

***Votación das mocións***

*A señora Ortega Otero le o texto transaccionado sobre a moción presentada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia que deseguido se vai someter a votación. (Páx. 81.)*

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do uso problemático da internet e das redes sociais por menores e adolescentes: aprobado por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 82.)*

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre a política do Goberno galego respecto da atención presencial na banca: rexeitado por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 82.)*

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre a política ambiental do Goberno galego: rexeitada por 19 votos a favor, 40 votos en contra e 13 abstencións. (Páx. 82.)*

*Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos.*



**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para modernizar e humanizar os puntos de encontro familiar. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 83.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. López Sánchez (P).* (Páx. 84.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Castro Rey (S)* (Páx. 86.) e *Sra. Carrreira Pazos (BNG).* (Páx. 89.)

*A señora López Sánchez (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 92.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co traballo do fogar e do coidado. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 95.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 95.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 99.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Pérez López (P).* (Páx. 101.)

*A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 105.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonso e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para declarar oficialmente o día 10 de marzo como o Día da Clase Obreira Galega. (Punto terceiro da orde do día.)**

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fernández Alfonso (BNG).* (Páx. 107.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 110.) e *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 113.)

*Nova intervención do señor Fernández Alfonso (BNG). (Páx. 116.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto das medidas de emprego para acadar a igualdade de mulleres e homes. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 117.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 118.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 121.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Sanz Arias (P).* (Páx. 124.)

*A señora Rodríguez Dacosta (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 128.)*





**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Otero Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para crear un observatorio de igualdade de xénero no sector pesqueiro. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 130.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Otero Rodríguez (S). (Páx. 130.)*

*Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 133.)*

*Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 137.)*

*A señora Otero Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 140.)*

*Suspéndese a sesión ás sete e trinta minutos da tarde.*



Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

**O señor PRESIDENTE:** Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a súa inasistencia, conforme o disposto no artigo 84.7 do Regulamento da Cámara, dona María do Carme González Iglesias, quen delega o seu voto para esta sesión plenaria na portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Ana Pontón Mondelo.

E, sen máis, entramos na orde do día.

Punto primeiro, comparecencias.

**Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, por petición propia, para expor o modelo educativo de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Para iso ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, don Román Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Bos días, señor presidente e señorías.

Hai uns meses e con motivo do arranque do curso escolar defendía nesta cámara que este curso 2021-2022 tiña un carácter de transición. E dicíao por varios motivos: o primeiro, pola situación de pandemia, na cal aínda estamos sometidos; en segundo lugar, tamén polos constantes retos educativos aos que tiñamos que facer fronte, e, en terceiro lugar, debido á obrigada adaptación que o sistema educativo galego ten aos principios neste caso da nova lei orgánica, a LOMLOE.

Como dicía naquel momento, aínda hoxe a situación sanitaria segue presente, e é certo que cada vez é menor e que xa comezamos a ver a luz despois do túnel, pero non podemos en ningún caso renunciar a seguir avanzando, a seguir profundando nun modelo educativo, o modelo educativo galego, que nos últimos anos ten resultado exitoso en moitas variables.

Tampouco é a primeira vez que plantexo nesta cámara a seria preocupación que temos polos efectos negativos que sobre o ensino galego poden ter e están tendo as constantes idas e vidas do Ministerio de Educación, con medidas improvisadas que están xerando un certo caos e unha idea de improvisación, con medidas que poden afectar e afectan de feito o noso modelo. Sen ir máis lonxe, pois todo o que ten que ver co atraso que estamos vivindo respecto á publicación dos novos currículos, que van ter que estar en vigor con base na lei presente no inicio do próximo curso.



Neste contexto, e por suposto sen desatender o ordinario, afrontouse un proceso de reflexión para, primeiro, saber onde estamos e, segundo, saber cara a onde imos e que queremos desenvolver no eido educativo. É coñecido que defendemos dende Galicia un modelo definido, diferenciado, un modelo propio, que xorde da acumulación de diferentes accións e políticas educativas implementadas dende o ano 2009. E o máis importante é que este modelo vén avalado polos resultados que recollen diferentes informes. Obviamente, non queremos quedarnos nin moito menos no logrado, temos que seguir traballando, temos que seguir avanzando para modernizar e innovar o sistema educativo.

Os nenos e as nenas de hoxe, é dicir, os galegos de mañá, precisan de ferramentas que potencien as súas capacidades para facer fronte a un mundo cada vez máis global, máis tecnolóxico e cun gran volume de datos e información, que debemos ser capaces de manexar e comprender. Resulta prioritario para o alumnado, tanto nas ensinanzas obrigatorias como nas non obrigatorias, que se adquiran coñecementos en áreas como as matemáticas, en áreas científicas, en comprensión lectora, en competencias dixitais, en linguas, en idiomas, en habilidades sociais, habilidades comunicativas, habilidades físicas e, por suposto, tamén desenvolver a capacidade de emprendemento. E tamén xorde nos últimos tempos a necesidade de profundar en cuestións relacionadas coa convivencia, coa igualdade, co benestar emocional, xa que, sen dúbida ningunha, o ensino xoga un relevante papel dentro dunha perspectiva integral e transversal, que se basea nas necesidades do mundo cada vez máis complexo e cada vez máis global.

Dicía que é importante, primeiro, saber onde estamos. Dende hai uns anos Galicia conta cun goberno absolutamente comprometido co impulso de políticas útiles. Froito do traballo a medio e a longo prazo, e contando cunha grandísima implicación do que é a comunidade educativa, fomos capaces de ir avanzando e de ir mellorando nas variables básicas que miden a calidade e a equidade do sistema educativo. É neste contexto onde temos que apreciar na súa xusta medida algúns dos datos que amosan a boa saúde do sistema educativo galego.

Primeiro, os recursos públicos que destina Galicia á educación. Galicia, que aproximadamente é o cinco por cento da poboación escolar de España —arredor do 4,9 da poboación escolar de España—, é a quinta comunidade de España que ten a maior porcentaxe de alumnado no ensino público; en concreto, un 72,4 por cento do alumnado estuda no sistema público. Sabemos que temos un PIB per cápita que está na media de España; estamos falando de aproximadamente vinte e catro mil euros. Sen embargo, a nosa comunidade inviste 7.134 euros por alumno público; moi por riba da media española, a cal está en 5.968 euros por alumno. Isto quere dicir que en Galicia facemos un sobre esforzo financeiro no sistema educativo. Estamos no cuarto lugar absoluto en investimento educativo, que se descontamos Navarra e o País Vasco, que teñen Facenda propia, seríamos a segunda comunidade autónoma no tocante a investimento público por alumno no conxunto de España. Ademais, en termos porcentuais, en Galicia investimos un 29,6 por cento, o que sitúa a Galicia no terceiro lugar en investimento educativo sobre o PIB per cápita.

É obvio que estes datos demostran e amosan o forte compromiso que ten a Xunta de Galicia co ensino. Dedicamos recursos, e estes recursos dedícanse ao que todos sabemos: a obras, a



servizos educativos complementarios, a persoal docente, a gastos de funcionamento e, por suposto, á execución de programas.

Obviamente, ter recursos non garante nada; o importante é o que facemos con eses recursos, o importante son os resultados educativos. E creo que merece a pena neste momento falar dos resultados acadados nos últimos anos porque, sen dúbida, axudan a poñer en valor o ensino galego e guían os pasos que hai que seguir.

Informe PISA, un dos máis prestixiosos a nivel internacional. Os datos do Informe PISA ratifican a calidade do sistema educativo galego. Galicia ten un altísimo rendemento académico, o maior e mellor rendemento académico de España. E tamén con base nos datos de PISA temos o ensino máis equitativo de todas as comunidades autónomas. Galicia sobresaee en ciencias, sobresaee tamén en lectura, sobresaee tamén en matemáticas. Se agregamos os datos das tres competencias avaliadas en PISA, Galicia está un pouquiño por riba de Castela e León, que sería a segunda comunidade autónoma, facendo o agregado das tres variables. Ademais, destacamos en valores transversais, en valores tan significativos como poden ser o respecto a outras culturas ou tamén a igualdade entre homes e mulleres.

Galicia tamén registrou este ano a porcentaxe máis baixa de abandono escolar da súa historia, un 8,1 por cento. Dende o ano 2009 temos unha progresiva, constante e sostida redución do abandono escolar. Partiamos no ano 2009 de case un vinte e seis por cento, hoxe temos o 1 por cento. Fundamental a redución do abandono escolar, porque non hai nada máis antiequitativo socialmente que un neno ou unha nena saian á rúa sen ningún tipo de formación ou sen ningún tipo de titulación que os avale. Obviamente, isto non é froito da casualidade, isto é froito do traballo constante da comunidade educativa, da posta en marcha de programas de mellora orientados basicamente a reforzar as competencias daqueles alumnos con máis dificultades. E todo isto mídese no éxito escolar acadado nesta variable.

Outro dato, a taxa de idoneidade. Tanto para os alumnos de 12 anos como para os alumnos de 15 anos Galicia ten un lugar de privilexio, pois estamos no primeiro caso de terceiros de España e no segundo caso de quintos de España. Somos tamén a terceira comunidade autónoma que ten a mellor media de alumnos por ordenador, con base neste caso a datos do propio ministerio. E temos tamén, afortunadamente, o ensino máis inclusivo de España. Estamos a falar de que case o noventa e catro por cento dos alumnos que teñen necesidades educativas especiais está escolarizado en centros ordinarios; a media de España está en pouco máis dun oitenta por cento. Un 93,6 fronte a pouco máis dun oitenta por cento.

Tamén Galicia é a comunidade autónoma con dúas linguas oficiais onde o alumno declara en maior medida ser competente en dúas linguas, nas dúas linguas oficiais; por riba do País Vasco, por riba de Cataluña, por riba das Illas Baleares e por riba da Comunidade Valenciana. E tamén en inglés Galicia ten avanzado notablemente nos últimos anos, sendo neste caso a terceira comunidade autónoma —detrás do País Vasco e detrás de Cataluña— onde os alumnos presentan un maior nivel de coñecemento e destrezas en inglés.

Así mesmo, temos tamén un bo nivel de convivencia nas aulas. Na terceira macroenquisa que acabamos de realizar hai moi pouco tempo viamos que o 90 por cento das familias —conxun-



tamente co profesorado e o persoal non docente— considera que non existen problemas significativos de convivencia nos centros educativos; por certo, incrementando dez puntos porcentuais respecto á mesma situación seis anos antes, respecto á mesma situación no ano 2016.

E neste punto de breve balance quixera tamén referirme de xeito especial aos bos datos da formación profesional en Galicia, unha modalidade de ensinanza que viviu e experimentou na última década unha auténtica revolución silenciosa. Indicador do prestixio e da confianza que ten acadado a formación profesional son os datos de matriculación. E así, fronte a un período do Bipartito onde viamos unha redución dos alumnos en formación profesional —tres mil alumnos menos—, a partir do ano 2009 incrementouse a matrícula dun xeito considerable, arredor dun setenta por cento, tendo aproximadamente hoxe sesenta mil alumnos cursando unha educación que garante unha enorme inserción laboral. Estamos a falar de que nos ciclos ordinarios aproximadamente o 85 por cento dos alumnos presentan unha inserción inmediata no mercado de traballo. E se introducimos na variable a FP dual, estamos a falar practicamente dun 97 por cento, é dicir, practicamente unha inserción plena. Isto contrasta —moi importante este dato— co que pasaba durante o período do Bipartito, onde había unha inserción laboral do 40 por cento.

Tamén podemos sentirnos satisfeitos —e dicímolo con toda franqueza— da resistencia que o sistema educativo tivo ante unha situación tan complexa dende o punto de vista sanitario como foi esta epidemia. Quero aquí agradecer —como o fago sempre— o gran traballo, o gran sobreesforzo, a gran responsabilidade do conxunto da comunidade educativa; por suposto, do profesorado, dos equipos directivos, das familias e, moi especialmente, dos nenos e das nenas, que demostraron unha gran disciplina para cumprir cuns protocolos que non foron fáciles. Tres cursos víronse afectados: a finais do ano 2019-2020, todo o 2020-2021, e neste 2021-2022 —como xa dixemos— estamos nunha situación de transición tamén moi vencellada a todo o que ten que ver co proceso de vacinación. Temos que estar orgullosos francamente de ser das poucas comunidades autónomas que garantimos practicamente un cento por cento de presenzabilidade, e onde afortunadamente os centros educativos non foron vectores de transmisión.

Obviamente, a pandemia tamén nos trouxo algunhas aprendizaxes, algunhas cuestións que viñeron para quedar —direino máis adiante—, falo do Plan de ensino virtual, ou falo tamén do Plan de atención ao alumnado vulnerable, importantísimo. Pero tamén falarei máis adiante doutros que pensamos son moi importantes e que, en certa medida, a situación pandémica os incrementou.

Tras ofrecer estes datos para saber onde estamos, creo que é moi importante saber, fundamentalmente, cara a onde imos, que queremos facer e cal é a visión que queremos implementar e estamos implementando na educación galega coa vista posta no futuro.

É certo que nestes momentos que nos toca vivir, a Consellería, a Xunta de Galicia, quere apostar por certezas; quere dar certezas ao conxunto da comunidade educativa e quere dar certezas ás familias. E por iso imos seguir traballando en consolidar proxectos coñecidos, proxectos que xa están inseridos no propio sistema. Obviamente, temos que renovalos, mo-



dificalos, amplialos para afrontar os novos retos. E tamén queremos incorporar novas iniciativas, que van servir para dar un novo impulso ao sistema educativo.

Todo isto nun momento complexo onde, por unha parte, temos un marco xeral, un marco español, onde a improvisación e o caos son as medidas máis significativas. Esta improvisación, este caos que vén derivado das medidas impulsadas polo Goberno central coa implantación da LOMLOE está xerando moitas problemáticas organizativas, pois estanse modificando, estanse cambiando as regras de xogo na metade do partido. Vémolo en moitísimos aspectos. Aspectos tan sensibles como as oposicións, o acceso á profesión docente, ou todo o que ten que ver coa variación e promoción do curso, o denominado «Decreto de aprobado xeral».

Esta incerteza, esta improvisación e este caos non axudan ao ensino. Dende a Consellería, dende a Xunta de Galicia, imos seguir apostando —como xa dixen— por unha serie de liñas estratéxicas que foron e que seguirán sendo útiles e tendo resultados.

No eido do plurilingüismo, fundamental para dar oportunidades aos nosos mozos e mozas de hoxe, e queremos seguir apostando, e así o fixemos, presentando unha estratexia Edu-lingüe 20-30 hai escaso tempo no Consello da Xunta. Estamos a falar dunha proposta de continuidade, de consolidación, de modernización do traballo en materia lingüística, que —como xa temos visto— sitúa e posibilitou un avance moi notable en Galicia. E só poñer dous datos comparativos para que se vexa o grande esforzo que fixemos comparativamente co ano onde este goberno comezou a traballar nesta materia. Por exemplo, só en seccións bilingües, pasamos de setecentas vinte no curso 2009-2010 a catro mil oitocentas no curso actual; un dato moi significativo. E xa non digamos auxiliares de conversa, onde pasamos de sesenta e un auxiliares de conversa a seiscentos vinte e oito na actualidade, pese ás dificultades económicas de moitos dos anos que vivimos neste período.

O coñecemento das linguas estranxeiras é vital, básico no mundo actual, tremendamente cambiante, tremendamente competitivo, tremendamente globalizado. E é básico para que unha persoa poida ter unhas expectativas de futuro, tanto no persoal como no profesional, que favorezan o seu desenvolvemento. Obviamente, a aprendizaxe de linguas estranxeiras, que se xeneralizou e se está xeneralizando no sistema educativo, favorece fundamentalmente a democratización do ensino das linguas estranxeiras, xera tamén igualdade de oportunidades entre os alumnos e, por certo, dá moitísimas oportunidades cara ao futuro.

Tamén no eido dixital fixemos un gran traballo. Son coñecidos os pasos que se deron nos últimos anos. Un desenvolvemento progresivo, constante, cunha actualización progresiva ao longo destes anos. Por certo, hoxe mesmo publícase no *DOG* unha nova convocatoria para estender Edixgal, nun curso onde por primeira vez vai estar en terceiro e cuarto da ESO. E permite que tamén por primeira vez poida haber seis cursos seguidos onde o alumnado poida dar ou poida participar dun sistema bilingüe. Estamos a falar de que temos na actualidade quíntos cincuenta centros Edixgal. A nova convocatoria que hoxe se publica plantexa incrementar setenta e cinco centros novos.

Isto, xunto co Plan Edu100, un plan de infraestruturas dixitais, que coordinadamente coa Amtega nos vai posibilitar contar con corenta e cinco mil ultraportátiles e equipos para dúas mil aulas;



tamén cincuenta e cinco mil equipos fixos e tamén portátiles destinados aos docentes. E o máis importante: cinco mil paneis interactivos para aulas de centros educativos en Galicia. O obxectivo é lograr que o cento por cento das aulas de primaria, secundaria e bacharelato sexan dixitais.

E así mesmo, e ademais de cara ao presente pero sobre todo pensando no futuro, a Xunta acaba de aprobar tamén recentemente unha Estratexia de educación dixital. Esta Estratexia de educación dixital está dotada con 120 millóns de euros e contempla un conxunto planificado de accións coordinadas que están sustentadas en dous piares básicos: por unha parte, o desenvolvemento dun ecosistema educativo dixital de alto rendemento e, por outra, no perfeccionamento das competencias e capacidades para acadar unha verdadeira transformación dixital. Esta estratexia inclúe unha ducia de accións de forte impacto que abranguen o conxunto da comunidade educativa: os docentes, os alumnos, as familias e que vai tamén dar oportunidades dun xeito global ao conxunto do alumnado.

Entre as accións previstas na Estratexia de educación dixital está a creación, acondicionamento e dotación dos polos creativos. Espazos entendidos como lugares de cocreación que van estar centrados nas competencias STEM e orientados ao fomento de habilidades e proxectos innovadores e tecnolóxicos. Estamos a ultimar a orde pola que se crea o Programa de innovación educativa polos creativos, e establécese o procedemento para a participación neste programa dos centros docentes, estimando nesta primeira convocatoria chegar a douscentos centros educativos.

Tamén vencellado á Estratexia de educación dixital é a aposta da Xunta de Galicia pola innovación. Crearase o centro de innovación educativa e dixital, un centro especializado no ensino dixital e na innovación e investigación educativa, co obxectivo de dar un salto de calidade en ámbitos como a formación do profesorado, o deseño de estratexias docentes ou a introdución de novas técnicas pedagóxicas. Este novo centro estará ubicado no edificio Fontán da Cidade da Cultura e será o órgano encargado de identificar, diagnosticar e desenvolver proxectos sobre a realidade educativa, posibilitando a súa transformación a través da investigación, da innovación e da transferencia dos resultados dos proxectos de I+D+I.

Como saben tamén, ao longo destes anos Galicia definiu e executou unha folla de ruta —por certo, tamén con notable éxito— para o desenvolvemento de programas e actuacións vinculadas ás bibliotecas escolares e ao fomento da lectura. Fíxoo a través dos sucesivos plans LIA. Estes plans de lectura, información e aprendizaxe posibilitaron que as bibliotecas escolares galegas veñan actuando como auténticas aceleradoras da innovación educativa, promovendo prácticas pedagóxicas activas e poñendo á disposición da comunidade equipamentos, recursos, servizos e oportunidades para a aprendizaxe, tanto a nivel individual como a nivel compartido. Sen dúbida ningunha, as bibliotecas escolares galegas son unha referencia para outras comunidades autónomas, para o conxunto de España.

E na segunda quincena de marzo, coincidindo, por certo, coa Xornada de Bibliotecas Escolares, temos previsto presentar os detalles do terceiro Plan LIA, do Plan LIA 2020-2025, que implica a actualización dos obxectivos e as liñas prioritarias de actuación que van garantir unha presenza estable de bibliotecas escolares no conxunto dos centros educativos de Galicia.



E neste punto da intervención quero tamén explicar outra das accións da consellería que ten unha relación moi directa coa función socializadora da educación, todo o que ten que ver coa aprendizaxe de valores, de actitudes e tamén de aptitudes. Cada vez con máis frecuencia observamos que a sociedade actual ten que afrontar novos retos sociais e de convivencia. O uso e o abuso das tecnoloxías por adolescentes e mozos, a igualdade, a violencia de xénero, as desigualdades, todo isto témolo que enfocar cunha perspectiva integral, transversal e multisectorial.

E quero apelar neste contexto a unha reflexión colectiva, para non caer nunha tentación, nunha tentación moi fácil, que é converter os centros educativos, os colexios, os institutos nunha especie de ferramentas máxicas con capacidade para resolveren todos os retos, todas as problemáticas dun mundo cada vez máis complexo. Por suposto, o sistema educativo non é alleo en ningún caso á realidade social, e a Administración educativa non pode, non debe, e non o fará, quedar de brazos cruzados. Unha vez en moitas ocasións terá que liderar procesos para facer fronte a estas situacións, e noutras simplemente deberá complementar ou deberá apoiar o traballo doutros departamentos e a propia acción do conxunto da sociedade.

Un sistema educativo de calidade ten que ser inclusivo e equitativo, se non, non sería un sistema de calidade. Nestes anos a Consellería, a Xunta de Galicia, mantivo un esforzo constante e notable pola atención á diversidade, desenvolvemento de protocolos, fomento de itinerarios flexibles para os alumnos con necesidades educativas especiais, dotación de recursos, etc.

Hai unha década consideramos que a atención á diversidade debería ser un dos piares fundamentais deste sistema educativo. Fixemos un notable esforzo normativo, fixemos unha dotación de recursos notable, arredor de catro mil profesionais dedícanse a unha atención individualizada aos alumnos que máis o precisan. E todo iso dá un resultado, e o resultado é o que dicía antes, que temos a escola máis inclusiva de España. Obviamente, con necesidades, con carencias, pero se miramos a vista atrás vemos que o salto cualitativo e cuantitativo nesta materia é moito máis que notable.

Temos que seguir traballando, estamos obrigados moral e eticamente a facelo, temos feito moito, queda moito por facer, e todo o traballo debe estruturarse nun proceso no cal estamos neste momento. Estamos elaborando unha estratexia galega de inclusión e atención á diversidade, que debe aglutinar e dar unha coherencia ás políticas tanto dende a perspectiva normativa como dende as diferentes accións que estamos implementando para dar un servizo específico e concreto aos alumnos con máis necesidades.

Non podemos tampouco esquecer que a convivencia, a existencia dun bo clima de convivencia nas aulas é fundamental, é básico para ter un sistema, un modelo educativo de calidade e que sexa equitativo. Galicia leva anos adoptando decisións e medidas encamiñadas a mellorar a convivencia escolar. E con toda a modestia creo que os pasos dados sitúan a Galicia, sitúan á nosa comunidade autónoma nunha situación comparativamente con outras moito máis favorable. Isto vese nos datos que recibimos cando elaboramos as macroenquisas para avaliar o marco de convivencia.





E nesta materia, en convivencia, en igualdade, en coeducación asumimos o compromiso de reforzar as políticas educativas cun enfoque integral e adaptado dun xeito constante aos tempos. Fomos a primeira comunidade autónoma que puxo en marcha un protocolo para actuar sobre as conductas de acoso e ciberacoso escolar, xa hai algúns anos, e temos que, obviamente, actualizalo. De feito, estamos traballando na revisión e actualización do Protocolo de acoso escolar e ciberacoso, que presentaremos durante este ano 2020-2022, e tamén estamos traballando nunha nova estratexia de convivencia escolar, que, por suposto, unha liña específica vai estar centrada e vai recoller todo o que ten que ver coa loita contra o acoso escolar.

Esta estratexia vai fundamentarse nunha serie de piares. O primeiro, fundamental, básico, é a prevención, a prevención das condutas contrarias á convivencia; basicamente ter capacidade para identificar, ter unha identificación temperá das diferentes problemáticas que poidan identificarse, que son contrarias á convivencia. E para iso é fundamental a formación non só dos docentes, senón tamén das familias.

Tamén impulsaremos nesta nova estratexia medidas que favorezan un uso adecuado das novas tecnoloxías, orientadas basicamente a previr condutas negativas asociadas, vencelladas a un sobreuso ou a un abuso.

Tamén seguiremos traballando no coidado do benestar emocional, mellorando as competencias sociais e emocionais do alumnado. E tamén poñendo á disposición do conxunto da comunidade educativa estratexias de resolución de conflitos que favorezan a creación, o mantemento e a reparación de relacións.

Poñeremos tamén o foco nas condutas de convivencia positiva, visibilizando e destacando as boas prácticas nesta materia. E, por suposto, apostaremos por unha visión integral, transversal da convivencia, xa que as evidencias e a experiencia nos demostran que as condutas negativas neste ámbito exceden en moitas ocasións e en moitísimos casos o simple ámbito escolar. Temos que ver, avaliar tamén o contorno familiar, o contorno persoal, o contorno social onde están estes alumnos que teñen problemas de convivencia.

Todo isto artellarase a través da creación de comisións provinciais de carácter interdepartamental. Estas comisións abordarán cunha perspectiva transversal e integral aquelas problemáticas que excedan da capacidade resolutiva dos centros, e van estar orientadas a axudar as persoas afectadas cara á solución de cada problemática específica de convivencia.

E neste punto tamén, enlazando coa convivencia escolar, retomo outro exemplo de iniciativas que chegaron ao ensino galego a raíz da crise sanitaria e que, en certa medida, chegaron para quedar. Por unha parte, temos o Plan Recupera e, por outra, temos o Plan de educación de benestar emocional.

No curso pasado puxemos en marcha o Plan Recupera, coa finalidade de recuperar no presente curso aquelas debilidades ou proporcionar —mellor dito— atención específica para compensar as desigualdades ou as necesidades xurdidas no eido educativo a raíz da pandemia. Ao amparo deste plan deseñamos un contrato programa orientado a reforzar, apoiar,



acompañar a aprendizaxe daqueles alumnos máis vulnerables e tamén daqueles alumnos que, debido á pandemia, non alcanzasen os obxectivos e as competencias establecidas para o nivel correspondente.

Tamén creamos unha rede de profesionais especializados neste ámbito, a rede Raogal, de acompañamento e orientación persoal e familiar, onde trinta e dous profesionais ubicados en trinta e dous centros dan cobertura e dan apoio e xestionan dun xeito coordinado as accións neste ámbito, para actuar dun xeito concreto e directo sobre o alumnado e as familias que pertencen a cada un dos ámbitos xeográficos.

Tamén —como dixen— Galicia puxo á disposición un Plan de benestar emocional, tamén con tres fases: detección, fortalecemento-consolidación e planificación. Isto permitiu ter unha visión integral que fixo fronte a aquelas problemáticas emocionais que derivaron da situación sanitaria actual.

Hai un consenso, señorías, —non digo nada novo— en entender que a situación derivada da crise sanitaria está a xerar un aumento do estrés, do sufrimento —se se quere— psicolóxico e emocional de todas as persoas en xeral, pero moi especialmente tamén na infancia e na adolescencia. Deste xeito, as consellerías tanto de Educación como de Sanidade estamos a colaborar en diferentes esferas para establecer medidas no ámbito da saúde mental e para prever condutas que poidan ser lesivas para o alumno, como, por exemplo, o risco suicida na poboación escolar. Ambos departamentos estamos traballando para implementar medidas preventivas, medidas paliativas e reducir neste ámbito os niveis de ansiedade, os niveis de estrés, os niveis de sufrimento en certa medida do conxunto da poboación en xeral, e moi en particular da poboación escolar.

Centrándonos agora na formación profesional, debemos poñer en valor a aposta decisiva que Galicia fixo polas ensinanzas de formación profesional. E fíxoo como unha oportunidade, para dar oportunidades tanto aos alumnos que cursan formación profesional como ao conxunto de Galicia, dende a perspectiva que ter recursos humanos ben formados e ben cualificados aporta un plus de competitividade aos nosos sistemas produtivos.

Para iso foi fundamental relacionar, vencellar dun xeito directo a oferta educativa no eido da formación profesional coas necesidades dos diferentes tecidos produtivos, e foi tamén necesario implementar dun xeito constante programas de innovación educativa, mellorar a oferta de ciclos, ter un vencellamento cada vez máis claro entre a oferta educativa e as necesidades de cada territorio e, por suposto, aportar programas que posibilitasen ser ou ter o que hoxe temos: unha ensinanza moderna, dinámica e atractiva; unha ensinanza que poderíamos resumir en dúas palabras: en prestixio e confianza. En prestixio social acadado. E en confianza tanto para os alumnos que a cursan, preto de sesenta mil, como para as familias que depositan a esperanza educativa dos seus fillos na formación profesional, e tamén confianza para as empresas, que entenden que a mellor forma de fornecerse de recursos humanos, de profesionais para as súas empresas é a través dos alumnos de formación profesional.

Como saben perfectamente, o pasado mes de febreiro presentamos unha estratexia, a Estratexia de formación profesional, que vai orientar as políticas públicas neste ámbito. Unha



estratexia que está sustentada nun soporte económico de arredor de novecentos millóns de euros ata o ano 2024 e que, sen dúbida, fixa a formación profesional como unha prioridade estratéxica do Goberno da Xunta de Galicia.

Esta estratexia, como calquera outra, ten uns eixos, ten unhas accións, pero gustaríame aquí destacar unha serie deles. Tamén como saben, señorías, esta estratexia foi presentada e debatida hai moi pouco tempo na Comisión 4ª deste parlamento, e aí tamén se puxo encima da mesa algunha das accións máis fundamentais desta nova estratexia. Por unha parte, a oferta de dobres titulacións nos ciclos formativos; o impulso da modalidade dual na FP básica; a aposta polos másteres de formación profesional como unha formación moi especializada e moi demandada naquelas áreas que teñen unha maior inserción laboral e unha maior necesidade de ter profesionais; unha aposta decidida polo rural, con ciclos adaptados ás súas particularidades, a ampliación da rede de centros integrados, dos CIFP, e estamos trallando neste eido en varias localidades; o impulso á innovación, á dixitalización; a aposta pola internacionalización ou orientación profesional; o fomento do emprendemento, ou a aposta por ter e por deseñar novas figuras de profesorado, novas figuras de profesorado vencelladas á empresa, que denominamos «profesores asociados», que pertencendo ás plantillas das empresas poidan impartir determinados contidos nos ciclos concretos da formación profesional.

O reforzo da formación profesional tamén se verá impulsado coa apertura do centro galego de innovación de formación profesional, que comezará a andar en Ourense neste ano 2022. Este novo centro de innovación e especialización da FP en Galicia estará centrado en áreas punteiras, como pode ser a biotecnoloxía aplicada, a fabricación aditiva ou a enerxía e a sustentabilidade ambiental. Neste novo espazo educativo desenvolveranse proxectos de innovación de interese tanto para o propio sistema educativo como para as empresas colaboradoras, así como actividades de formación do profesorado.

Conscientes do progresivo interese que suscitan as ensinanzas de formación profesional en Galicia estamos xa a traballar na nova oferta ordinaria para ciclos medios e superiores. E así, aínda nunha fase inicial, estimamos que a oferta ordinaria para o curso 2022-2023 contará con mil noventa e tres prazas educativas máis no ámbito da formación profesional, sen contar neste caso a formación profesional dual nin tampouco os másteres. Co cal teremos no réxime ordinario máis de mil prazas novas, e incrementaranse estas prazas coa oferta de formación profesional dual e tamén cos diferentes másteres. *(Aplausos.)*

E tampouco quero deixar de mencionar que en relación co modelo educativo a Xunta tamén está a traballar na mellora da oferta da formación para as persoas adultas, deseñando e traballando nun novo marco normativo.

Pois ben, do exposto ata o momento, podemos sacar a evidencia de que o noso sistema educativo ten demostrado nos últimos anos que mellora progresivamente tanto en calidade como en equidade. E debemos defendelo e debemos mantelo sempre cumprindo e respectando a lei. Por tal motivo quero facer partícipe a esta cámara dunha seria preocupación que temos polo momento no cal estamos e pola improvisación constante que estamos vendo no desenvolvemento da LOMLOE.



Vemos nun risco certo e serio algúns aspectos básicos para definir a calidade, a igualdade e a equidade do noso modelo educativo. Vémolo a través dunha sucesión constante de diferentes medidas que están sendo implementadas polo Goberno de España, que pensamos que van carrear unha perda de calidade, de equidade e de igualdade entre os alumnos. Sen dúbida, un dos máis claros é o denominado «Decreto de aprobado xeral», de tal xeito que un alumno poida aprobar ou pasar de curso con independencia das asignaturas aprobadas ou suspensas.

Ou o que temos agora mesmo encima da mesa, que é adaptación do ensino neste caso aos novos currículos. Estamos preocupados e non podemos mirar cara a outro lado, porque a estas alturas de curso carecemos aínda da aprobación dos decretos de ESO e de bacharelato, o cal vai xerar no sistema educativo unha problemática certa de adaptación á nova situación.

Traslado a vontade e o compromiso de seguir mantendo o noso modelo educativo, de seguir co esforzo prolongado e constante para mellorar o ensino galego. E facémolo dende un sentimento de orgullo, de san orgullo, tendo en conta os avances acadados. É un san orgullo cuxo principal responsable é, sen dúbida, o conxunto da comunidade educativa: profesores, diferentes tipoloxías de profesionais educativos, inspectores, directores, orientadores..., pero tamén as familias e tamén, por suposto, os alumnos. Sen esquecer o traballo que se fai neste caso dende a Administración educativa. *(Aplausos.)*

E, sen dúbida, señorías, temos que mirar cara ao futuro e temos que ser conscientes de que temos feito moito, temos feito moito nos últimos anos, pero tamén, señorías, queda aínda moito por facer.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero Lago.

**A señora OTERO LAGO:** Grazas, presidente.

Moi bo día a todas e todos.

Moi bo día, señor conselleiro.

«San orgullo» dicía vostede. A verdade é que aínda que estamos afeitas a este tipo de comparencias, nas que compromisos e concrecións poucos, os símbolos máis chulos para todo, comisións, estratexias de todo tipo, pois a verdade é que poñendo nomes si que hai certo estilo —teríamos que recoñecer—, pero tristemente compromisos concretos —dicimos—, pouco máis alá dese autobombo arredor do modelo educativo non galego, senón do Partido Popular e nada máis que do Partido Popular, pois non atopamos.



Ademais, esta comparecencia súa chega tan só unhas horas despois de que teñan trasladado aos centros de ensino que, igual que acontece coa poboación xeral, pois a partir de agora non se fará seguimento estreito dos contactos con positivos por covid; polo tanto, que non se rexistrarán no Educovid e que suspenden as medidas de corentena e vixilancia. Ben, nada que obxectar, son as decisións que se teñen adoptado no seo da Comisión Pública de Saúde, tamén do Consello Interterritorial. Pero é que no caso de Galicia o que hai que puntualizar é que vostedes asumen esas decisións ás veces si, ás veces non, e todo depende. ¿De que depende? De quen teña que cargar coas responsabilidades, ou de que se o señor Feijóo ten que cubrir esa cota, ese espazo mediático confrontando e levando a contraria, aínda que sexa cando se adoptan medidas que el mesmo pedía. E agora toda esa cota, ese espazo mediático que se amentou durante tanto tempo de confrontación xa vemos que está recollendo eses froitiños.

Curiosamente, ao mesmo tempo que trasladan que deixamos de facer seguimento de contactos nos centros de ensino pola mellora efectivamente da situación epidemiolóxica e de vacinación, seguimos sendo —lembramos— a excepción en todo o Estado do mantemento do uso das máscaras no patio exterior dos colexios. Xa hai un mes —como sabe— desde que se implementaba o 10 de febreiro esa recomendación de que os nenos e as nenas descansasen no exterior, nos patios, igual que se faría nas rúas, e que se implementou practicamente nese mesmo momento en todas as comunidades. E aquí o presidente da Xunta, antes de escoitar o Comité Clínico —porque non foi unha recomendación do Comité Clínico—, xa tivo que saír en rolda de prensa para poñer ese pero, algún «non»; porque hai que ocupar —como dicimos— esa cota e ese espazo mediático. ¿Como non? O presidente tiña que dicir algún «non» a esas decisións consensuadas.

Ben, a Asociación Española de Pediatría tamén hai semanas xa que anunciaba e argumentaba a súa aposta por quitar as máscaras nos exteriores, nos patios, neste contexto de baixada da transmisión, e tendo en conta que desde as asociacións de logopedistas e pediatras advertían dunha posible repercusión negativa na aprendizaxe e nas relacións e socializacións das nenas e dos nenos. Ata o de agora, evidentemente, era necesario asumir ese custo, pero agora a Asociación Española de Pediatría concluía arredor da incoherencia que supón trasladar ás nenas e aos nenos a obriga do uso das máscaras nos patios exteriores dos colexios para logo saír á rúa ou aos parques e poder quitala.

Nós, conselleiro, por responsabilidade e, evidentemente, lealdade respectamos sempre as decisións do Comité Clínico. Pero é que —como dicimos— o señor Feijóo se desmarcaba antes da retirada das máscaras publicamente para levar a contraria ás decisións a nivel estatal. Todo ese esforciño na pandemia de confrontar co Goberno central agora dálle ese cobizado froito de poder. Pero mentres no medio están as galegas e os galegos e a comunidade educativa, que non ten por que padecer a irresponsabilidade, o oportunismo político. Porque vostedes anuncian que manteñen as máscaras e logo envían un correo electrónico sen marcar directrices claras e delegando neles toda a responsabilidade, que é o que teñen feito.

Así que agora desescalan na parte que interesa cando interesa, importan as recomendacións clínicas e sanitarias cando politicamente lles interesa ao Partido Popular e ao señor Feijóo. E cando non, pois buscan outros argumentos ou directamente fan deixación de funcións e



cargan a responsabilidade nos centros. Porque, señor conselleiro, non vale absolutamente de nada vir aquí agradecer e loar o traballo, o esforzo, o sacrificio, o labor das e dos profesores todo este tempo se logo os feitos, os recursos e as políticas que desenvolven dende a súa consellería camiñan unha vez máis nesa senda dos recortes permanentes na que veñen camiñando xa hai máis dunha década. (*Aplausos.*)

Modelo educativo de Galicia. Nós dicimos modelo educativo do Partido Popular, porque son sectarios como é tradicional cando falamos de educación, e falaremos de máis exemplos. Porque máis alá de nomes chulos —dicíamos— e de xeneralidades, hai que fixar a atención, e a ver se concretamos e o aclara hoxe. Falaremos dese modelo de FP, do ensino rural, de ratios desmesuradas en moitos centros, do exceso de horas docentes, de recortes no profesorado. E cómpre tamén nun día como o de hoxe facer mención, por certo, a este Día da Muller, este día para a reivindicación da igualdade real. Hoxe falarase aquí, entre outros asuntos, tamén de corresponsabilidade. ¿Como non? As palabras quedarán baleiras se non falamos de recursos, e a educación é un dos piares básicos nesta loita feminista contra unha sociedade patriarcal que en tantos ámbitos segue a aferrarse a privilexios históricos dos homes á custa da desigualdade de nós, as mulleres. A formación e educación en igualdade, ¡que importante é!

E nun momento, por exemplo, chave para o desenvolvemento da formación profesional échese nos a boca falando de capacitación para o mercado laboral, do aumento nas matriculacións, esquecendo a grave fenda de xénero que afecta a FP. As matriculacións que representan, segundo os distintos ámbitos de formación, a permanencia dos estereotipos de xénero, e con iso as menores posibilidades laborais. Hai moito que facer no ámbito da igualdade educativa porque non vale celebrar hoxe isto como unha efeméride anual máis.

E precisamente dicía vostede hai escasos días que o secretario xeral de Educación comparecía neste parlamento en comisión para presentar esa nova Estratexia de formación profesional galega 2030. Ficamos ao final coa sensación de que tras perder anos por non ter avanzado nun plan ambicioso específico para Galicia, agora, que estamos nun momento histórico falando de formación profesional, froito dun intenso proceso de participación, temos esa nova lei orgánica a nivel estatal que conta cun amplísimo respaldo político. Toda a Cámara, todos os partidos políticos, a excepción do Partido Popular, que votou en contra, respaldaron a nova lei orgánica do Partido Socialista. Señor conselleiro, o seu partido foi a única das vinte e tres forzas con representación no Congreso que votou en contra desta lei, que ten un orzamento de catro mil millóns de euros. (*Aplausos.*) Porque en educación —como dicíamos— o que manda para o Partido Popular é a cuestión ideolóxica e política. Nunca unha lei educativa saíu da cámara con tanto respaldo político coma esta.

E por iso vostedes veñen cubrir ese expediente e presentando esa Estratexia galega de FP 2030, subíndose a un carro —e trasladabámosllo o outro día nesa comisión ao secretario xeral de Educación— sen aclarar cales son os recursos concretos cos que contribúen, de onde sairán e, sobre todo, con quen contaron para deseñala. Co Consello de Formación Profesional Galego, non. A comunidade educativa e os sindicatos adoecen e están á expectativa de saber con quen contaron para deseñar e presentar esa Estratexia galega 2030.



Anunciaba o señor Feijóo —nesa rimbombancia das palabras e dos titulares— que Galicia ía vivir con esa estratexia a gran revolución silenciosa da formación profesional. E nós diciámoslle ao secretario xeral de Educación que é tan silenciosa porque absolutamente ninguén, no ámbito educativo, nos sindicatos e nese Consello Galego de Formación Profesional, coñecía o traballo que tiñan desenvolvido, cal era a diagnose, cales serían os recursos e cal é o catálogo tamén desa estratexia. Así que vostede falaba de participación e de consensos no comezo da súa intervención, cando menos resulta rechamante e mesmo atreveríame a dicir ousado.

E claro que precisamos e compartimos un plan galego ambicioso, actualizado ás necesidades e especificidades deste país, pero consultado e debatido cos órganos educativos correspondentes e baseado nun estudo real do contexto e das necesidades. Só para a formación profesional o pasado ano Galicia recibía máis de oitenta e catro millóns de euros, e se sumamos o investimento en proxectos desenvolvidos por institutos, oitenta e sete millóns de euros. Estamos a falar de investimentos históricos.

Pero diciamos que cómpre falar tamén —non vai abondar o tempo— de ratios, de ratios reais e non de medidas irrealistas nas que mesturan vostedes esas medias do rural e dos centros urbanos. Cando estamos atopando casos de ratios desmesuradas en todos os niveis educativos non universitarios e onde aínda por riba o alumnado repetidor nin conta, e hai cursos de bacharelato con trinta e sete e trinta e oito alumnos por aula.

Tamén queremos falar das circunstancias complicadas, máis complicadas este curso, con menos persoal porque vostedes despediron eses profesores de reforzo, cun aumento do número das alumnas e dos alumnos que precisan atención específica de reforzo por distintas situacións, consecuencia tamén máis da crise e das crises que derivaron á súa vez da covid.

E de dialogar e escoitar nesta consellería —insistimos— xa temos comprobado que semellan palabras que non forman parte do seu dicionario. Por iso, para rematar —e logo afondaremos noutras cuestións—, lembramos que é posible consensuar e dialogar. Isto acontece coa Lei estatal da FP. E miren: no ano 2007, a Consellería de Educación, no Goberno presidido por Pérez Touriño, xunto a todas as organizacións sindicais, subscribiron un acordo histórico que nos situou á cabeza do Estado, rebaixando o horario presencial nos centros de trinta a vinte e cinco horas; modificándose tamén a docencia en aula para mestres a vinte e unha horas, e mantendo en dezaioito na secundaria. No 2011, vostedes borran do mapa ese horario e aumentan as horas, e xa coñece as consecuencias na calidade, tanto no ensino como nas condicións de traballo das profesionais. E esta é, conselleiro —vostede sábeo—, unha das reivindicacións unánimes apoiadas por todo o arco sindical.

Polo de agora, máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Lourenzo Sobral.



**O señor LORENZO SOBRAL:** Moitas grazas, presidente.

Moi bo 8 de Marzo a todas e a todos.

Eu, señor Rodríguez, que o escoitaba —como sempre fago e trato de facer— con moita atención e con moito respecto, preguntábame conforme ía avanzando a súa intervención se para esta viaxe facían falta todas estas alforxas. E quero dicir que nós estamos encantados, que sempre é unha ledicia telo a vostede aquí neste parlamento, que compareza. Pero, claro, se as súas comparencias se van reducir unha vez máis a esta *laudatio* hiperbólica, a este fachendo permanente, pois eu, señor Rodríguez, creo que sería moito máis acaído que vostede trasladase estas intervencións á sala de prensa en San Caetano, (*Aplausos.*) ou que mesmo as retransmitise na Televisión de Galiza; agora que están afeitos a que lles retransmitan ata os actos do Partido Popular. (*Aplausos.*)

E xa que estamos pouquiño a pouco afacéndonos a estas comparencias homerianas —«homerianas» non de Homero, o da *Odisea*, «homerianas» é máis de Homer Simpson; non sei se segue vostede *Os Simpson*, non sei se lle gustan, señor Rodríguez, eu creo que son recomendábeis—. Pero dicía Homer unha cita que eu creo que vai como anel ao dedo: «Hai tres pequenas frases que te axudarán sempre ao longo da túa vida; unha desas frases é “Boa idea, xefe”, a outra é “Xa estaba así cando eu cheguei” e a terceira é “Foi culpa del”». E, señor conselleiro, nós de verdade que sabemos que andan con lío, que tiveron unhas semanas de axetreo ultimamente e que igual non estaban para atender a comunidade educativa deste país. Ao fin de contas, a súa comparencia foi: cárgame aquí de plans de estratexias variadas que total, ao final, nós o único que facemos é a nota de prensa e queda todo en papel mollado.

Pero nós, conselleiro, cremos que a comunidade educativa deste país non ten por que padecer as navalladas do Partido Popular nos últimos tempos. (*Aplausos.*) E non lle teñen a culpa porque eu creo que está ben xa de padecer as consecuencias das súas políticas, como, por exemplo, termos un profesorado ao límite cunha carga horaria e unha carga burocrática sen ningún outro referente na historia do ensino galego. Consecuencias como unhas ratios por aula, sobre todo nos ámbitos urbanos, que dificultan moitísimo o traballo.

E sei por onde me vai vir vostede, vaime facer ese *totum revolutum*, esa media das horas... Pero, mire: como aquí estamos para chegar a acordos, eu fágolle unha proposta —mañá non, que temos pleno—, pero eu o xoves plántome en San Caetano, compartimos un café, e se vostede o ten a ben pois dáme o artigo 9 ese que lle teño pedido e que vostede ten a obriga de dar-me sobre as ratios urbanas deste país. (*Aplausos.*) Entón, así podemos deixar de estar especulando e falamos con datos enriba da mesa. (*Aplausos.*)

Consecuencias, por exemplo, como os efectos da pandemia que continúa a ter a respecto da saúde mental en efecto na comunidade educativa. Outra proposta, señor conselleiro, que lle facemos: se —como acaba de recoñecer— hai unha necesidade a ese respecto, academos un acordo este venres na Comisión 4ª, de Educación, que imos levar tamén unha iniciativa neste sentido.

E, claro, despois empezamos co de sempre: o autobombo, a hipérbole... E vén vostede aquí —é que eu quedo estupefacto, señor Rodríguez— presumir da taxa de idoneidade. Di vostede:





«temos unha taxa de idoneidade da que estamos orgullosísimos». E, claro, señor Rodríguez, é que o problema é que a taxa de repetidores que temos neste país non é que dobre, non é que triplique, é que cuadriplica a taxa de repetidores que está a recomendar a OCDE. É que Europa recomenda que teñamos un tres por cento de repetidores, e nós agora mesmo en terceiro da ESO, señor Rodríguez, temos un 12,6 por cento de repetidores. É a terceira taxa de repetidores máis alta de Europa. ¿E vostede vén aquí presumir dese dato, señor Rodríguez?

E, de verdade, cando estamos a falar dunha porcentaxe que debería facer saltar todas as alarmas, ¿que é o que veñen dicir vostedes?, ¿que van implementar medidas para solucionar isto?, ¿que van implementar recursos?, ¿que van dotar os centros de persoal? Non, o que nos veñen dicir vostedes é que os alumnos e as alumnas son uns vagos e que agora coa nova lexislación educativa van aprobar todos e xa van deixar de estudar e de aprender. Señor Rodríguez, non semella serio. Como creo que tampouco é risíbel que teñamos unha taxa de repetidores en terceiro da ESO do 12,6 por cento.

Pero outras consecuencias, como, por exemplo, que teñamos un ensino rural abandonado, no que se están a denunciar problemas de transporte día tras día.

Este é o espello da realidade que están a trasladar non o BNG, que sería —digamos— parte do lexítimo debate parlamentario. É que o problema, señor Rodríguez, é que todas estas cuestións que estamos aquí traendo son cuestións que lle están trasladando representantes do alumnado, representantes das familias, das ANPA, representantes do profesorado no Consello Escolar e nas mesas sectoriais, sen que ata o de agora o único que atopemos, a única resposta que nos veñen dar por parte da consellería sexa máis nada que notas de prensa, que grandes titulares —despois agardo que na réplica me dea tempo a poder avaliar un pouquiño máis polo fondo—. Non se concretan en absolutamente nada.

Polo tanto, eu das súas intervencións non teño tempo para afondar en todo o que quixese en todos eses datos, pero creo que hai dous eixos que eu creo que si é importante que nos centremos, señor Rodríguez: primeiro, a igualdade no ensino galego; despois, falar un pouquiño tamén desa nova lexislación educativa e, despois, quería rematar cunha proposta, a ver se somos capaces de acadar ese acordo.

Empecemos: igualdade. Vostede, señor Rodríguez, moito laciño morado, pero aquí de igualdade falou pouco ou nada. (*Aplausos.*) Fíxese: dende o ano 2016 no que aprobaron o primeiro Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos non foi ata setembro do curso 2019-2020 que vostedes deron a instrución para que se implementasen eses plans de igualdade. Instrucións que o único que contribuíron foron a unha maior carga burocrática, sen ningún tipo de recurso, sen ningún tipo de medidas concretas, que o que motivaron foi que finalmente en moitos centros aínda no día de hoxe non estean implementados eses plans de igualdade, e noutros teñan un uso absolutamente litúrxico. Chámanlles os plans de «cumplimento», é dicir, *cumplo y miento*, porque son imposíbeis de executar nos centros de ensino. (*Aplausos.*)

Segregación, señor Rodríguez. Unha pregunta que lle fago por se ten a ben contestarnos: ¿vostede considera que é compatíbel a igualdade no ensino, un ensino coeducativo e un ensino feminista, mantendo concertos que segregan os nenos das nenas? (*Aplausos.*) Cando



vostedes chegaron a este goberno estaban os trámites iniciados para suprimir eses concertos. O primeiro que fixeron cando chegaron ao goberno foi reactivar estes concertos. Señor Rodríguez, levan quince anos incumprindo o artigo 11 da Lei de traballo en igualdade das mulleres. E as profesoras deste país segue sen plans de igualdade nos seus centros de ensino.

Señor Rodríguez, dicíao nas súas comparecencias «homerianas», está moi ben vir aquí con estas cuestións, con declaracións de intencións, mais, ao final, a culpa é doutros, cando cheguei xa estaba aquí e a realidade non se transforma.

LOMLOE, señor conselleiro. É que é fantástico; nós agradecemos moitísimo e compartimos a prása que teñen en que se publiquen ese currículos. ¿Sabe o que pasa, señor Rodríguez? É que vostedes cando tiveron a responsabilidade de publicar eses currículos non só tardaron uns meses, é que tiveron que demorar o inicio da implantación da Lei Wert porque foron incluso capaces de trasladar eses currículos dun ano para outro. E podería dicir: claro, como a nós o que nos preocupa é o ensino galego, pois o Partido Popular estivo preocupado, estivo belixerando... Non, non, aquí houbo comunidades do Partido Popular que si se rebelaron daquela contra a Lei Wert pola demora dos currículos. ¿Sabe cal foi a resposta do Partido Popular de Galiza, señor Rodríguez? Esta mesma: o silencio, chitón, mutis polo foro.

Polo tanto, señor Rodríguez, entendemos que aquí hai cuestións que se deben afondar, e creo que a mellor maneira que temos de verificalas é tirar desa maldita hemeroteca.

Fíxese, ano 2014-2015, dicía a persoa representante do Partido Popular — a hemeroteca é o que ten —: «*En Galicia siempre se han aplicado las leyes orgánicas con el PP o con el PSOE, y también se aplicará esta*». Dicía Manuel Corredoira. ¿Que di agora Román Rodríguez, conselleiro de Educación? Imos facer todo o posíbel para que LOMLOE non se aplique en Galicia. Pequenos cambios e pequenas transformacións, señor Rodríguez.

Polo tanto, nós coincidimos. Os currículos deben implementarse canto antes, deben enviarse. Coincidimos en que hai unha demora obxectiva por parte do Goberno do Estado. Coincidimos en que vostedes tamén, señor Rodríguez, temos que dicir que en ningún momento foron partidarios de que as comunidades autónomas tivesen ese peso na elaboración dos currículos. E tamén creo que é obxectivo dicir que vostedes ao que se reduciron nos últimos tempos foi a traducir simplemente os currículos que lle mandaban de Madrid.

Polo tanto —e remato xa, señor presidente—, a nós gustaríanos rematar esta comparecencia, porque a situación e os retos que ten por diante o ensino público son importantes, nesta comparecencia do 8-M propoñéndolle tamén —¡fíxese!— oito medidas pola educación pública neste país. Facémolle unha proposta de acordo, e gustaríanos que vostede na súa segunda quenda da intervención nos diga día e hora.

Primeira proposta, señor Rodríguez: Plan de igualdade para o profesorado e alumnado en todos os centros educativos dotados de persoal e recursos.

Segunda proposta: demandar das universidades que se imparta a materia de igualdade no máster docente.



Terceira proposta, señor Rodríguez: eliminar a segregación educativa nos centros de ensino galego.

Cuarta proposta, señor Rodríguez: plan de atención á saúde mental no ámbito educativo.

Quinta proposta: contratación de profesorado no ensino público.

Sexta proposta: acordo pola normalización lingüística.

Sétima proposta: recuperación do horario e das condicións laborais do profesorado.

E oitava proposta: plan por un ensino rural.

Se vostede, señor Rodríguez, está por modernizar o ensino público deste país,...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** ...por apostar polo futuro, pode contar con esta man tendida que aquí lle deixamos. Se, pola contra, o que vostede quere é seguir con estas *laudatios*, con este autobombo permanente, síntoo pero non conte co BNG.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lourenzo Sobral.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario Popular, señor Rodeiro.

**O señor RODEIRO TATO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, moi bos días.

Señor Lourenzo, a educación non estivo desamparada na última semana. A educación é un compromiso serio e formal de toda a Xunta de Galicia para traballar por ela. Posiblemente quen está desamparado é o propio BNG, que non sabe que está máis preocupado polo presidente Feijóo que por Ucraína, posiblemente sexa iso.

Señor conselleiro, moitas grazas por comparecer hoxe nesta cámara, por facelo a petición propia, para debater sobre o modelo educativo de Galicia e para adiantar tamén como adiantou aquí as principais liñas de traballo nas que se vai sentar a acción de goberno desde a etapa infantil ata a universitaria.

E ben é certo que Galicia conta cun modelo educativo propio, un sistema educativo que se basea na permanente procura da calidade, da igualdade de oportunidades, da equidade e do plurilingüismo. Un sistema que pon no centro da súa acción o alumnado e o profesorado.



Esta pandemia, que, desde logo, trouxo unha crise sen precedentes en todos os ámbitos, supuxo tamén o maior reto da historia ao que se enfrontou nunca o noso sistema educativo. Por iso desde este grupo parlamentario queremos unha vez máis destacar e agradecer o esforzo suplementario de toda a comunidade educativa. E ademais do esforzo tamén lle debemos agradecer o compromiso e a súa capacidade de adaptación ás novas medidas excepcionais que trouxo a pandemia.

Foron novas medidas adoptadas para abordar este curso de transición en Galicia, que supuxo un investimento extra para este curso de 140 millóns de euros. Señorías, 140 millóns de euros extra aportados única e exclusivamente pola Xunta de Galicia, porque o que é dicir neste investimento o Estado non aportou un só céntimo. E que contou con dous mil noventa e cinco profesores máis que antes da pandemia.

Un plan de medidas que, entre outras vantaxes, facilitou que Galicia sexa a comunidade autónoma de España con menor incidencia da covid no sistema educativo. Por iso, señor conselleiro, cremos imprescindible seguir o camiño xa iniciado, continuar mantendo ese esforzo e seguir traballando tamén para reforzar o ensino galego, como ben anunciou aquí cun longo paquete de medidas.

Polo tanto, un esforzo por potenciar todo o labor da consellería, que se traduce neste ano 2022 no orzamento máis elevado da historia da consellería: 2.753 millóns de euros, cun crecemento de máis do vinte por cento na área, por exemplo, de investimentos. Un orzamento que serve para blindar e garantir a calidade e a equidade do noso sistema educativo.

Mais este sistema educativo do que nos dotamos os galegos tamén require do Estado un marco estable e consensuado coas comunidades autónomas, como ben se dixo aquí. E vemos e temos que dicir que desde este grupo parlamentario o vemos con preocupación porque este marco estable non existe; porque o Goberno central aprobou a chamada Lei Celaá, que é un auténtico despropósito, e o seu desenvolvemento aínda está sendo máis caótico; porque é unha lei profundamente partidista e ideolóxica; porque restrinxe o dereito a decidir das familias; porque queren facer da lingua unha causa de conflito en vez dunha ferramenta para o entendemento; porque renunciaron aos dous anos de traballo e aos cincuenta comparecetes no marco do Pacto de estado pola educación. Señor Lourenzo, este foi o motivo polo que o Goberno anterior deixou de aplicar medidas para intentar chegar a un pacto de estado no Congreso e no Senado. Un pacto de estado no que compareceron moitísimos profesionais, e un pacto de estado que este goberno tirou por terra nada máis chegar. Polo tanto, creo que as cousas hai que chamalas polo seu nome.

É unha lei que, desde logo, entendemos desde este grupo parlamentario que non serve para mellorar a educación, senón que serve para contentar os socios independentistas do goberno, que só desbloquearon a aprobación dos orzamentos xerais despois de que se aprobara a Lei Celaá. É unha realidade. Eu xa sei que ás veces as realidades non gustan.

Pero unha lei que aporta un calendario proposto pola propia lei desde un calendario de accións que se está a incumprir sistematicamente por parte do goberno e que está cambiando permanentemente as regras do xogo. Como se dixo aquí, como dicía o conselleiro, co Decreto de apro-



bado xeral, publicado na metade de curso e que vai en contra da cultura do esforzo, o único que se busca é maquillar as estatísticas da taxa de abandono escolar, única e exclusivamente.

A improvisación na aplicación da nova lei educativa afectou tamén un montón de cambios nos criterios de promoción e avaliación, e que obrigou as comunidades autónomas a buscaren solucións para adaptar o fin do curso e dar garantías sobre todo para os docentes no seu labor á hora de eliminar os exames de recuperación en ESO e titular tamén con múltiples suspensos.

Tamén, efectivamente, estes cambios están xerando distorsión nos futuros docentes. Anúncianse en Nadal, cando todo está programado. Cando os procesos de oposicións están organizados, pois anúnciase que hai unha modificación nese proceso de oposicións. Modificación na que se vai e se pretende valorar só a experiencia e non os coñecementos, atacando de novo a calidade dos docentes. Polo tanto, é unha modificación de enorme calado cando moitas comunidades —como dicía— xa tiñan en marcha os seus procesos.

Pero na aplicación, efectivamente, o maior problema que estamos vendo é ese atraso na publicación dos currículos. Mesmo a esta cámara se trouxo a debate a publicación dos currículos. A propia lei establéceo, fixa o máximo dun ano para a súa elaboración. A verdade é que os oito primeiros meses estiveron dúas ministras enredando o tema e ao final temos un enorme atraso nesta publicación.

Miren, para que se fagan unha idea: o modelo finés estivo catro anos traballando e consensuando os currículos, fronte ao modelo que temos, ao modelo sanchista, que pretenden despachalo en catro meses. Polo tanto, en catro meses e de costas ás comunidades autónomas e tamén de xeito precipitado.

Porque falta un trimestre para rematar este curso e aínda non temos os currículos, e non os farán coa antelación suficiente, polo menos os da ESO e os da secundaria. E non os farán coa antelación suficiente para que o alumnado de bacharelato saiba que opcións escoller, para que as editoriais preparen os materiais didácticos, para que os profesores se formen e elaboren as súas programacións, comprometendo deste xeito o inicio do próximo curso escolar.

Pero voules ler textualmente o que di o propio Consejo de Estado do currículo de primaria, que tiña que estar presentado o ano pasado e foi presentado a semana pasada. Di textualmente o Consejo de Estado: «Excesiva complejidad, abstracción y dificultad de llevar a la práctica el contenido de los anexos. No queda claro que contribuyan a facilitar el trabajo de los docentes en diferentes situaciones de aprendizaje». Segue o Consejo de Estado: «Hubiera sido deseable contar con un plazo ordinario de consulta y no extraordinario dada la importancia de la materia y la litigiosidad a la que se aludió». Polo tanto, insiste en que é un texto pouco claro. As cousas non hai que facelas a correr, e isto é o que se está intentando facer coa mesma velocidade que se aprobou a Lei Celaá: de costas desde logo a toda a comunidade en plena pandemia.

Pero miren que a portavoz do Partido Socialista falou de formación profesional. Falou de formación profesional e creo que é moi interesante porque a formación profesional, os verdadeiros artífices da formación profesional é o seu profesorado técnico de FP, que aínda



segue a extinguir. E segue este profesorado técnico a extinguir porque a Lei Celaá nesa aprobación atropelada olvidouse do profesorado técnico. ¡Mire que é penoso olvidarse dos profesores de FP nunha lei! E resulta que para solucionar o problema haino que solucionar con outra lei. E por iso ponse en marcha aceleradamente a Lei de formación profesional.

Polo tanto, non se preocupe se nós votamos en contra, porque se votamos en contra, señora Otero, é porque o Partido Popular ten moitos motivos. Porque esta lei a Galicia, desde logo, non lle vai aportar nada, porque Galicia é pioneira na formación profesional. Polo tanto, creo que se está facendo ben o traballo.

Xa que logo, Galicia precisa do estado un marco estable, un marco estable que recupere ese pacto de estado, un marco estable que contemple os custos da dispersión, señor Lourenzo. Pois o custo do transporte escolar en Galicia, o custo dos comedores escolares, o custo da prestación do servizo público representa un sobrecusto de 354 millóns de euros para Galicia. E gustaríame que vostedes adoptaran tamén unha posición máis acendida de defensa, porque o primeiro que fixo en pandemia o Goberno do Estado foi cambiar os criterios de repartición dos fondos europeos, nos que se lle tangaron a Galicia 36,3 millóns de euros, e vostedes estiveron moi caladiños.

Polo tanto, cando máis o precisan as familias nesta pandemia, o Goberno acaba de endurecer o acceso ás bolsas do alumnado con necesidades educativas específicas, excluindo a centos de nenos e nenas galegos con necesidades específicas de apoio educativo. E isto, desde logo, non é apostar pola inclusión.

Pero o maior recorte que sufriu o sistema educativo, señora Otero, nesta lexislatura foi o que perpetrou o propio estado ao eliminar a Orde de axudas de fondos covid para a educación, que convocou o ano anterior e este ano pasado non convocou. E iso é un recorte enorme, porque cando máis necesario é para a contratación do profesorado, o Estado dimite das súas responsabilidades, e a orde que convocou no curso 2020-2021 non a convoca no curso 2021-2022.

Polo tanto, cando falen vostedes de recortes de profesorado teñen que mirar tamén o que estiveron practicando.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor RODEIRO TATO:** Creo, señor conselleiro, que fixo vostede aquí unha serie de propostas: creación de polos creativos, centro especial de ensino dixital, traballar na estratexia da inclusión, atención á diversidade, novas estratexias de convivencia, que a este grupo nos parecen moi acertadas.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rodeiro.

**O señor RODEIRO TATO:** Moitas grazas, presidente. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.



*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Para a réplica ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o señor Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):**  
Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, eu entendo perfectamente que os grupos da oposición teñen que facer oposición e críticas ao goberno. É o xogo democrático e ten que ser así. Obviamente, tamén lles pediría que algunha vez recoñeceran a realidade e que non fagan un cuestionamento aos grandes avances e obxectivos que tivo o ensino en Galicia nos últimos anos, que, por suposto, este goberno tivo algo que ver, pero que fundamentalmente é grazas ao traballo do conxunto da comunidade educativa. Porque escoitándoos a vostedes —e eu levo tempo escoitándoos a vostedes— dá a sensación de que o ensino, igual que calquera política pública ou calquera acción de goberno, é un puro desastre. A súa literatura litúrxica non se soporta nin un só momento cando a comparamos coa realidade, cando a comparamos con datos obxectivos.

Eu nesta oportunidade que teño para facer réplicas quixera primeiramente facer unha breve referencia aos plantexamentos concretos dos partidos, do Partido Socialista e do Bloque, e despois tratar de xeito conxunto accións que os dous partidos puxeron encima da mesa.

En verdade, a intervención do Partido Socialista, da señora Otero, foi tremendamente ilustrativa dunha ideoloxía líquida, que é a que predomina no Partido Socialista. ¿E por que vou dicir isto? Porque vostede atacounos e cuestionounos por unha cousa e pola contraria; vostede defendeu unha cousa e a contraria. Vostede cuestionounos aquí que non fixésemos caso aos ditames da Comisión Interterritorial. Por unha parte, atacounos e, por outra, pídenos que lle fagamos caso. Por unha parte, dinos que no seguimento dos casos non lle fagamos caso e, por outra parte, vostede dinos que no caso concreto das máscaras lle fagamos caso. ¿A que lle facemos caso, señoría?, ¿ao que di vostede a favor ou en contra do ditame da Comisión Interterritorial?

Dá a sensación de que nesa crítica que vostede fai hai un enorme oportunismo, un enorme oportunismo moi líquido, que lle vale igual para estar nun xarrón chinés, que lle vale igual para estar nunha botella de auga mineral. Poñámonos de acordo no que facemos. *(Aplausos.)* Se facemos e cumprimos exactamente os ditames da Comisión Interterritorial, ¿si ou non? Porque non nos pode dicir vostede que para unhas cousas lle fagamos caso, máscaras, e para o caso do seguimento dos casos non. É unha cuestión que realmente é moi definitiva, como igual que é moi definitiva que agora o Partido Socialista veña aquí presumir a esta cámara da formación profesional.

Efectivamente, aprobouse unha lei fai quince días. Pero eu estou falando do traballo dunha década, de algo máis dunha década, dunha auténtica revolución silenciosa —tense dito nesta cámara moitas veces—, onde se incrementa notablemente a matrícula en Galicia, un setenta por cento. Supoño que a lei aprobada fai quince días non ten nada que ver niso, supoño. A non ser que vostedes agora digan que si. Igual que supoño que vostedes entenderán que



pasar dunha empregabilidade do corenta por cento a unha empregabilidade practicamente plena ten que ver cunha lei que se aprobou fai quince días. Ou ao mellor tamén ten que ver cunha lei que se aprobou fai quince o prestixio e a confianza que acadou esta modalidade de ensino en Galicia. Porque —permítame unha reflexión— este goberno colleu unha formación profesional cun corenta por cento de empregabilidade e colleu unha formación profesional que durante o Bipartito reducía a súa matriculación en máis de tres mil alumnos. A partir de aí, se vostede pensa que o gran traballo que se fixo nos centros educativos de formación profesional, onde o profesorado tivo un papel absolutamente fundamental, é grazas a que fai quince días vostedes aprobaron unha lei, ben, pois darémolle a razón, pero realmente é un pouco atrevido dicir isto que, afortunadamente, grazas a que se aprobou unha lei fai quince días, toda a traxectoria histórica dos últimos anos fixo posible que a FP gañase claramente en confianza e gañase claramente en prestixio. *(Aplausos.)*

E tamén é unha afirmación moi líquida o que vostede di aquí de diálogo e de consenso. Eu pódolle dicir como responsable dunha administración leal e colaborativa que a principal fonte de información para a Xunta de Galicia respecto ás medidas que tiñamos que implementar para desenvolver a LOMLOE ou outras eran os medios de comunicación. Sempre nos enteramos das grandes accións ou dos grandes proxectos que implementaba o Goberno de España a través dos medios de comunicación. Despois aos dous días chegábanos o documento. É así.

As alegacións que se fixeron. ¿Sabe cantas alegacións fixo esta consellería a reais decretos e a decretos e cantas foron aceptadas? Para que vostede veña aquí falar de diálogo e de consenso. Se vostedes racharon o Pacto pola educación que estaba practicamente culminado, cun grandísimo traballo conxunto nos últimos meses do Goberno Rajoy. Está moi ben a retórica, está moi ben que vostedes falen de diálogo, que falen de consenso, pero practíqueno un pouco. Só lles pedimos que o practiquen un pouco, e seguramente será mellor para a saúde de Galicia e do conxunto de España.

E respecto aos plantexamentos xerais do señor Lourenzo, do Bloque Nacionalista Galego, ben, o señor Lourenzo vive no seu propio imaxinario, no imaxinario político do BNG. É obvio que tamén nesta intervención vimos que xa hai un carácter máis internacional nas súas referencias intelectuais. Pero certamente segue un pouco nos seus mantras. Aquí plantexa a Lei d'Hondt, veu falar da Lei Wert. Ben, se falara un pouco máis da Lei Celaá estaría máis na realidade, bastante máis na realidade. *(Aplausos.)*

E fala tamén da igualdade. Mire: vexa vostede unha comparativa do respecto dos alumnos das diferentes comunidades autónomas respecto a unha serie de valores, entre eles a igualdade de xénero. E diga vostede nesa estatística, que é unha estatística non feita polo goberno, senón feita por un organismo internacional, que comunidade autónoma ten un maior recoñecemento á igualdade de xénero. Levará unha sorpresa. E vostede negarao ou dirá que ese informe non vale para nada. É a súa realidade paralela. Pero, ao final, creo que todo o que fagamos neste ámbito, como en moitos máis, sempre será pouco. Pero tampouco cuestione nin poña en evidencia que non existen políticas activas e transversais nos centros educativos para favorecer a igualdade entre as persoas, porque existen e son coñecidas. Agora é un problema xeral da sociedade, non o intente focalizar só nun eslabón —importantísimo da sociedade— pero nun eslabón da sociedade.





Despois vemos tamén que plantexan as críticas —eu denomínoas— «de serie», porque son as que saen sempre, que están nos seus discursos, pero que unha vez que as cotexas coa realidade francamente caen. Falan constantemente de recortes, recortes, recortes; é a súa palabra máxica. Falan de que hai menos profesores que outros anos. Miren: hai máis de dúas mil contratacións respecto ao ano prepandémico, máis de dúas mil novas contratacións se fixeron. Temos a ratio —xa sei que non lles gusta este dato— de profesores/alumnos mellor de España, despois de Cantabria. É un dato que non importa nada obviamente. Igual que tampouco importa nada saber que no conxunto de España temos o tamaño dos grupos —que ese xa é un dato máis específico— dos mellores de España, que é o segundo en infantil, o terceiro en primaria, o cuarto en ESO e, moi importante, o primeiro en educación especial.

Tamén falan de calidade de profesorado. ¡Home!, pois a estabilización é importantísima para ter un profesorado comprometido co ensino e dar calidade ao ensino. Galicia ten unha das taxas de interinos máis baixas de España, o 8 por cento; a media de España está no 25 por cento; algunhas comunidades autónomas están no 40 por cento. Oia: aquí estabilízase o profesorado, xa que este goberno leva feito unha media —uns anos con outros obviamente— de mil prazas de convocatorias para profesores funcionarios durante o período Feijóo, mil prazas de media ao ano. (*Aplausos.*) Estamos a falar de xustamente 12.936. Quero dicir que hai un compromiso pola estabilidade e pola calidade do profesorado.

E despois tamén outro dos seus mantras xerais, que é a discriminación no ensino rural fronte ao urbano. Galicia é un distrito educativo único, onde a calidade educativa, os resultados, os proxectos, os programas, as accións son idénticos. As oportunidades son iguais no medio rural que no medio urbano. Iso si, hai un sobrecusto no medio rural, derivado fundamentalmente da dispersión demográfica; algo que é normal e obxectivo. E aí está a rede de centros educativos que temos en Galicia, aí está o custo, por exemplo, ou o investimento —como se queira dicir— que ten o transporte escolar, que teñen os servizos complementarios, que teñen os comedores. É dicir, se falamos de resultados, se falamos de recursos pedagóxicos, Galicia funciona como un distrito único, afortunadamente, e é de xustiza social facelo así. Obviamente, sempre vai haber algún problema nun sitio, sempre vai haber algún problema noutro sitio, sen dúbida ningunha. Pero eu creo que é de xustiza recoñecer o sobreesforzo que fai Galicia para manter o ensino, para manter o ensino no eido e no mundo rural.

E outra cuestión que realmente me sorprende que non a traten —tratouna o BNG un pouco de refilón— é respecto á preocupación obxectiva que ten o conxunto da comunidade educativa, que temos dende o ámbito da consellería, referente xa non só a que a progresiva implantación da LOMLOE, apresurada, como se viñeran detrás deles como *el cobarde cuando corre*. Porque non entendemos como hai tanta prisa para implementar unha lei, modificando as regras de xogo na metade de partido, xerando uns cambios en aspectos como as oposicións, o decreto de avaliación, o decreto de promoción. Eu pregúntome por que, pois «correr é de covardes», que di a canción. Non entendemos por que hai esta prisa brutal para implementar unha lei. Unha lei que estamos vendo e se verá que reduce a calidade, a equidade e a igualdade no sistema educativo. Non o entendemos, a verdade.

O que si vemos é que parece que non existe esa preocupación, pois é unha preocupación moi seria, porque vai afectar moitísimo —e eu xa a vivín noutra etapa— a organización dos cen-



tros educativos de xeito inmediato. E parece unha grande irresponsabilidade que a estas alturas non teñamos aínda aprobados os decretos tanto da ESO coma dos bacharelatos. Hai uns días aprobouse o de primaria; estaba anunciado que se ía aprobar en decembro, aprobouse tres meses despois.

Mire: temos que formar os profesores. Imos ter problemas, vai haber problemas para facer os horarios. Na ESO e en secundaria vai haber novas asignaturas, vanse reducir os itinerarios. O alumno, ¿que pode elixir? En bacharelato vai haber novas modalidades de bacharelato, vai haber novas asignaturas. ¿Como formamos os profesores?, ¿cal é o currículo?, ¿cales son os materiais didácticos?, ¿que fai o sector editorial? É dicir, hai unha serie de cuestións que realmente son cando menos rechamantes. E iso estanos levando a facer unha planificación provisional con toda a prudencia do mundo para poder implementar a lei. Porque, que non o dubide ninguén, nós somos unha administración leal e seria que imos cumprir a lei, gustaranos máis ou menos. Agora, imos cumprila como nos gusta dicir «á galega», intentando que os efectos desta mala lei impacten o menos posible nun modelo educativo que ten demostrado que funciona.

E non lles compro, señorías, o seu argumento de que isto o facemos por ideoloxía ou que o facemos por política. Miren: somos moi críticos, tremendamente críticos coa implementación da LOMLOE, tremendamente críticos; creo que non digo nada novo. Pero nós tamén somos capaces de cooperar. Hai uns días estivo aquí a ministra de Educación, eu reuníme con ela e falamos duns aspectos nos cales imos cooperar en todo o que ten que ver coa profesión docente, coa reforma necesaria da profesión docente.

Non é que por parte do ministerio se traia nada novo neste momento, pois gran parte dos principios que plantexa o Ministerio xa foron tratados, xa os abordamos no conxunto das comunidades autónomas a finais do 2017 e 2018, precisamente no Pacto de estado. Eu brindeille neste caso ao ministerio a capacidade para cooperar cun modelo que nós temos xa anunciado, temos xa deseñado, pero que, obviamente, o ten que implementar o Estado.

Esta é unha cadea de valor que afecta, primeiro, o sistema de acceso á formación inicial; a modificación da ABAU, por suposto, que afecta un segundo eslabón, que é o acceso á universidade.

Respecto á reforma do plans de estudo, nós temos xa un documento que puxemos encima da mesa, que son as competencias docentes que un profesor nesta sociedade cambiante neste momento actual debe manexar, debe usar para poder trasladar aos alumnos.

Un terceiro eslabón desta cadea ten que ver coa organización da función profesional —algúns chámanlle «mil docentes»—. Máis alá do nome, o que importa é que temos que reorganizar o acceso á formación docente, ben sexa cunha redefinición do máster, ben sexa cun cambio das oposicións.

Nós ofrecemos esa experiencia que temos, e dixémosllo á ministra. E aí non temos ningún problema en cooperar e en traballar conxuntamente. Como tampouco no terceiro eslabón, que ten que ver coa carreira profesional docente, coa formación continua do profesorado. Non hai ningún problema.



Por iso non veñan aquí agora á simplificación de que as críticas á LOMLOE son críticas baseadas na ideoloxía, son críticas baseadas na política. Non é certo, porque así como somos moi críticos cunha mala lei que prexudica e vai prexudicar a calidade, a equidade e a igualdade, tamén queremos traballar e colaborar nunha acción, que é a reforma da profesión docente, que entendemos que é vital para o presente e tamén, sobre todo, é vital para o futuro. *(Aplausos.)*

E xa remato cunha reflexión. Eu estou tremendamente orgulloso do sistema educativo galego. E cando digo isto non é un autobombo, non o entendan en ningún caso como autobombo, ou enténdano, tanto me dá... *(Murmurios.)* Este orgullo é un recoñecemento, un recoñecemento á comunidade educativa. Xa o dixeran en moitísimas ocasións: todo está moi ben, todas as liturxias están moi ben, pero, ao final, o que importan son os resultados comparativos. E unha vez coñecidos e unha vez expostos os resultados nalgunhas das principais variables que miden a calidade, que miden a equidade, que miden, en definitiva, a saúde do sistema educativo, creo que realmente deberían ser moito máis prudentes nas súas reflexións e nas súas críticas políticas.

Obviamente, unha política pública non é un fin en si mesmo, é un medio, e é un medio fundamentalmente para dar oportunidades aos nenos, ás nenas, aos mozos, ás mozas de hoxe, que van ser os galegos e as galegas de mañá. E nós traballamos nesa liña.

Poderemos equivocarnos, sen dúbida; poderemos facer cousas mellor ou peor, sen dúbida. Pero os resultados comparativos, as tendencias temporais que temos e as dinámicas dos últimos anos poñen en evidencia que o sistema educativo galego é un bo sistema educativo. E grazas —como xa digo— ao constante traballo, implicación, motivación e ilusión do profesorado, das familias, de todo o conxunto da comunidade educativa.

E nós queremos —e xa remato— un modelo que dea oportunidades, que nos prepare para o futuro e que se sustente en catro piares: na calidade, na equidade, na igualdade de oportunidades e na formación en valores.

Creo, señorías, que a crítica política é lícita, pero tamén lles pido nese sentido que fagan un mínimo de recoñecemento a un sistema educativo onde a Consellería, o conselleiro e o Goberno teñen unha parte —non vou dicir se a maior ou a menor; para vostedes será superflua, para nós pois é significativa—. Pero o conxunto dos resultados aválanse nunha progresión constante e nun traballo constante, que, ao final, o que importa —como xa digo— son os resultados educativos, que afortunadamente nos últimos anos van en boa liña e posibilitan mirar para o futuro —penso— cun grande optimismo e cunha mellor situación que a que tiñamos hai algúns anos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Abrimos unha apertura de rolda especial de aclaracións con dúplica do goberno.



En nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Otero Lago.

**A señora OTERO LAGO:** Señor conselleiro, non retorza vostede a verdade, que esa falta de diálogo e de non exercitalo deriva nese problema de escoita activa, porque retorce vostede absolutamente o que nós plantexabamos e lle achegabamos en relación con esas medidas de desescalada. Esta en ningún momento entramos a criticar como tal; simplemente pedimos a mesma aclaración que está pedindo a comunidade educativa. Pregamos que non faga deixacións de funcións por cuestións de interese político do presidente da Xunta de Galicia de estar confrontando unha e outra vez co Goberno do Estado, acatando as decisións cando interesa e dicindo non cando non interesa para ocupar ese espazo mediático.

O que pedimos é sensatez e que sexan claros coa propia comunidade educativa, (*Aplausos.*) que onte lle din que non van facer seguimento dos contactos estreitos porque a situación epidemiolóxica está moi ben, e somos a singularidade a nivel estatal nos patios exteriores das escolas. E preguntamos: ¿cales son os motivos? E se existen eses motivos e existen esas directrices, trasládenas aos centros educativos, e non un email dicindo que no Consello Interterritorial se decide isto, que as poden sacar, pero nós aquí en Galicia dicimos que non. Fin, fin da cita. Iso é irresponsabilidade e deixación de funcións.

Insistimos: o que pedimos é que nós con toda lealdade e igual que a comunidade educativa é que teñan unhas directrices claras e que asuman vostedes na consellería o que teñen que asumir: as directrices clínicas. ¿Por que están en contra do que recomenda a Asociación Española de Pediatría? Argumenten por que e argúmentenlle aos centros de ensino educativos, simplemente. Así que non retorza vostede as nosas palabras.

E nós dicíamos que non queríamos tampouco desaproveitar este debate e a súa comparecencia sen deixar de falar do rural, porque seguen castigando co peche das escolas e con decisións que toman pola porta de atrás.

Plantexamos cuestións concretas que vostede non aclarou. Por exemplo, plantexamos tamén unha en concreto, como é o que está acontecendo en Chantada arestora. Acabamos de denunciar desde este grupo parlamentario o escurantismo da consellería sobre a fusión do IES Val do Asma e o IES Lamas das Quendas, que afecta cento vinte e oito estudantes que están agora mesmo facendo ESO e bacharelato. Nunha xuntanza na consellería díselles que o vindeiro curso eses estudantes serán trasladados de instituto, pero logo pública e oficialmente nin confirman nin desmenten. E isto está provocando un gran malestar entre as familias, entre a comunidade educativa e, sobre todo, entre as alumnas e os alumnos. Aumentar e potenciar a oferta de FP no IES Val do Asma non debe producirse en detrimento dun recorte que existe. Cómpre traballar, conselleiro, con máis sensibilidade neste tipo de institutos que están situados en zonas rurais para non obrigar a que esa falla de servizos, esas decisións que veñen tomando nestes últimos anos sigan abocando as mozas e os mozos a marcharse a localidades máis grandes.

Por outra banda, a Confederación de ANPA de Galicia acaba nas últimas horas de solicitar unha xuntanza para abordar a preocupante situación dos alumnos de bacharelato e de FP



que estudan nunha localidade diferente da súa residencia, xa que ao ser unha etapa non obrigatoria non teñen dereito a transporte escolar. Temos un problema gravísimo de vertebración no territorio no que se refire ao transporte público, pero tamén estrutural da educación; falamos do rural e falamos tamén das cidades.

Falabamos antes do problema desmesurado das ratios, e levan prometendo e incumprindo, por exemplo, ese novo mapa escolar da cidade de Vigo. ¿Cantos anos, conselleiro?, ¿doce? O responsable da consellería territorial, o señor César Pérez Ares, penso que hai dez anos que anunciou que ese mapa xa estaba case elaborado; tamén no ano 2017. Agora mesmo, que estamos en pleno proceso de matrícula, ¿sabe vostede o que están a padecer alumnas e alumnos que teñen que escoller instituto, nomeadamente, por exemplo, dun barrio como o de Navia, por non ter adaptado nestes anos a zonificación e o mapa escolar á realidade demográfica da cidade de Vigo? *(Aplausos.)* E xa non lle pregunto por ese instituto que tamén estaba anunciado... Miren: eu son como os e as dez mil que viven alí, e veciña de Navia. Non tiña nin filla, e xa anunciaran vostedes un instituto. Ten agora dez anos, e nin colleu escola infantil, nin praza no colexio público que había alí. E polo camiño que levan, penso que o instituto público en Navia tampouco.

En fin, falemos do que falemos —e como quedan trinta segundos— e falabamos de que estamos neste día no que temos que reivindicar, e durante todo o ano, a igualdade, que a Consellería de Educación —e vostede ademais é titular de Cultura— ten moito e moito que dicir sobre os modelos. Ben, pois o seu goberno e a súa consellería quizais deberían tomar algo de nota do que está acontecendo na Televisión de Galicia. É algo que nós discutimos e debatemos no seo da Comisión de Control da CRTVG. Pois falar de a canto vai o gramo de cocaína como pregunta cultural nun programa pensamos que non é o máis axeitado; *(Aplausos.)* poñer a mulleres coñecidas do mundo da comunicación a facer retos nun programa de televisión na que se meten coa súa manicura, coa súa vestimenta, e o reto é ir a sacarles o seme aos touros, tampouco. Si, aconteceu esta temporada na Televisión de Galicia. Que o descoñeza aínda é máis grave. Que descoñeza todo isto aínda é máis grave, conselleiro, porque vostede é o responsable de educación e cultura deste Goberno galego.

Así que tal día como hoxe eu penso que deberíamos facer unha reflexión importante sobre os modelos e a importancia que lle damos a certas cousas e certos valores de xeito transversal, comezando pola súa consellería. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Lourenzo Sobral.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** Grazas, presidente.

Concordo, conselleiro: correr é de covardes. O problema é que andou todo o mes de xullo deste curso coa lingua fóra, suprimindo profesores nos centros de ensino con absoluta nocturnidade e con absoluta aleivosía. Polo tanto, está moi ben que critique unha cousa, pero aplíquese o conto, por favor.



Seguimos, LOMLOE. Eu estou convencido de que que vostedes critiquen o goberno cando gobernan outros e calen cando gobernan vostedes non é unha cuestión de ideoloxía, é unha cuestión, se cadra, de memoria. Polo tanto, como isto é unha evidencia, señor Rodríguez, mire: rabos de pasa para solucionar ese problema, e acabouse a cuestión.

Igualdade. É que, señor Rodríguez, nós o único que lle queremos trasladar aquí é que vostedes non teñen feitos os deberes no ámbito educativo. ¿Onde están os plans de igualdade para o profesorado que tiñan a obriga de ter implementados dende o ano 2007?, ¿onde están, señor conselleiro? ¿Que é o que está a acontecer cos plans de igualdade do alumnado? ¿Que é o que está a acontecer coa matrícula de formación profesional, que hai un desequilibrio evidéntísimo entre homes e mulleres, e os seus directores xerais veñen a este parlamento dicir que resulta que non van á FP por tradición? ¿Que é o que está a acontecer cos centros de ensino que separan homes e mulleres? Isto que lle estamos a dicir é o seu espello, é a súa política de igualdade, señor Rodríguez.

PISA. PISA é unha fotografía que todos temos en conta, por suposto que hai datos —fíxense— que poden ser positivos e moitas comunidades e moitos países e tal, pero é que eu creo que PISA non é para que vostede veña aquí facerse un *selfie* á conta do traballo dos profesores. E o que vostede ten que intentar avaliar en PISA é poñer medidas para solucionar algúns datos que tamén dá PISA, que, se cadra, non son tan para tirar foguetes, señor Rodríguez.

Comprensión lectora, perdemos catorce puntos no último ano. Autoeficacia, estamos na metade para abaixo do estado. Empatía, sextos pola cola. Intereses por outra cultura, de últimos da cola tamén.

Polo tanto, vir aquí e quedarnos cos datos bos que nos dá o Informe PISA e meter debaixo da alfombra os datos que non son tan bos, eu creo que é unha actitude moi pouco honesta. E claro que hai datos positivos, claro que os hai. E claro que hai un esforzo e un recoñecemento evidente ao traballo do profesorado. Pero o que se espera dunha administración non é que patrimonialice ese traballo, senón que se encargue daqueles aspectos nos que si é importante establecer melloras e que poña os recursos e o persoal suficientes para poder levarlos adiante. (*Aplausos.*)

Señor Rodríguez, prazas de profesorado. Claro, é que aquí xa é unha absoluta orquestra isto. Decía: mil profesores máis dende que gobernamos. É que vostede debería coñecer o que di alguén tan pouco sospeitoso como pode ser o Consello de Contas. ¿É que vostede leu o que di o Consello de Contas, que entendo que é unha referencia que vostede ten en consideración? Quero pensar que si, que vostede é un señor serio. Pois o Consello de Contas o que está a dicir é que dende que goberna o Partido Popular o sistema educativo galego ten dous mil cincocentos profesores menos no ensino público; é que vostedes se cargan douscentos cincuenta profesores cada ano. (*Aplausos.*) Entón, ten vostede dúas opcións: ou o Consello de Contas non sei é Bildu, ou vostede terá que dar algún tipo de explicación.

Profesores técnicos de formación profesional. Totalmente de acordo, pois algunha actuación por parte do goberno do estado é absolutamente ilexítima e cómpre unha solución inmediata. Propuxémoslles que vostedes empezaran a adoptar esas medidas. Por exemplo, implemen-



tando un complemento salarial para estes profesores técnicos. ¿Sabe o que votaron vostedes? En contra, porque *el dinerito*, señor Rodríguez, prima por riba da ideoloxía.

Fondos covid. ¡É fantástico! Vostedes veñen aquí criticar a repartición de fondos covid, e resulta que os representantes galegos do Partido Popular e o señor Pablo Casado —se cadra por iso lle deron un portazo— votaron en contra deses mesmos criterios de repartición. Veñen aquí criticar unha cousa e dicir absolutamente a contraria.

Formación profesional. Hai datos que eu creo que se deben ter en conta, que é importante ter.

Taxa de finalización, señor Rodríguez. É que se lle esqueceu tamén. Unha cuestión como coa LOMLOE, memoria selectiva. Case un de cada dous alumnos que inicia a formación profesional non a remata, o 54,82 por cento do alumnado de formación profesional; cando a media do estado é do 60,85 por cento. Pero disto vostede tampouco ten a ben a falar. Por certo, unha taxa de finalización que sendo moi superior nas mulleres que nos homes, as mulleres teñen máis éxito académico na formación profesional, pois vostede terá que explicar por que hai unha diferenza por sexos no acceso á formación profesional, na que só o 33 por cento son mulleres e o 43 por cento son homes.

Estas desigualdade é do que temos que falar no ámbito educativo, non poñer laciños morados, señor conselleiro, disto é do que temos que estar a falar. (*Aplausos.*)

Taxa de repetidores. A vostede o que lle quero dicir é que se vostede cre que é lexítimo que un conselleiro de Educación veña aquí presumir de ter unha taxa de repetición que cuadriplica o que nos está indicando a OCDE. ¿Vostede cre que se pode presumir disto, porque repetimos menos que Murcia? ¡Home, fantástico! Pero é que cuaduplicamos a taxa do que nos recomenda Europa. Eu creo que hai que mirar para os mellores, para que mellore o ensino galego, e non intentar este tipo de manipulacións para que pareza que algo está ben cando é unha absoluta catástrofe, señor conselleiro.

E remato. Eu por rematar así de bo rolo, señor Rodríguez, quero pensar que me vai convidar, ou eu convidoo, se quere, a ese café ese xoves para dar-me ese artigo 9 que ten obriga de dar-me e que leva meses sen quererme dar. (*Aplausos.*) Entón, queda en pé este café e así vemos as ratios urbanas. E quero pensar que nesta intervención si me vai falar algo dos oito puntos, das oito medidas para este...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas...

**O señor LORENZO SOBRAL:** ...8 de marzo que lle propuxen. Porque se non —e remato, presidente— o que estarán a demostrar é que pretenden facer co ensino público deste país o mesmo que fixeron coa sanidade pública: desmantelalo ata convertelo nun sistema fallido.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lourenzo Sobral.



*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario Popular, señor Rodeiro.

**O señor RODEIRO TATO:** Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que vou ir xa por orde.

Señora Otero, vostede falou de educación no rural. Sinceramente penso que non son vostedes o exemplo de educación que se seguiu no rural porque vostedes pechaban escolas unitarias no rural a unha velocidade de vinte e sete no ano 2006, vinte e seis no ano 2007, que é a maior porcentaxe de peche de escolas unitarias na historia da nosa comunidade. Polo tanto, para dar clases de educación no rural seguro que tamén teñen que revisar os seus datos.

Vostede falaba de que se fixera un instituto en Navia, en Vigo. ¡Home!, teñen que falar vostedes co seu alcalde, porque nos presupostos da Xunta está orzado e o que faltan son os terreos, o que lle corresponde ao propio concello. Polo tanto, eu creo que corresponde ser un pouco máis serios.

E ao BNG pois tamén. Efectivamente, hoxe o señor Lourenzo recoñece algunhas cousas de PISA, pero, desde logo, acostuma a calar moito cando hai algo do estado que prexudica a Galicia, e alégranse cando lle vai mal ao sistema educativo galego.

Teñen vostedes unha intención de tratar de crear esa visión negativa do sistema educativo, que, desde logo, non se corresponde para nada coa realidade. Porque esa visión negativa téñena vostedes constantemente cada vez que se someten e que veñen aquí a esta tribuna. Pero mire: o sistema educativo de Galicia está á altura dos países máis avanzados de Europa. E Galicia está sendo leal, está sendo leal co estado, está sendo leal coa aplicación das normas, pero, efectivamente, esa lealdade tamén nos obriga a dicir o que pensamos.

E a verdade é que PISA, que é a maior e máis influente proba educativa de carácter internacional, que aquí houbo plenos que se estivo denigrando constantemente, ben, pois parece que hai un cambio de actitude polo menos pola parte nacionalista. Evidentemente, ratifico o que aquí expuxo o conselleiro: que o sistema educativo onde os estudantes galegos aos quince anos superan a media de España en todas as competencias. Somos a primeira comunidade de España en competencia científica. Somos a segunda en competencia lectora, e no día de hoxe gustárame destacar unha medida importante en canto á competencia lectora neste día 8 de marzo: que as rapazas galegas son as primeiras de España e as sextas a nivel mundial en competencia lectora. Creo que ese é un dato moi interesante que pon de relevancia a importancia do noso sistema educativo. E somos a quinta comunidade de España en competencia matemática.

Galicia destaca en competencia global. Somos a segunda comunidade en respecto do alumnado cara ás persoas doutras culturas, moi por diante daquelas comunidades que teñen conflitos lingüísticos constantes.

E creo que é lamentable, señor Lourenzo, que veña vostede aquí hoxe acusar a Xunta de Galicia de poñer laciños morados. A verdade que creo que é unha palabra de mal gusto. Segundo





PISA, o alumnado galego é o máis concienciado coa igualdade entre os homes e mulleres. Somos a primeira comunidade de España en concienciación na igualdade entre homes e mulleres. Creo que isto é mérito de todo o pobo de Galicia, e do seu sistema educativo tamén. Polo tanto, Galicia ten un sistema educativo o máis equitativo de España como se dixo aquí.

A Fundación Areces di que os alumnos galegos teñen o dobre de posibilidades de rendemento académico por contorna socioeconómica desfavorable; moi por riba do País Vasco e Cataluña. Xa sei que ás veces os datos molestan, pero é que é a verdade, é unha realidade. É dicir, un neno galego do rural ou do urbano ten o dobre de posibilidades de rendemento académico por ter unha contorna desfavorable socioeconómica. Polo tanto, creo que iso é moi positivo porque o sistema educativo está priorizando a quen máis o necesita, está exercendo o sistema educativo como un verdadeiro ascensor social. Galicia é a segunda comunidade onde máis alumnos de cuarto da ESO titulan, o 96 por cento do alumnado aprobado.

Vostedes falan e falouse moito da taxa de abandono escolar, onde Galicia ten un récord histórico. Señor Lourenzo, pero ¿sabe que taxa de abandono escolar se herdou do Bipartito? O 22 por cento. ¿Sabe onde o deixaron? Nun vinte e seis por cento, 25,8 por cento. (*Murmurios.*) Vostedes subían de media un punto a taxa de abandono escolar cada ano que gobernaron; co Partido Popular baixa 1,5 puntos cada ano que gobernamos, ata situala no mellor récord histórico.

Polo tanto, veñen vostedes aquí falar dun montón de cousas, pero a realidade é esa. E aquí falouse do aprobado xeral, ese Decreto de aprobado xeral; cando dá igual aprobar que suspender, cando dá igual facer os exames que non facelos, cando dá igual estudar que non estudar. O fracaso escolar soluciónase fomentando a cultura do esforzo e non rebaixando o nivel por abaixo. O modelo da esquerda, efectivamente, está apostando polo igualitarismo, igualando a todos por abaixo, empobrecendo a educación, destrozando a cultura do esforzo, porque así será máis fácil dominalos ideoloxicamente, señor Lourenzo.

Porque é moi grave que vostede veña aquí dicir que desmantelamos o sistema educativo, que se desmantela o sistema educativo, que isto vai ser un goberno e un sistema fallido. Mire: sistemas fallidos son aqueles que atacan a cultura do esforzo, e temos países aos que vostedes admiran moito nos que está pasando constante e permanentemente.

Polo tanto, señor conselleiro, pola miña parte e por este grupo parlamentario queremos felicitar os datos, queremos felicitar tamén as distintas medidas que está plantexando para intentar que o sistema educativo siga mellorando, coas súas cousas que, efectivamente, sempre hai que arreglar. Pero traballar neses programas da inclusión, da atención á diversidade, da convivencia, de loitar contra o fracaso escolar, de seguir mellorando os nosos datos, de seguir investindo no sistema educativo como se está investindo; mellorar, sobre todo, o capital máis importante, que é o profesorado, con esa taxa de interinidade máis baixa de España, fronte a ese 40 por cento que teñen algunhas comunidades autónomas.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor RODEIRO TATO:** Polo tanto, eu creo que hai que seguir nesa liña, que hai que seguir traballando e, desde logo, terá o apoio deste grupo parlamentario.



Máis nada, presidente. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodeiro.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Peche da comparecencia, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Otero, segue vostede profundando na súa postura líquida. Porque vostede nos critica por unha cousa e pola contraria no concernente ao cumprimento das medidas sanitarias nos centros educativos. Eu voulle dicir unha cousa, fágolle unha pregunta que sei que obviamente non pode responder, pero para que reflexione: ¿cantas medidas no eido educativo se implementaron contrarias aos criterios sanitarios? Doulle eu a resposta: ningunha. Nós fixemos como sistema educativo obviamente o que nos mandaron os que saben destas cuestións, sen dúbida ningunha, e cumprimos escrupulosamente cos mandatos sanitarios. É que non nos queda outro remedio. ¿Que iamos facer?, ¿algo diferente? En ningún caso.

Digo que é unha postura líquida tamén que se fale aquí do instituto de Navia. A Xunta de Galicia estivo esperando moitos meses para que o Concello de Vigo, no ámbito das súas competencias no eido urbanístico, emitise informe favorable sobre os diferentes documentos dos plans de desenvolvemento urbanístico, que fan posible que uns terreos que eran privados pasen a ser terreos públicos, e a partir de aí poder comezar a traballar no proceso.

É inaudito que quen impide coa tramitación urbanística que se avance nos diferentes pasos de desenvolvemento dun espazo dun polígono urbanístico á súa vez diga que non se fai un instituto por parte da Xunta de Galicia, cando precisamente os atrasos na tramitación urbanística derivados dos impedimentos nos informes favorables imposibilitan que a Xunta de Galicia o poida facer. É absolutamente unha postura, líquida non, case gasosa. *(Aplausos.)*

E vostedes están para falar de investimentos educativos en Vigo, pois cando existía un proxecto para poñer en marcha un campus FP foi precisamente nada máis chegar á Zona Franca o Goberno do Partido Socialista e cargouse o proxecto. *(Murmurios.)* Co cal realmente pouco máis hai que dicir.

Ben, señor Lourenzo, a verdade é que a min me gusta debater con vostede, recoñezoo, é ocorrente. Di moitas tonterías, pero é ocorrente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero nesta vez... Ben, pido perdón, non quería dicir «tonterías». Non se me entenda mal. Pido que se retire. Agora nesta vez asustoume, asustoume un pouco. Vénme dicir: ¡joia!, se vostede non toma café comigo, vou facer isto. Meteume un pouco de medo, ¡eh!, asustoume un pouco. E pídolle desculpas polo anterior adxectivo, que non merece.

Unha cousa si que é certa: o Bloque Nacionalista Galego sempre apoia cando lle fai falta o Partido Socialista, e sempre goberna onde lle fai falta ao Partido Socialista, e despois críticoao



publicamente. Debe ser tamén duro para o Partido Socialista ter un socio que sabes que te vai apoiar, pero que te está criticando. Debe dar unha sensación un pouco de desacougo. Como tamén dá desacougo que de xeito constante se utilicen uns datos obxectivos como son os de PISA, que nos poden gustar ben ou mal. E estou seguro de que se os datos de PISA fosen prexudiciais para a estrutura educativa de Galicia vostedes lle darían a máxima autoridade moral.

E, claro, hai cuestións que non teñen sentido, e que aí si que eu creo que hai unha mala información. Galicia, en aspectos que teñen que ver coa empatía, en aspectos que teñen que ver co respecto a outras culturas, con respecto á igualdade de xénero, é das mellores de España sen dúbida.

En respecto a outras culturas, para que digan: non é que ser os mellores nun país que vai mal, pois non vale. Por exemplo, en respecto a outras culturas, España curiosamente é a primeira de Europa; a primeira de Europa, España. Quere dicir que nós respectamos outras culturas; ás veces xorden intolerancias pero en xeral nós respectamos. A primeira comunidade en respecto a outras culturas é Canarias e a segunda é Galicia. Creo que no ámbito dos valores algo se estará facendo ben.

Igual que se fixo ben nunha referencia que fai vostede aquí aos profesores técnicos de FP. Mire: ¿vostedes que fixeron por eles? Pois nós modificamos a convocatoria das oposicións do ano 2021 para poder convocar máis prazas de profesores técnicos de FP antes de que se aprobase neste caso a LOMLOE no primeiro mes de xaneiro do ano pasado. *(Aplausos.)* Eu creo que convocamos máis de duascenas cincuenta prazas precisamente para estabilizar o profesorado.

Pero, ben, vostedes seguen coas súas teimas, seguen cos seus discursos e seguen co desmantelamento, etc. Eu fago unha reflexión de onde estamos, e os datos están aí, non os vou repetir. Creo que estamos en boa liña, Galicia está en boa liña. Insisto: grazas ao traballo da comunidade educativa, e nós somos un eslabón máis desa comunidade.

Agora hai que saber onde queremos ir, onde queremos chegar. ¿Que é o que queremos facer para mellorar o ensino e, por conseguinte, mellorar o futuro de Galicia? E aí eu creo sinceramente que a vostedes lles falta brúxula; non teñen guía, non saben onde queren ir, non saben onde están. Simplemente falan de medios, pero nunca falan de obxectivos, nunca falan de resultados. Non teñen os pés na terra sinceramente.

Eu pódolles dicir que este goberno ten os pés na terra, levámolos tendo durante moito tempo, e non só temos os pés na terra, senón que sabemos onde queremos chegar e que temos que facer para seguir mellorando en diferentes proxectos educativos, que moitos os anunciei aquí: dixitalización, idiomas, competencias STEM, convivencia, benestar emocional e unha FP moderna, adaptada e de futuro. Creo que o estamos dicindo. E creo que tamén somos unha comunidade autónoma que temos que defender Galicia e que temos que defender o noso modelo educativo, que se ten demostrado que é un bo modelo.

E insisto: aquí non estamos facendo un simple cuestionamento político, díxeno na anterior vez. Nós somos tremendamente críticos coa LOMLOE. Agora, queremos traballar e podemos traballar conxuntamente noutras liñas de traballo tamén importantes para o futuro da edu-



cación. Porque non é un momento para estar en cuestións puramente ideolóxicas, puramente partidistas, non é o momento; é o momento para dar solucións. Porque estamos nun momento moi complexo, pois non só é que esteamos nunha guerra, que o estamos, pero estamos nun momento de transformación social grandísimo: o eido da dixitalización, a progresiva dixitalización da sociedade, os cambios laborais no mercado de traballo, o risco na convivencia. Temos que actuar, temos que ter programas, temos que ter solucións que encaucen estas medidas e nos possibiliten avanzar cos pés na terra, pero cunha visión de futuro e cunha brúxula clara.

Obviamente, non nos pidan que non cuestionemos un modelo como o que quere ou está implementando a LOMLOE, un modelo que atenta contra a igualdade, que xera desigualdade entre as persoas, que baixa a calidade dos resultados, que é absolutamente antiequitativo e que é contrario á liberdade das familias. Non nos poden pedir iso porque non o imos facer. Iso si, imos respectar a lei, pero imos intentar que impacte o menos posible no noso modelo.

Porque, en resumo, Galicia ten un bo sistema educativo. Creo que iso non se cuestiona. Queda moito por facer, fíxose moito nos últimos anos, pero aínda nos queda moito por facer. E para facelo hai que saber onde estamos e onde queremos ir. E, ao final, como xa o di así o refrán, «non hai máis cego que o que non quere ver». E vostedes non ven as dinámicas, non ven as evidencias, non ven os resultados acumulados a través destes anos nas principais variables que miden a calidade e a equidade dun sistema.

En definitiva —e xa remato, señor presidente—, dende a Xunta de Galicia levamos tempo traballando nesta liña, imos seguir traballando nela, porque estamos convencidos de que estamos traballando para o futuro, estamos traballando para dar oportunidades aos nosos nenos, ás nosas nenas, aos nosos mozos e ás nosas mozas; oportunidades no día de hoxe. E agardemos e estamos seguros de que o futuro da Galicia de mañá vai depender moito do que fagamos hoxe no eido educativo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Pois falando do futuro acompañánnos hoxe alumnos de quinto e sexto de primaria do centro Euloxio Gómez Franqueira, de Ourense. Están tamén coa súa profesora e saudámoslos e dámoslles a benvida a este parlamento.

E agora xa pasamos ao punto segundo da orde do día, que é de mocións.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do uso problemático da internet e das redes sociais por menores e adolescentes**

**O señor PRESIDENTE:** Un debate tamén interesante para o público que temos hoxe na tribuna.



Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular e outra emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paula Prado del Río, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción polo seguinte:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver un paquete de medidas coa finalidade de dar unha resposta efectiva ao uso problemático da internet e das redes sociais por menores e adolescentes, que a día de hoxe está a suscitar unha enorme preocupación social. Estás medidas incluirán, entre outras:*

*1º) Iniciativas de carácter transversal, no ámbito das competencias autonómicas e nos diferentes eidos (educativo, sanitario, social, ...).*

*2º) Estará baseado na evidencia científica e incorporará, de ser o caso, as achegas que poidan realizar diferentes institucións e axentes sociais a este respecto.*

*3º) Permitirá actualizar a carteira de servizos en materia de prevención de adicións, no marco do proceso de elaboración dunha nova Lei de prevención de adicións en persoas menores de idade en Galicia, incorporando intervencións específicas sobre o uso axeitado de dispositivos e tecnoloxías dixitais.*

*4º) Dará máxima prioridade á prevención como mellor ferramenta para conseguir que os adolescentes fagan un uso responsable das novas tecnoloxías, aproveitando as súas potencialidades e evitando os riscos asociados ao seu uso.»)*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Daniel Castro García, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, un novo parágrafo:*

*«Así mesmo, o Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a presentar, antes de finalizar o actual período de sesións, o anteproxecto da lei de xogo de Galiza; e a dirixirse ao Goberno español para que impulse coa máxima celeridade a reforma normativa nesta materia naquelas competencias exclusivas da administración central.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra a señora Ortega.

**A señora ORTEGA OTERO:** Grazas, presidente.



Benvidos aos alumnos de quinto e sexto de primaria. Estou encantada de que unha vez máis imos falar sobre tecnoloxía, sobre redes sociais aquí neste pleno e que contemos cuns protagonistas como sodes vós para poder falar desta cuestión.

Substanciamos hoxe no Parlamento de Galicia esta moción derivada da interpelación que presentamos dende o Grupo Socialista no pasado pleno; unha interpelación cunha proposta ambiciosa, pero necesaria e que temos que facer. Estou segura de que será ben acollida por todos os grupos representativos desta cámara aquí presentes, porque é unha cuestión que nos afecta a todos e a todas.

E hoxe contamos coa presenza neste pleno do profesor Rial, líder do equipo universitario galego no que Unicef España confiou e se fixou para realizar e liderar ese estudo que en parte promove esta iniciativa sobre o uso problemático de internet en adolescentes. Hoxe el simboliza o gran talento que temos na universidade pública galega, o gran capital humano que temos que saber aproveitar dende as administracións para poder aplicar de xeito dilixente e correcto as nosas políticas.

Pero é que ademais contamos con representación da Plataforma Galega pola Infancia. O rostro de Mónica Viqueira, hoxe aquí presente, vicepresidenta dela, simboliza e representa hoxe máis que nunca os movementos sociais e activistas que loitan día a día polos dereitos da infancia.

Dado o momento histórico tan complexo e sen precedentes que estamos a vivir, cunha crise humanitaria que afecta duramente a centos e centos de miles de nenos, non podo pasar por alto o traballo que se está visibilizando neste momento como nunca, pero que levan moitos anos traballando para blindar os dereitos da infancia e por iso quero facer mención a algunhas das asociacións que representa hoxe aquí Mónica Viqueira, como son a Asociación Galega da Atención Temperá, Asociación Alborada, Fundación Aldaba, Aldeas Infantiles, Fundación Amigo, Asociación Abuso Maltrato Infantil No, Arela, Aspace, Ayuda en Acción, Asociación Centro Trama, Asociación Viraventos, Programa de acollemento da Cruz Vermella, Fundación Diagrama, Asociación Educo, Igaxes, Movemento Xuvenil MarCha Compostela, Meniños, PEstudio-Xornalismo Social Infancia e Saúde, Unicef, Asociación Galega de Adopción e Acollemento Manaia, Asociación Galega de Familias de Acolllida Acougo, Asociación Galega de Centros de Menores-Agaceme, Fundación de Apoio á Infancia Faiben.

E non podo citar máis porque non teño tempo, pero tantas e tantas outras, e tamén tantas e tantas persoas anónimas que indirecta e directamente loitan todos os días na sombra polos dereitos e a protección dos menores. É que ante os acontecementos que estamos a vivir coa invasión de Ucraína, na que chegan imaxes insoportables de nenos e nenas fuxindo do seu país, de nenos e nenas agochados e aterrorizados polas bombas e de bebés e nenos que tiñan que estar ben atendidos nun hospital e están en condicións infrahumanas, quedamos sen palabras.

Non podemos hoxe ter aquí a vicepresidenta da Plataforma de Organizacións da Infancia e falar de menores sen facer un recoñecemento unánime pola loita constante por protexer e blindar o benestar dos nosos nenos e nenas por parte dos activistas, que dan un toque de esperanza tan necesario en momentos tan duros para centos e centos de miles de nenos.



Polo que pido un aplauso unánime de toda a Cámara para todos eles hoxe aquí representados. (*Aplausos.*) Simplemente, moitas grazas. (*Aplausos.*)

Son nai de dous fillos —como moitas das persoas que están aquí presentes— e seguro que coincidiredes comigo en que nunca pensamos ter que responder preguntas dos nosos fillos sobre unha guerra en pleno século XXI; como nunca pensamos que os nosos fillos e fillas vivirían unha pandemia mundial que lles roubaría dous anos desa normalidade que se precisa para crecer cun correcto desenvolvemento social efectivo. Para os que somos persoas adultas foi e é moi duro de asumir, pero temos que ser conscientes de que dende a mente dun neno e dun adolescente todo iso vívese dende outra perspectiva, e aquí temos presentes a moitos deles que seguramente saberán do que estou a falar.

O que pasaron e están a pasar os nosos fillos e fillas é moi duro de asimilar. Os seus pais vivimos unha infancia sen grandes problemas no noso país, pero os nenos e nenas e adolescentes de hoxe están crescendo nun contexto moi difícil de dixerir nun período de tempo que parece curto para nós, pero que para eles é un mundo, porque a percepción do paso do tempo non é a mesma cando se é neno ou adolescente. Todo iso ten consecuencias, e unha delas é que moitos deles se refuxiaron nas redes sociais ou nas novas tecnoloxías, que *a priori* partimos —por suposto, sen estigmatizalas— dos efectos positivos que teñen —efectos positivos de destreza social tan necesarios, elimina barreiras, xera oportunidades, ten beneficios a nivel social, xera tamén a nivel empresarial moitas oportunidades...—, pero tamén existe a outra cara da moeda, e cando existe un uso problemático pode entrañar problemas sobre a saúde dos menores e incluso sobre a propia convivencia familiar. Porque o perigo de adicción existe, e xa está recoñecido pola propia Organización Mundial da Saúde como un trastorno mental, un trastorno de adicción no caso dos videoxogos. Hai que falar disto. E isto non responde só ao paso da pandemia, pero si é certo que se incrementou.

Sei que moitas das familias que nos estean a escoitar se sentirán identificadas con ese 22 % de familias que discuten na casa polo uso da tecnoloxía polo menos unha vez á semana. Tamén sei —e sabemos— que fará cavilar a moitas familias o concepto de «nenos Amazon» ao que aluden diversos estudos para facer referencia a esa xeración de nenos e nenas que estamos a criar familiarizados coa inmediatez da resposta. Agora todos os desexos que temos conseguímoslos de forma inmediata, nun clic, e con iso pode desaparecer o propio valor da espera. Con iso podemos arrebatarlles aos nenos tamén a posibilidade de motivarse por si mesmos. Sei que moitos nenos e nenas adolescentes se sentirán identificados cando falamos dun problema cada vez máis habitual, como é identificarse máis coa imaxe dun mesmo nas fotos con filtros das redes sociais, ata chegar ao extremo de rexeitar a verdadeira imaxe real dun mesmo no espello. Isto ten un nome, e chámase «dismorfia do selfie».

Tamén sei que haberá pais que coñezan o trastorno relacionado cos populares vídeos de TikTok, que culminan nunha deterioración funcional para menores, que desenrolan o que os neuropediatras están chamando como «Tiktok tics», que semella a síndrome de Tourette. Tamén sei que algúns adolescentes están a baixar a súa propia autoestima a medida que pasan máis tempo nas redes sociais. Tamén sei que existe preocupación sobre os temas dos que non se fala porque continúan a ser un tabú, pero non por iso deixan de existir, como é o fácil acceso de menores á pornografía dende curtas idades e con contidos que afectan a



propia percepción e o concepto do sexo e que condicionan tamén as relacións futuras que teñan. E, o máis grave, o rol e a afectación que recae sobre as mulleres. Hoxe, neste día, temos que falar destas cuestións tamén.

Temos que abordar este tipo de cuestións en Galicia porque partimos da gran vantaxe de ter un capital humano experto nesta materia moi recoñecido e que está a liderar, como dicía antes, os avances no coñecemento e na evidencia científica neste ámbito a nivel nacional. Por todo isto, temos que coller o guante destes profesionais da universidade galega pública e levar a cabo unha cuestión que é urxente e que se ten que facer, como é un programa galego de saúde e convivencia dixital infantoxuvenil, que teña carácter integral e transversal, que inclúa accións coordinadas a diferentes niveis —educación, sanidade, seguridade, familia, servizos sociais, igualdade, etc.—, que sexa comunitario, coa participación de diferentes institucións e axentes sociais como a Administración autonómica, entidades locais, axentes sociais, etc., que dea unha resposta eficaz en tempo e forma —non podemos esperar, porque os datos están aí— e que estea baseado na evidencia científica, porque é fundamental que se basee nesta cuestión e sexa pilotado por expertos, dado que os temos e de referencia a nivel nacional.

Temos que poñernos en contexto e ser conscientes de que estamos inmersos en acontecementos sen precedentes que afectarán a saúde de todos e todas, pero especialmente os da franxa de idade da infancia e tamén da adolescencia. Por iso temos que xogar tamén nun contexto que somos perfectamente conscientes que é deficitario, tendo en conta que as listas de agarda nas unidades de saúde mental infantoxuvenil son inasumibles para os problemas dos que estamos a falar, entorpecendo con iso o bo curso que os propios profesionais —magníficos profesionais que temos na sanidade pública galega— precisan para atender de xeito apropiado os menores con problemas de saúde mental. Cando a evidencia nos está a amosar que existen cada vez máis conflitos familiares entre pais e fillos; cando a evidencia nos está a amosar índices preocupantes de cyberacoso; cando a evidencia nos alerta de falta de control parental e de que incluso aos que o exercen nos poden sortear estes nativos dixitais, que moitas veces —como saben— controlan moitísimo máis este tipo de tecnoloxías que os pais; cando a evidencia nos indica que cada vez existen máis trastornos do sono en menores a causa do uso problemático da tecnoloxía; cando a evidencia nos amosa que existen cada vez máis trastornos alimenticios e malos hábitos alimenticios relacionados co uso problemático da tecnoloxía; cando todo isto sucede, hai que tomar medidas de calado.

Ningún dubida de que a nosa proposta é un gran desafío, pero é necesario e urxente, e haino que facer porque, a grandes retos, fan falla grandes solucións. E a prevención da saúde na infancia será sempre o investimento máis intelixente que pode facer unha sociedade avanzada.

Agardo ter o consenso de toda a Cámara nunha cuestión que nos afecta todos e todas, independentemente da ideoloxía que teñamos. Entendemos que como representantes da cidadanía non só temos que poñer este foco de atención na axenda política para que se traslade á opinión pública, senón que temos a obriga moral de dar solucións potentes e ambiciosas cando se trata da saúde dos nosos menores.

Remato como fixen no anterior pleno, desexando que a autoestima dos nosos fillos nunca, nunca se mida en función do número de likes.





Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Ortega.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

—Adriana, se imos ben de tempo, ti me dirás se poden quedar para todo o debate. (*Pausa.*) ¿Non poden quedar para todo o debate? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, pois láméntoo. Pero, bueno, a idea era que puideran quedar. Se non poden quedar, non imos romper a planificación que teñen.—

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Castro.

**O señor CASTRO GARCÍA:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Si que é unha pena que teñan que marchar. Aínda me acordo de cando vin eu aquí ver o Parlamento; acórdome de onde sentei. Estaba aí un bipartito ben chulo. (*Risos.*)

Pero, ben, hoxe, aproveitando a moción do Partido Socialista, voulles propoñer un reto a todos e a todas —tamén aos compañeiros do Bloque Nacionalista Galego; isto vai para todos e para todas—. Seguramente —e non se preocupen, eu son o primeiro— teñan no seu escano ou mesmo no peto un móbil, ou teñan o portátil aberto co WhatsApp ou ata co Facebook, co Twitter ou con calquera outra plataforma. Ben, pois sen que sexa necesario que o fagan, voulles propoñer un reto que é aguantar —a ver se dan...; pode parecer moi fácil, pero xa verán como, ao final, é bastante máis difícil do que parece— ata o final da miña intervención sen miralo, sen mirar o móbil, sen mirar o portátil, porque isto lles vai dar moito as claves desta... (*O señor Santalices Vieira pronuncia palabras que non se perciben.*) —¿xa o fai?, paréceme moi ben, presidente—..., de cal é a realidade, sobre todo para a mocidade.

Ben, pois —dito isto— pensen agora nun rapaz ou nunha rapaza de, por exemplo, 15 anos —digamos—, que ten un smartphone coma este (*O señor Castro García amosa o seu teléfono móbil.*) —é dicir, a absoluta maioría no día de hoxe— e que en menos dun segundo ten acceso a todo o que lle gusta cun só clic. Pode ver en Twitter todo o que pasa ao segundo en todo o mundo, pode ver en Instagram todas as fotos que soben os seus amigos, as actrices, os actores, os famosos, os deportistas aos que idolatra, pode entrar en TikTok e ver os seus TikTokers facendo os seus bailes, que están no *trend*, pode facer o Sandbox e ver o Sandboxing, pode ver a intimidade desas persoas ás que admira ou polas que sente interese, pode entrar nunha páxina pirata, por exemplo, para ver os partidos de calquera disciplina deportiva dos clubs aos que segue, ou —e tamén hai que dicilo, porque cando interveu o pasado día o conselleiro na interpelación..., e non é unha crítica, de verdade— pode acceder —que se utilizaron certos eufemismos— cando queira, nun só segundo, a calquera contido pornográfico, que entra directamente polas cellas de calquera persoa que estea na web, evidentemente.



Pois esta é a realidade que viven os nosos adolescentes —e non tan adolescentes— galegos, galegas ou de calquera parte do mundo. E tendo isto en conta, temos que dicir que, a través disto, (*O señor Castro García amosa o seu teléfono móbil.*) —algo tan pequeno; algúns máis grandes ca outros— pois podemos acceder ao pracer instantáneo como, onde queiramos, a calquera hora do día...; e isto ten, por suposto, cousas boas, pero xa falamos de que ten cousas moi malas.

Isto xa non é unha análise que fixese eu, evidentemente, aínda que parte da experiencia propia é real, pero soamente hai que ler o Informe de Unicef do impacto da tecnoloxía na adolescencia, no que hai dous datos que eu creo que xa o deixan ata como demasiado claro. Porque, cando se lles pregunta aos rapaces e ás rapazas entrevistados que é o que sentiron cando entraron en internet —ou cando entran en internet—, din o seguinte: o 97,9 % sente alegría ou risa, e o 82,9 % sente pracer ou diversión. Entón, digo eu, ¿quen de aquí non quere estar alegre ou sentir pracer? Para iso vimos a esta vida, para ser felices e sentir pracer.

Pois por iso temos que ser conscientes de que estamos ante un problema sumamente complexo, moi amplo e cunha dificultade moi elevada. Porque o uso problemático en internet ten consecuencias moi graves e moi diversas —o propio informe o di— que afectan moitas áreas, e que por iso fan máis difícil unha solución máis directa. Todos eles aparecen nos datos do informe de Unicef —que xa se deron, e déronse tamén na interpelación, e non é cuestión de repetilos todos—, pero imos centrarnos nuns pouquiños que tamén nos van deixar clara a gravidade e cara a onde temos que orientar o asunto.

O 40,3 % dos adolescentes galegos —case a metade— recibiu mensaxes de contido erótico-sexual. O 54,1 % —máis da metade— aceptou ou acepta a descoñecidos nas redes sociais —eu fíxeno, por suposto, e creo que aquí seguramente moitos de nós o fixemos—. Un de cada catro estudantes da ESO ten un uso problemático de internet. ¿E que é un uso problemático de internet, ademais do que poidan xa supoñer estas palabras? Pois é que é tal a adicción —ademais dos usos e as horas que fai ao longo do día, que son moitas— que isto mostra que interfere na súa vida; internet interfere no desenvolvemento do seu día a día e na súa relación coas súas familias, que iso é moi grave. E podería dicir moitísimos máis, moitísimos máis datos, moi graves todos eles, mais creo que con isto todos e todas podemos facernos unha idea.

Entón, aquí chegamos quizais ao quid da cuestión: ¿que podemos facer?, ¿que pode facer a Xunta de Galiza ante unha cuestión tan complexa e que atinxe a tantos eidos?

Xa se viron o outro día na interpelación que houbo moitos argumentos do estilo «*estamos trabajando en ello*», pero, evidentemente, é un problema global, e as familias tamén teñen moito que facer, iso é verdade. Porque, para que non se diga logo, isto é absolutamente verdade, isto é absolutamente real, pero, entón, temos que centrarnos en que máis pode facer a Xunta de Galiza. ¿Fixo a Xunta de Galiza xa todo o posible para paliar isto? E a resposta é que non, e vouno explicar dun xeito obxectivo.

O primeiro creo que xa cae de caixón porque se non quixesen facer nada máis e xa estivese feito todo, creo que os compañeiros e compañeiras do Partido Socialista non traerían isto aquí a pleno. Pasando esa cuestión tan razoable, vaíamos a que, se xa se fixo todo, entendo



que as xentes de Unicef non pedirían máis apoio das administracións e das institucións para levar a cabo máis accións.

E entramos no terceiro punto, que é quizais onde observamos máis eivas. Se xa se fixo todo, ¿por que a Xunta de Galiza e tamén o Goberno do Estado seguen deixando un tema moi importante aí no tinteiro, como son o xogo en liña e as apostas?

Pero, como hoxe estamos aquí no Parlamento de Galiza, imos facer algo sumamente revolucionario e imos falar da Xunta de Galiza, porque está ben falar aquí en Galiza da Xunta de Galiza, e no Parlamento sobre todo.

Resulta que máis de tres mil estudantes da ESO en Galiza xa apostaron diñeiro a través de internet nalgũa ocasión; a través de internet, xa non vaíamos ás casas de apostas, que están fisicamente, no noso país, demasiado implantadas, por suposto.

Resulta que esta realidade é unha auténtica desgraza para moitísimas familias, para moitísimos rapaces e rapazas e, sobre todo, para as súas familias e —¡que casualidade!—, coma sempre, para moitísimas familias de clase obreira. Resulta que as apostas *on line* creceron ao longo da pandemia. Resulta que, coma sempre, afectan en maior medida os barrios de clase obreira, como xa dixen, e resulta que segue habendo casas de apostas cerca de colexios e de institutos, que xa se demostrou cientificamente que esta realidade afecta o día a día nos estudos e que baixa o rendemento escolar.

Creo que só indo, por exemplo, polas rúas de Compostela, véñense á cabeza rapidamente a rúa de Montero Ríos, coa que creo que poden facerse unha imaxe bastante aterradora do que son estas casas de apostas.

E, ante isto, o Partido Popular dedícase ata o día de hoxe a presumir dunha lei do xogo que nunca chega, e non sabemos por que. Entón, como non sabía por que, púxenme a darlle un pouco de voltas á cabeza para intentar adiviñar cales poden ser os motivos de que nunca chegue esta lei do xogo que é tan necesaria ante un problema no que todos e todas aquí poderemos coincidir en que é necesario acabar con el, ¿non?

Entón, púxenme a pensar e a buscar na internet —¿como non?— e vin que até o Consello Económico e Social, presidido por un antigo exconselleiro de Medio Ambiente do Partido Popular, amante da limpeza dos ríos, dicía o seguinte —palabras certas, palabras literais do informe—: «Algúns fragmentos do texto parecen incidir na naturalización da actividade, póndoa en valor, deixando case de lado os graves problemas que ten ocasionado». Isto dicíao o presidente do CES.

Tamén dicía o seguinte: «Nace con importantes eivas, xa que no seu conxunto establece unha regulación do xogo baseado case na súa totalidade en modalidades tradicionais, e practicamente non regula a figura do xogo en liña, á que accede maioritariamente a poboación». Eu penso que o deixa bastante claro, ¿non?

Dito isto, logo fun quizais a un tema máis escabroso, que é a vinculación do Partido Popular coas casas de apostas. E eu non vou entrar moito no detalle, só vou dicir dúas cousas moi



concretas, como que ata hai traballos periodísticos feitos xa libros que se centran unicamente na relación do Partido Popular coas casas de apostas, como o libro *¡Jugad, jugad, malditos!* de 2020, de Luis Díez e Daniel Díez; ou que tamén hai outras casualidades que se dan moito no Partido Popular, como que casualmente aparecen no sumario da trama Gürtel os señores de Luckia, os irmáns González Fuentes, galegos —Feijóo tenlles dado bastantes premios, se miran en Google, por exemplo—, como doadores de 100.000 euros ao Partido Popular. Vólvense dar as casualidade estas das cousas das familias. Pero, ben, non quero subir moito o ton, como se soe dicir, pero esta é a realidade que impera.

Estas son, evidentemente, unhas casualidades que nos fan pensar: ¿por que non levaría ata o día de hoxe o Partido Popular esa lei do xogo para acabar cun problema no que todos e todas aquí coincidimos, como son os das apostas en liña, que tanto dano causan?

Por esta razón, a nosa emenda, que a facemos para acabar con este problema tan grave e para poñerlle solución dun xeito propositivo absolutamente, porque nos parece moi interesante e moi necesaria esta iniciativa do Partido Socialista, é para que a Xunta de Galiza e tamén o Goberno do Estado fagan o necesario e que tanto prometeron coa maior das premuras.

Remato xa porque encima creo que se comportaron bastante ben, a verdade —síntome agora moi profesor, atenderon moito—. A pregunta era: ¿cantas veces miraron o móbil nestes 10 minutos?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Ningunha. Grazas.

**O señor CASTRO GARCÍA:** Moitas grazas. *(Aplausos.)*

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor PRESIDENTE:** Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, señor presidente.

Señorías, é unha mágoa que non estean os rapaces e rapazas escoitando este debate, porque a verdade é que seguro que os fariamos, cando menos, pensar ou reflexionar algo sobre o uso que fan das novas tecnoloxías.

Un saúdo especialmente afectuoso e de absoluto respecto académico ao profesor Rial Boubeta, que nos acompaña, que sei que é unha persoa que leva moitos anos traballando neste ámbito e para min merece todo o noso respecto e admiración polo traballo que fai. É un gran coñecedor deste asunto e sempre nos ilumina con datos obxectivos —que é o importante, sobre os que hai que traballar— sobre estas cuestións, para tomar logo decisións e implementar políticas públicas axeitadas á realidade. E para que coñezamos a realidade, é importante facer eses estudos e esas diagnoses, que se fan, neste caso, dende o seu equipo e traballando como traballa o profesor Rial Boubeta.



Tamén quero facer un especial recoñecemento a todas as entidades do terceiro sector, as que nomeou a deputada socialista, pero tamén a outras moitas, porque nós no Partido Popular cremos no pluralismo do benestar. Nós consideramos que a Administración pública non pode chegar a todas partes, que temos que contar con entidades do ámbito social, con entidades asociativas que traballan, sobre todo, temas moi específicos e que son os grandes coñecedores de moitas das diferentes problemáticas que xorden cada día na sociedade. Sen elas seguro que non viviríamos nun mundo mellor e non poderíamos acadar unha sociedade mellor. Tanto no ámbito da sanidade como no ámbito da política social, como no ámbito da igualdade, como en calquera ámbito, cada día vemos que cando unha persoa ten unha problemática na súa casa, na súa familia, cun fillo, ao primeiro que acode é a unha asociación especializada nese ámbito. Por iso, todo o meu respecto para as persoas que traballan no terceiro sector.

Hoxe temos un debate moi interesante e de moita actualidade, e dende o Grupo Parlamentario Popular témolo abordado en diferentes ocasións e dende diferentes ópticas. Trátase de abordar o uso abusivo que das novas tecnoloxías e das redes sociais fan os xoves e adolescentes. Lembrarán como o ano pasado, no mes de novembro, aprobabamos unha proposición de lei, a proposta do Grupo Parlamentario Popular, para incorporar a violencia dixital como unha das formas de violencia de xénero. O uso das redes sociais pola xente nova ten que estar exento de riscos, e por iso é necesario abordalo dende as políticas públicas.

Dicíao o señor Castro e daba os datos do informe en relación con cuestións como o *sexting* —*sexting* non consentido—, o *grooming*, o ciberacoso sexual... Ben, creo que hoxe imos falar doutras cousas, pero tamén eses datos son moi importantes e creo que con esa proposición de lei que aprobamos no mes de novembro tamén demos un paso de xigante na intervención na violencia dixital.

E hoxe o debate que abordamos é o abuso, por parte dos menores, das novas tecnoloxías, das redes sociais, de internet e dos dispositivos electrónicos.

Do que hai que partir é de que o uso das tecnoloxías non é prexudicial en si mesmo, senón que o que xera problemas é que se lles dedique un tempo elevado a estas actividades e que se deixen de lado outras que son necesarias para o axeitado desenvolvemento físico e mental na infancia e na adolescencia. Pensamos que se trata dunha estratexia máis global. Non só hai que limitar o acceso aos dispositivos electrónicos, senón que hai que poder usalos axeitadamente, sen descoidar, como dicía, outras necesidades da persoa, como o exercicio físico, o número de horas de sono diario, as relacións sociais presenciais, o coñecemento e a valoración do medio ambiente, etc.

As que somos nais e pais de fillos adolescentes vemos como os rapaces cada día intentan gañar tempo ao uso das novas tecnoloxías. O informe fala de que as discusións familiares polo uso das novas tecnoloxías se producen unha vez á semana. O meu fillo chámame pesada porque eu creo que na miña casa a discusión é diaria. O outro día falabamos as compañeiras, cando escoitabamos eses datos. Pois na miña casa é todos os días. Eu a verdade é que supoño que será unha media, pero maioritariamente todos os días os rapaces intentan gañar espazo ao uso das novas tecnoloxías, e, fronte a iso, as familias temos que poñer un dique de contención, poñer unha serie de normas, e iso é fundamental.



Señor Castro, como un inciso, porque non é o debate, aínda que é unha cuestión moi importante sobre o xogo en liña, quero dicirlle que xa que lle gusta tanto entrar en internet e «googlear», eu pídlle que busque algunha noticia como: «*La Xunta indigna a la patronal del juego*», «*Es la ruina del sector*» o «*Las empresas del juego se revuelven contra la Xunta*». Dígoo porque esa convivencia que vostede presume que hai entre a Xunta e o sector da patronal é absolutamente falsa.

Ben, eu tampouco vou entrar en todos os datos que aporta o informe de Unicef. Tense falado aquí na interpelación ao conselleiro, teñen dado os anteriores voceiros os datos, pero si quero dar algún que non se dixo.

Reflicte na maioría das comparativas unha percepción menos alarmante —non moito, un pouco— entre o alumando galego en comparación coa media española. E así, por exemplo, o uso problemático da internet en España é do 33 % e en Galicia é do 27 %; o uso das redes sociais en España é do 61,5 % e en Galicia, do 59,1 %. E, por exemplo o uso problemático dos videoxogos en España é do 16,7 % e en Galicia é do 15,7 %.

De todas formas, señorías, eu avanzaba antes como nai que a familia ten un papel fundamental, e temos que ser moi conscientes de que nesta problemática é clave o papel da educación familiar.

É un erro responsabilizar unha administración pública dun uso abusivo de internet por parte dos menores; ou, se prefiren, a Administración nunca vai poder suplir o labor educativo e o control parental que teñen que facer os proxenitores. Nós non coincidimos coa teoría da ministra Celaá. ¿Lembran aquilo que dicía: *No podemos pensar de ninguna manera que los hijos pertenecen a los padres?* Nós non coincidimos con esa afirmación. Consideramos importante a educación na casa. A prevención ten que estar nas normas que se poñen na familia, en cantas horas se adican ao uso de internet na casa, en se os dispositivos electrónicos teñen ou non control parental. O papel das familias é clave, e o propio informe de Unicef dínolo, non o di o Grupo Parlamentario Popular nin esta deputada. Di o informe de Unicef que máis do 70 % dos proxenitores non poñen normas sobre o uso das tecnoloxías para a relación, a información e a comunicación, e que máis do 75 % dos rapaces non teñen límite de horas de uso. É algo que recoñecen os propios rapaces. E, por exemplo, na páxina 49 do informe, di textualmente: *Que los progenitores establezcan una serie de normas con relación al uso de dispositivos, si bien no implica una disminución del uso problemático de internet, sí que implica una disminución significativa de buena parte de los riesgos on line.*

Por tanto, cremos que o papel das familias é importante.

E a Xunta de Galicia tamén consideramos que está facendo cousas. Estamos ante unha situación cuxa abordaxe ten que ser integral e transversal. E non podemos dicir que partimos de cero. A Xunta, nos diferentes departamentos, está actuando e poñendo en marcha medidas para previr e dar resposta ás situacións de uso problemático da internet e das novas tecnoloxías.

Vostedes plantexan na súa iniciativa un plan de saúde e convivencia. Nós cremos que non se pode centrar só na saúde, cremos que temos que falar dun paquete de medidas transversais que partan dende a sanidade, dende a educación, dende a política social e dende a



igualdade, e non só centralo nas Anpa. Creo que son importantes todos os axentes sociais, porque hai programas —eu non vou citar aquí todos os que está facendo a Xunta—, como, por exemplo, «Navega con rumbo polo ciberespazo», en colaboración co Colexio de Enxeñeiros de Informática, que son importantes. Creo que hai moitos axentes sociais que poden participar, axudar e colaborar nisto que nos implica a toda a sociedade, á Administración pública, ás familias, tamén a colexios profesionais, ás Anpa e a outras administracións, como poden ser a Universidade ou como pode ser a Fegamp, que vostedes citan na súa iniciativa.

Nós presentamos unha emenda de matices, señora Ortega. Vostede sabe que nós temos vontade de chegar a un acordo nesta iniciativa, e creo que todos os grupos deberíamos de poñer os intereses da infancia e da adolescencia por riba dos nosos intereses políticos.

Agardo que poidamos chegar a un acordo, que eses matices poidamos pulilos e que ao longo da mañá poidamos chegar a un texto de consenso.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Acaban de entrar os alumnos de 5º e 6º de primaria do centro Cabanas, de Pontevedra. Dámolles a benvida ao Parlamento e tamén aos seus profesores, que hoxe os acompañan.

Polo grupo autor da moción, a señora Ortega.

**A señora ORTEGA OTERO:** Grazas, presidente.

Doulles a benvida aos alumnos do centro de Cabana. Agradezo que estean aquí, e tamén llelo agradezo aos seus mestres, porque xustamente coincide que este debate lles interesa moito, xa que estamos a falar das novas tecnoloxías, da parte boa —que teñen unha parte positiva—, pero tamén da outra parte, porque teñen unha parte que temos que controlar, unha parte de risco para os menores, que é un problema para a saúde pública e tamén para a propia convivencia familiar que temos en Galicia. E iso transcende a outros niveis, pero o que aquí nos atinxe é Galicia. Tamén me alegro de que estes alumnos estean presenciando este debate porque ás veces se poden ver nos telediarios, ao mellor, os parlamentos e vense outro tipo de discusións, outro tipo de diferenzas entre partidos políticos. Pero eu penso que, neste caso, tendo en conta que é unha problemática sensible que nos afecta todos e todas e que non atende de cores políticas, pois temos moitísimos acordos entre os tres partidos aquí representativos da cidadanía galega, como os que estamos aquí presentes.

Antes de nada, quero agradecer aos partidos políticos representados, neste caso, pola señora Prado e polo señor Castro, o apoio, o interese por esta iniciativa, que considero que é algo que, como dicía anteriormente, nos afecta todos e todas e que é un problema social.



Nós estamos a trasladar que esta proposta parte dunha iniciativa, dos expertos na materia, e non podemos substituír nada en ningún caso. Como comentaban ambos ponentes dos grupos parlamentarios Popular e Bloque Nacionalista Galego, ten que enriquecer, ten que ser coordinada, transversal e abordar moitísimas das cuestións a través do que plantexamos hoxe aquí dende o Partido Socialista. Pero tamén temos que valorar que sexa ampla, que poida chegar realmente a aqueles lugares clave para os propios técnicos preventivos que temos en Galicia, como, por exemplo, ao Plan de trastornos aditivos, que está sen actualizar en 2016. Tendo en conta que se elaborou no ano 2010, seguro que temos moitísimas cousas que actualizar, e dende o propio Goberno galego eu penso que, seguramente, este tipo de cuestións haxa que actualizalas e adaptarnos ao contexto real, que, como saben, mudou moitísimo nos últimos anos, pero especialmente nos últimos dous anos. O uso problemático da tecnoloxía, como saben, abarca moitas áreas e non se pode circunscribir a accións illadas nin puntuais, senón que ten que ser global. Por iso hoxe aquí agardamos poder chegar a un consenso de todos os partidos para ter un programa galego con todas esas medidas das que falamos para minimizar ao máximo os riscos que se plantexan das tecnoloxías, desa cara da moeda que agocha perigos para os nosos menores e tamén para a convivencia familiar, como dicíamos antes.

Este tipo de cuestións podemos remarcar que teñan o carácter integral e transversal, pero tamén que sexan comunitarias, cunha resposta eficaz en tempo e forma e baseadas, por suposto, na evidencia científica. E, como din os propios profesionais aquí presentes, temos que dar un paso de xigante. Temos que ir un paso máis alá, porque é verdade que si que se fixeron cousas, isto tamén hai que dicilo, pero temos que pasar de preocuparnos a ocuparnos, como nos están a indicar os propios profesionais.

A prevención sobre a saúde da poboación infantoxuvenil é unha das accións políticas máis intelixentes e rendibles que podemos levar a cabo dende calquera goberno de calquera sociedade avanzada. Por iso creo que tanto afecta menores, por suposto, como tamén afecta maiores. É que, como comentaba o señor Castro, os maiores tamén estamos moi pouquiño tempo sen mirar o móbil, sen estar pendentes da tecnoloxía.

Pero si que é verdade que cando temos unha poboación infantoxuvenil nativa dixitalmente, cando aínda non ten formada realmente a súa propia personalidade, cando non están formados realmente incluso a nivel cerebral, temos que poñer sobre a mesa este tipo de cuestións para blindar os nosos menores, para minimizar ao máximo os riscos. Porque está claro que o risco cero non existe, nin existirá nunca, pero si que temos que minimizar os riscos, porque se trata dunha cuestión fundamental. E ao mesmo tempo que a Xunta anunciaba cerca dun millón de euros para impulsar a industria dos viodeoxogos, como lle dixen ao conselleiro, e que si que é importante, porque somos punteiros neste sentido, temos que acompañar este tipo de medidas da outra cara da moeda, a cara dos ricos e da prevención que temos que levar a cabo para blindar os nosos menores e tamén as propias familias, xa que, como ben apuntabamos aquí, ese 22,6 % de familias indican que unha vez á semana teñen discusións cos seus fillos e fillas. Moita xente que nos está vendo seguramente se sinta identificada, e os propios nenos seguramente lles rifen moitas veces aos seus pais porque queiran pasar máis tempo xogando. Pero, bueno, temos que facer caso neste tipo de cuestións para que ese control parental blinde realmente a propia saúde dos menores e poidamos tomar





cartas nun asunto que é fundamental. E é vedade que os acontecementos das últimas semanas priorizan cuestións moi graves, neste caso no noso país, pero non podemos esquecer tampouco as cuestións urxentes que temos na axenda galega.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Sobre as emendas?

**A señora ORTEGA OTERO:** Estamos pendentes...

**O señor PRESIDENTE:** ¿...dunha transacción?

**A señora ORTEGA OTERO:** Si.

Grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre a política do Goberno galego respecto da atención presencial na banca**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Gonzalo Caballero Miguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

*Emenda de adición, que quedará redactada co seguinte contido:*

«7. Elaborar un plan estratéxico galego fronte a exclusión financeira na Galicia postcovid que aborde como blindar compromisos e concretar medidas efectivas dentro do ámbito competencial da Xunta coa finalidade de:

7.1. Garantir a atención personalizada nos servizos financeiros bancarios aos consumidores e usuarios vulnerables que o demanden, e abordando unha Carta de Servizos Básicos que garanta o dereito de todos os galegos e galegas á inclusión financeira.

7.2. Asegurar os servizos financeiros a todas as persoas, especialmente no medio rural, facéndoos máis accesibles tendo especialmente en conta as necesidades da cidadanía galega con discapacidade e das persoas maiores que non usen a banca dixital.

7.3. Diseñar medidas e un plan de acción coa finalidade de que non existan concellos en Galicia que retrocedan irreversiblemente no seu nivel de inclusión financeira nesta lexislatura, buscando restituír servizos bancarios en todos os municipios nos que pechou a única oficina bancaria en tempos recentes».)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción, ten a palabra a señora Presas.



**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

Dámoslles a benvida tamén aos alumnos e alumnas que nos acompañan.

Como poden detectar, estou un pouco afónica; polo tanto, preventivamente, en caso de que quede sen voz, remítome ao dito no anterior pleno e ao escrito na moción.

En todo caso, eu quería comezar hoxe recordando algúns titulares cos que amencemos no día de hoxe, por exemplo, *O Faro de Vigo* (*A señora Presas Bergantiños le uns titulares de prensa.*): «*El impacto de la guerra desorbita la tarifa eléctrica en la cesta de la compra*». Outro xornal: «Luz e petróleo baten récord. Hoxe a luz, 545 euros o megavatio, o máis caro da historia».

Titulares coma estes devólvennos á situación que está vivindo o noso país hoxe. Temos unha suba de prezos absolutamente desorbitada en produtos básicos, e isto representa unha dificultade crecente para cada vez máis persoas, e temos un contexto agravado, ademais, polo conflito bélico. Está aí, agrava a situación, pero xa viñamos dun contexto de incremento dos prezos moi grande. Tiñamos a inflación máis alta dos últimos trinta e tres anos, e isto é brutal en termos económicos, pero gustaríanos deternos agora un pouco en como iso afecta as maiorías sociais, en como iso afecta moitos fogares do noso país, e en como iso, ademais, crea un caldo de cultivo para que, precisamente, os abusos bancarios dos que queremos falar hoxe se dean con máis intensidade e que, polo tanto, sexa necesario que a Xunta de Galicia rectifique a súa folga permanente de brazos caídos neste ámbito e faga algo para protexer a veciñanza.

Debemos preguntarnos, polo tanto, como é a situación da sociedade, dos galegos e das galegas, que teñen que facer as súas contas todos os días para chegar á fin de mes, e o certo é que non dá demasiada capacidade de resistencia. Podemos recordar, por exemplo, que neste país o salario medio dos galegos e galegas é 600 euros menor á media salarial estatal, podemos recordar que temos das pensións máis baixas, podemos ver a última estatística do Instituto Galego de Estatística, que nos falaba dos ingresos nos fogares e que recollía como en 2020 o ingreso medio mensual diminuíu un 0,77 %, quedando en 2.277 euros. Diciamos tamén que nesa estatística, por tipoloxía de fogares, precisamente aqueles que están peor, que teñen peores condicións, como poden ser, por exemplo, os monoparentais, liderados maioritariamente por mulleres, tamén viron como diminuíu a súa media salarial, e sabemos tamén que neste país esa fenda salarial, aínda que é ilegal, supera no día de hoxe aínda os 4.000 euros ao ano. E sabemos que as mulleres somos as que lideramos as maiores cotas de temporalidade, de precariedade e de parcialidade. E tamén, falando de exclusión social, hai que recordar os datos que nos daba a Rede galega contra a pobreza, de que máis dun cuarto da poboación deste país ten ou está en risco de exclusión social e que, polo tanto, temos a 40.000 persoas máis —cos datos de 2020— nesa situación.

Ese é o panorama. E con ese panorama hai que facerse unha pregunta. Hai que pensar nun fogar calquera deste país; un fogar normal que non teña grandes luxos na súa vida diaria, pero que poida permitirse algún extra, como imprevistos ou vacacións. Neste contexto, ¿que é o que acontece? ¿Que lle pode pasar e como pode reaccionar? Eu imaxino, por exemplo, que lle chegou a factura da luz, despois de varios meses de atraso, cun incremento dos prezos sen precedentes anteriormente na nosa historia. Pensemos que ten algún imprevisto, que



ten que pagar, por exemplo, unha endodoncia, algo que é case imposible que che fagan na sanidade pública neste país. Pois sería un fogar normal, que ten unha subida media dos prezos que ten que asumir, como os da cesta da compra ou de gasolina para ir traballar, ao mellor duns trescentos euros máis do que lle custaba desenvolver a súa vida cotiá sen grandes luxos hai un ano ou ano e medio e que, por riba, ten que facer un gasto extra —calculemos— duns cincocentos euros. Pois seguramente moitos fogares nesa situación o que van facer é ir petar á porta dun banco, pedir algún tipo de préstamo con algunha desas tarxetas maravillosas que nos anuncian 24 horas ao día nas radios e nas televisións, ou incluso pode caer nalgún impago, en demoras de facturas ou en ter que pagar algún xuro.

Polo tanto, temos que pensar, neses fogares medios, con que situación se van atopar cando van ir á porta dun banco. E, seguramente, moitos deles xa nin sequera van atopar alguén que lles abra. E non estou facendo esta metáfora por volver falar aquí —que tamén hai que recordalo— desas entidades bancarias que foron pechando e que foron despedindo os seus traballadores e traballadoras, senón que, seguramente, este fogar medio dun galego ou dunha galega calquera xa non é obxecto de interese para as entidades bancarias; por exemplo, para a entidade bancaria favorita do Partido Popular, como vimos hai quince días, esa entidade de Abanca, que durante o confinamento incrementou as súas comisións, e que ademais marcou un pouco a liña do que están facendo outras entidades, que é que aqueles clientes que non son xugosos, que non teñen grandes salarios, grandes rendas, grandes aforros, non son interesantes e hai que expulsalos do sistema bancario. Por exemplo, Abanca, nese mes do confinamento, decidiu que aqueles clientes que non teñan unha nómina, que non teñan un gasto de 1.200-1.500 euros ao ano con tarxeta de crédito e que teñan menos de 30.000 aforrados —jollo, 30.000 euros aforrados, que calquera non é capaz de ter esa contía!—, pois non son interesantes; entón, imos abrasalos a comisións a ver se así marchan.

Con este exemplo o que quero reflectir é que a exclusión financeira —aquí falamos moitas veces do medio rural, de como se vai impedindo o acceso aos servizos, falamos moitas veces tamén, especialmente no último pleno, de como afecta as persoas máis maiores por unha dixitalización excluín-te, falamos moitas veces de situacións deste tipo— é hoxe en día un problema de primeira orde no noso marco económico; é un problema crecente e é un problema que está afectando xa unha maioría da sociedade. Non é algo anecdótico nin é algo reducido nin residual.

Entón, da mesma maneira que alertabamos do peche de oficinas bancarias e dicíamos: jollo!, este non é un problema rural versus urbano, está pasando tamén nas cidades e vai pasar cada vez máis, pois coa exclusión financeira está acontecendo o mesmo; é algo cada vez máis frecuente en familias, en fogares e en persoas que ata o momento, cando necesitaban por calquera imprevisto, por calquera cuestión ou por un proxecto de vida, acudir a unha entidade bancaria, non eran excluídos, e agora si.

Polo tanto, con este exemplo o que queremos é poñer enriba da mesa que esa cobiza bancaria que non ten límites no día de hoxe está supoñendo tamén un importante problema para moitas persoas que se atopan en vulnerabilidade social. Polo tanto, se xa tiñamos ese contexto do que falabamos no que se perderon máis de cen mil postos de traballo nos últimos anos, no que se pecharon oficinas —Galiza foi a terceira comunidade que máis entidades pechou, cun descenso



do 14,70 %, cos últimos datos do Banco de España—, no que vimos un aumento brutal —insisto— da exclusión financeira por motivos moitas veces de accesibilidade física ou de accesibilidade polos coñecementos técnicos, pero que iso vai aumentando —e niso insiste o último informe da Rede europea contra a pobreza sobre inclusión financeira, que alerta da gravidade da situación e de que isto ten consecuencias na sociedade nun momento de circunstancias económicas adversas—, no que hai sobreendebemento, hai abusos, hai bancarrotas persoais, hai perdas de vivenda que se poderían evitar, hai un empobrecemento tamén pola usura en lugar de supoñer un alivio, pois isto, nun contexto como no que vivimos, é directamente un cóctel molotov, un foco de abusos e estafas. E aquí sabemos que á banca só lle importa a súa caixa, aumentar os seus beneficios e a súa rendibilidade. Pero debemos preguntarnos: ¿que lle importa ao Goberno galego? ¿Que lle importa ao Partido Popular? Porque o problema é que aparentemente isto lle dá absolutamente igual. Vímolo na interpelación anterior, cun discurso absolutamente conformista e prefabricado do conselleiro de Facenda, que viña aquí simplemente defender esa táctica innovadora do Goberno galego de que, se unha entidade pecha os servizos, pois lle imos dar cartos públicos para que siga pechando, que xa llos pagamos nós. *(Aplausos.)*

Polo tanto, nós hoxe o que queremos propoñer con esta moción é aprender do que aconteceu no último ano e pico. Vimos que as entidades bancarias pactaban, por exemplo, o horario de caixa e que aquí ninguén actuaba, que non actuaba o Goberno galego, defendendo os dereitos das consumidoras e dos consumidores, e que o Goberno do Estado agardou ata o último momento para actuar. Foi simplemente a polémica social, a mobilización, a que conseguiu resolver minimamente a situación. Estamos á expectativa de que dá ese acordo entre a patronal e o Goberno central, pero pensamos que non vai resolver todos os problemas existentes.

Polo tanto, traemos esta moción precisamente para que a Xunta de Galiza faga algo e active as súas competencias exclusivas para defender os intereses da sociedade en catro sentidos. Primeiro —insistimos—, hai que rectificar esa política de regalos á banca. Hai que rectificar esa política de axudas públicas porque contribúe ao efecto chamada de peche de servizos. Hai que exixir do Goberno central que se acelere a reforma da regulación para que unha serie de servizos mínimos estean garantidos. Hai que reforzar tamén o Instituto Galego de Consumo, por unha sinxela razón, porque temos competencias en materia de protección das consumidoras e dos consumidores, temos instrumentos e, polo tanto, hai que desenvolverlos. Propoñemos que se dea máis capacidade de sanción e de investigación ás entidades bancarias en produtos como a conta básica para ver se están cumprindo e que se avance tamén no estudo da realidade da exclusión financeira deste país. E propoñemos tamén que se impulse a formación e a actuación no ámbito dos servizos sociais, que é algo no que as redes contra a pobreza están insistindo; que se dea formación para que se poida trasladar ás persoas máis vulnerables como protexerse e que cautelas tomar. E, por último, exixir ás entidades bancarias que operan no noso país que freen o desmantelamento de servizos.

En conclusión, Galiza ten competencias exclusivas en materia de consumo, ten competencias en materia de planificación económica. O que precisa é que o Partido Popular deixe de dedicar o seu tempo a resolver os propios problemas do Partido Popular, que se dedique a gobernar, e que se poña por fin non do lado da banca senón do lado da xente.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Caballero.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, quero comezar a miña intervención solidarizándome e apoiando, como sempre, este día 8 de marzo, un día para a defensa da igualdade real entre mulleres e homes; un día para nos comprometer coa axenda feminista, que permite que un país poida avanzar, porque hai moitos retos aínda que cubrir para impulsar o papel das mulleres na política, na sociedade, na economía e no noso mundo, e porque noutras partes do mundo o reto da igualdade é aínda unha asignatura máis pendente. Así que hoxe facemos un chamamento tamén a todos os galegos e a todas as galegas para que estean na rúa respaldando a causa do feminismo, a causa das mulleres, que é a causa de todos e de todas. *(Aplausos.)*

Quería falar tamén nesta intervención da situación —como dicía a voceira de economía do Bloque Nacionalista Galego— que estamos vivindo nestes momentos; unha situación na que a economía ten por diante enormes retos. É unha situación na que os acontecementos da invasión e da guerra en Ucraína están implicando un novo mundo en todos os ámbitos e tamén na cuestión económica. E é, polo tanto, o momento de ter que acender todas as luces para poñernos a traballar sobre un mundo que vai ser distinto e que nos vai afectar todos e todas; tamén a un goberno da Xunta de Galicia, que parece estar ausente, que parece non ter xa ningunha axenda nin ningún reto para o que queda nesta lexislatura. E ímolo seguir vendo en cada un dos aspectos que temos; hoxe, por exemplo, cando falemos da exclusión financeira. Non lle podemos permitir ao Goberno do Partido Popular, ao Partido Popular de Galicia, que estea debatendo sobre quen é o herdeiro do Goberno da Xunta en vez de poñerse a traballar polos galegos e polas galegas. Non podemos permitir que o Partido Popular converta o que queda desta lexislatura nos minutos da basura, como ocorre na NBA cando o partido xa está gañado, no que se pasa a pelota e non se resolve o partido, e aquí non se resolven os problemas dos galegos e das galegas. Non podemos permitir que o Partido Popular siga vendo para o aire ou vendo para si mesmo, en vez de ver para un país que necesita respostas en sanidade, en educación, en tantos ámbitos..., e tamén no ámbito económico. E é por iso que é o momento de que se centren en Galicia e non se despisten convertendo en minutos de basura unha lexislatura que é fundamental nun novo contorno e con novos ambientes.

E nese reto temos unha Galicia que ten no medio rural unha asignatura pendente. En trece anos de goberno do señor Feijóo ao fronte da Xunta o medio rural foi abandonado. Prometéronnos lexislaturas do rural e fixeron un abandono constante do medio rural en Galicia, sen impulso demográfico, sen impulso de servizos en pé de igualdade, sen apoio aos galegos e galegas que viven en tantos concellos do rural con menos servizos e con menos dereitos á igualdade. E é por iso que os socialistas seguimos facendo a bandeira e a defensa da igualdade en todos os ámbitos para que non haxa un galego ou unha galega que, por motivos de idade, de discapacidade ou de onde resida poida perder dereitos para facer fronte aos retos do futuro.



E é por iso que sabemos que nun modelo de país avanzado a exclusión financeira fai perder dereitos. Non hai unha cidadanía do século XXI se non temos dereitos á inclusión financeira para todos e para todas. E nunha Galicia na que existen 45 concellos nos que non hai entidade financeira, nunha Galicia na que no último ano pecharon máis de cen oficinas bancarias en distintos concellos, nunha Galicia na que ao longo do que vai de lexislatura xa houbo varios concellos que deixaron de ter oficina bancaria e que non teñen ningunha, o Goberno do PP ten que converter a súa tarefa en respostas aos problemas dos galegos e das galegas. Esa é unha axenda coa que estamos comprometidos os socialistas e as socialistas. Estámolo porque é o reto do futuro, pero porque tamén queremos evitar unha Galicia do despoboamento, unha Galicia da falla de impulso no medio rural, unha Galicia na que haxa cidadáns de primeira e cidadáns de segunda. E é por iso que ao longo de toda esta lexislatura mantivemos un compromiso claro con iniciativas constantes —boa parte delas impulsadas polo noso deputado Juan Carlos Francisco Rivera—, reclamando esa inclusión financeira en tantos lugares de Galicia; por exemplo, especificamente, nas provincias do interior —en Ourense e Lugo— pero en Ourense especificamente, onde hai máis concellos sen ningunha entidade financeira.

Temos que retomar a axenda de traballo. Eu quedei moi preocupado escoitando o outro día o conselleiro, porque o conselleiro o que veu dicir é que non tiña ningún compromiso, ningunha tarefa nin ningún reto dende o ámbito de competencias da Xunta para mellorar a inclusión financeira dos galegos e das galegas. O conselleiro o outro día aquí, na súa intervención, veu constatar que o Goberno da Xunta de Galicia está ausente, que converte o que queda de lexislatura nos minutos da basura no que non queren gobernar e nos que non hai nin axenda, nin tarefa, nin retos para os cidadáns deste país. E ese é un camiño errado nun momento no que o Goberno de España e no conxunto do Estado se están ampliando as innovacións e os mecanismos de acción. Estanse ampliando cando no propio Senado se acordou un plan de medidas, a través da Lei de protección de consumidores e usuarios fronte ás situacións de vulnerabilidade, para poñer todos os medios que permitan a atención personalizada sen discriminación por fenda dixital. É que se buscaron mecanismos con medidas importantes que logo se plasmaron tamén nun acordo coa banca, coa Confederación de caixas de aforros, coa Asociación Española da Banca e coas cooperativas, para buscar tamén medidas importantes que supoñan un impulso: a ampliación de horarios de caixa de nove a dúas, axudas a tantos mecanismos de atención telefónica, axudas de caixeiros, de máis persoal nas institucións... En definitiva, hai unha axenda de traballo dende as institucións do Estado que implican un prazo de tres meses no ámbito lexislativo e un prazo de seis meses para facer efectivos eses acordos coa banca.

E se o Goberno de España está movendo ficha e traballando, o Goberno de Galicia ten a corresponsabilidade de mover ficha tamén e de traballar. Non pode ser que o Partido Popular siga querendo ser o gran aliado da banca deste país, aquel que xestionou unha operación na que se entregaron 9.000 millóns de euros ás antigas caixas para que este país quedase sen entidades financeiras ancladas no territorio e as vendese nun negocio redondo por 1.000 millóns de euros. *(Aplausos.)* Seguen sen abrir a Comisión de Investigación das Caixas, e ademais de non tomar medidas, son convidados de pedra do que avanza. Porque se algo tiveramos que dicir é que este goberno da Xunta non se entera. O conselleiro veunos o outro día anunciar dúas grandes medidas, e a primeira delas era sinalar que a institución financeira con maior implantación en Galicia anunciara semanas antes que non ía pechar nin-



gunha oficina naqueles concellos nos que soamente existía unha. Desafortunadamente o Goberno da Xunta de Galicia enterouse pola televisión. O Goberno da Xunta de Galicia nin impulsou nin logrou acordos cos seus grandes aliados e incluso a banca do país tomou medidas para axudar á inclusión financeira sen que a Xunta de Galicia fixese nada. Iso si, comprometeuse a entregar millóns de euros para que se mantivesen caixeiros alí onde se pechan oficinas. Esa é a idea dun goberno que está desnortado, dun goberno que non ten tarefa de goberno, que non ten compromiso e que non ten medidas.

Claro que é importante que se amplíen os horarios de caixa para atender as persoas máis vulnerables. Claro que é importante que non se pechen oficinas onde soamente queda unha. Son anuncios e compromisos da banca a través das medidas que se están adoptando a nivel do Estado. Pero o Goberno da Xunta nin fixo nin parece que vaia facer.

Quérolles pedir, señores do Partido Popular, que traballen por unha cidadanía en Galicia con dereitos e inclusión financeira, que traballen adoptando medidas a través das súas competencias en consumo, en economía, en materia de país, dentro do autogoberno, no que se pode facer, e que rexeiten e rectifiquen unha consellería de Facenda que vén a este Parlamento dicir que non vai facer nada pola inclusión financeira dos galegos e galegas con discapacidade no rural e daqueles que teñen máis dificultades. Suspendan o seu conselleiro e poñan a traballar o Goberno, señores do PP, porque a Galicia do rural non pode seguir estando sen tarefa nin ningunha cuestión que facer.

Quérolles dicir, señoras e señores deputados, que a inclusión financeira nos fai cidadáns dun país con máis dereito, e que, ademais de aprobar unha lei de impulso demográfico que é papel mollado, teñen que tomar medidas para impulsar as cuestións fundamentais para que os cidadáns poidan estar no territorio. É por iso que, dende logo, imos seguir mantendo dende o Grupo Parlamentario Socialista unha axenda permanente de compromiso coa Galicia do medio rural, unha axenda de compromiso coa inclusión financeira e que, ademais, imos, dende logo, sempre ter un compromiso que se materialice en cuestións concretas para avanzar nesas cuestións.

Nós cremos que a iniciativa, a moción que se trae a pleno, é positiva, e complementámola con medidas que impliquen unha carta de servizos que obligue a dar servizos financeiros no conxunto do país a través das medidas que legalmente son viables...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** ...que permita ter unha atención preferencial a persoas con discapacidade, aos maiores e aos cidadáns do rural, e un compromiso explícito de que ao final desta lexislatura non vai haber un só concello en Galicia que perda atención presencial. Alí onde hai unha soa oficina non se pode pechar, iso xa o din agora as entidades financeiras. Ao que vostedes teñen que comprometerse...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** ...é a que alí onde pecharon hai que abrílas. E iso é o que ten que impulsar o Goberno do PP.



Moitas grazas, señoras e señores deputados. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Caballero.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Vázquez Domínguez.

**A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días.

Señorías, esta Cámara parlamentaria é testemuña das numerosas iniciativas que cada un dos grupos políticos presentamos ao abeiro dos efectos que a exclusión financeira provoca nas persoas consumidoras. E aí, señorías, coincidimos.

Comezaba a señora Presas preguntando que é o que lle importa ao Partido Popular. Pois si, señora Presas, o que lle importa ao Partido Popular é tamén o elevado prezo da electricidade, que alcanzará no día de hoxe os 700 euros megavatio/hora; o que lle importa ao Partido Popular é a inflación desorbitada; e tamén lle importa o incremento do prezo do combustible.

Señora Presas, o prezo megavatio/hora non está elevado esta semana, leva elevado meses; meses desde que vostedes premeron aquel botón verde para darlle o goberno a Pedro Sánchez. Diso é do que vostede debería estar máis preocupada. *(Aplausos.)*

E, señor Caballero, eu sei que vostede está moi preocupado polos partidos políticos. Ao mellor é que vostede non me quere contestar precisamente porque o prezo do megavatio/hora no día de hoxe vai alcanzar o pico dos 700 euros. Igual vostede non me quere responder a esas preguntas, probablemente porque non lle interesa, probablemente porque non é prioritario para o seu goberno.

O que si é prioritario e do que somos conscientes dende o Partido Popular é de que estamos ante un gran problema, que é o que nos trae a debate hoxe a moción do Bloque Nacionalista Galego, sobre as dificultades de acceso que hai aos servizos financeiros e bancarios. E as administracións públicas debemos estar á altura e dar unha resposta inmediata á dita problemática.

Señora Presas, vostede centra a súa moción en seis puntos que creo que merece a pena debullar un a un, porque comprenderá que as súas peticións son inequívocas. E dígolle basicamente por que erra no plantexamento.

No seu primeiro punto fáleme vostede de rectificar a política da subvención. Mire, tanto vostede como o señor Caballero —e anteriormente o outro portavoz, que tiveron a honra de poder debater con el deste tema— téñenme dito en varias ocasións que o acordo entre a Fe-gamp e a Xunta para a instalación de caixeiros automáticos en municipios que non teñen oficina é un efecto chamada. Eu a semana pasada, ante estas acusacións que levan vertido en numerosas ocasións, fixen un labor de investigación, grazas aos deputados do meu grupo





parlamentario. E mire, nos concellos galegos, Oímbra pechou o banco en decembro de 2012; en Baltar, pechou Abanca —do que tanto se falou— no ano 2012; en Rairiz de Veiga, pechou Abanca no 2014 e o Santander, no 2016; en Xunqueira de Espadañedo, a oficina bancaria pechou no ano 2016. E agora queren dicirme que o convenio firmado no ano 2020 é un efecto chamada. ¡Home!, vostedes deberían ser un pouquiño máis serios e un pouquiño máis ríxidos. (*Murmurios.*) Si, si. Eu sei que os argumentos que teñen vostedes quedan ben, pero, señorías, non admitimos pulpo como animal de compañía; por agora, non.

Eu sei que non lles gusta, porque non lles gusta a vostedes; a vostedes, que non gobernan, pero aos alcaldes que gobernan do Partido Popular, do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego si lles interesa. Claro que lles interesa porque realmente están preocupados polos seus veciños e queren darlles un servizo financeiro do que carecen na actualidade, logo de non darlles resposta por parte do Goberno central.

Di vostede no segundo punto: «Demandar do Goberno central a modificación da regulación do sector financeiro». Concordamos, señora Presas, concordamos. E, dende logo, é unha das reclamacións que leva manifestado este grupo parlamentario en diversas ocasións e dende o Goberno galego. Sen embargo, vostedes, sempre que trouxemos iniciativas por parte do Grupo Popular, tiveron esa posición neutral de abstención, porque non vaia ser que votemos a favor, igual que o Partido Popular, e que non lles guste moito aos seus socios de goberno.

Eu creo que tamén convén recordar que se falou aquí do Instituto Galego de Consumo —que tamén trae no terceiro punto da súa moción—, que vela polos dereitos das persoas consumidoras, realizando ese labor de asesoramento, e, como vostede tamén dixo, que é para a protección dos consumidores. Aclarado ese labor que desempeña o instituto, é ben, para responder, enlazarlle con algúns dos puntos que vostede trae na moción, exactamente co punto 5º. Recórdolle que na actualidade o Instituto Galego de Consumo e da Competencia realiza talleres informativos en materia financeira en colaboración cos concellos, coa Federación Galega de Asociacións e tamén con Cáritas, co obxectivo de priorizar eses colectivos máis vulnerables.

E por pór datos, porque os datos son as mellores probas, ¿non?, direille que durante o ano 2021 o Instituto Galego de Consumo e da Competencia atendeu 40.047 consultas, fronte ás 39.000 do ano 2020. E desas 40.000 ás que me estou a referir, 1.809 —que son consultas para a protección dos consumidores, nunca sancións, e falarei diso máis adiante— corresponden, precisamente, ao sector financeiro. Eu creo, señora Presas, que, dentro do abano de competencias exclusivas do instituto, desenvolve o seu traballo, e, polos datos, un traballo eficaz, axeitado e, por suposto, comprometido.

O que si resulta curioso é que os portavoces que me precederon no uso da palabra, que son conscientes de que o Instituto Galego de Consumo non ten, dentro das súas competencias, ese labor inspector e sancionador... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, señora Presas, iso compételle ao Banco de España. Mire a normativa. Eu simplemente llo digo. E parece que non debe de estar exercéndoa, xa que fai vostede as reclamacións.

Sen embargo, mire, son capaces, no apartado 4 do artigo 82 do Real decreto lei 24/2021, de atribuírse unilateralmente as competencias que lles son atribuídas ás comunidades autó-



nomas, e así limitar que as comunidades autónomas poidan sancionar, como pode ser ás eléctricas. E explícome; explícome para que o entendan. O que pretende o Goberno central é que, onde non temos competencias, que actuemos; é o que pretende o Bloque Nacionalista Galego. E onde temos competencias, que é o que pretende o Partido Socialista, queren qui-tárnolas. Iso é o que pretenden tanto os nacionalistas como os socialistas.

E, señor Caballero, o que me sorprende de vostede..., bueno, do seu grupo parlamentario, é a emenda de adición que trae vostede. Na anterior sesión plenaria asumía e recoñecía que era o Goberno do Estado o que debía regular a normativa estatal en materia financeira. E pregúntome eu: ¿que cambiou de hai quince días ata hoxe? Xa mo explicará cando teña ocasión, porque agora parece que vostede volve un pouquiño ás andadas. O Goberno galego elabora un plan estratéxico fronte á exclusión financeira. ¡Pero é que lle compete ao Goberno do Estado! E non o digo eu. Para que me crea, dílo a súa ministra do ramo, a señora Calviño, a número dous do seu goberno, do Goberno estatal.

A mesma semana, hai quince días, esta Cámara parlamentaria aprobaba en solitario unha iniciativa do Grupo Parlamentario Popular sobre a necesidade de elaborar un estudo co Banco de España e coa Comisión Nacional do Mercado de Valores e da Competencia. Firmábase en Madrid ao mesmo tempo un protocolo entre a ministra Calviño e as entidades financeiras. E, se quere, podo pasarllo, teño aquí os puntos que se debatían. E, ¡que coincidencia!, os tres puntos da súa emenda, señor Caballero, están recollidos nese protocolo elaborado polo Goberno de España. ¿E sabe por que, señor Caballero? Voullo dicir. Porque as competencias recaen —si, si— no Goberno central, na Vicepresidencia Primeira de Asuntos Económicos e Transformación Dixital. *(O señor Caballero Miguez nega coa cabeza desde o seu escano.)* Si, si, a señora Calviño. Xa lle dixen que non o dicía eu, que o dicía ela mesma.

Fala vostede no punto 7.1 da súa emenda de adición de atención personalizada dos servizos financeiros básicos aos usuarios vulnerables. Lea vostede —voullo dicindo—, dentro do Protocolo, o primeiro artigo, o segundo e o cuarto —dentro do Protocolo—.

En canto ao segundo punto, «asegurar os servizos financeiros a todas as persoas, facendo fincapé no medio rural», punto sexto.

En canto ao último punto da súa emenda de adición, ese é o plan ao que vostede se refire, e está asinado dende finais do ano 2020, tras meses de traballo durante o ano 2019. Trátase dun convenio entre a Fegamp e o Goberno galego, que eu non sei se, ao mellor, vostede descoñece, pero, mire, consiste en instalar caixeiros automáticos nas dependencias municipais. Que, por certo, xa é unha realidade, señorías. No concello ourensán de Arnoia xa dispoñen dese caixeiro automático. Pero non simplemente dun caixeiro automático, senón que tamén prestan un servizo de asistencia financeira que solucione de xeito presencial as dúbidas que poidan ter os consumidores de produtos financeiros. E, por suposto, tamén a formación financeira e a banca electrónica. Unha iniciativa, señorías, que outras administracións empezan a imitar, pero que é moito máis completa e que non se limita a instalar unicamente un caixeiro automático. É unha alternativa atractiva para moitos concellos, concretamente para 38 concellos galegos de diferentes cores políticas. ¿E saben por que? Porque era a única solución para moitos dos concellos sen oficina, dada a inacción do Goberno central dende os anos 2019, 2020 e 2021.



E xa remato, señor presidente. Por parte dos nacionalista galegos xa sabemos que todo o que teña que ver, señora Presas, co Partido Popular ten pega. E para mostra, un botón: alcaldes do Bloque Nacionalista Galego firman e recoñecen que se lles está a dar un servizo bancario e financeiro con este tipo de convenios e sen ningún custo para a Administración local. Sen embargo, o Bloque, no Parlamento galego, critica ata a saciedade.

Pero o asombroso é o do Partido Socialista. Señor Caballero, sorpréndeme, de verdade, e díggollo dende a cordialidade que supón que vostede represente un partido de goberno, un partido que goberna España, que ten plenas competencias para impulsar unha normativa que regule a prestación universal de servizos financeiros básicos; un Partido Socialista estatal, que recoñece e se compromete a garantir os servizos bancarios...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ:** ...e as necesidades dos consumidores.

Sen embargo —e xa remato, señor presidente—, escóitoo a vostede, leo a súa emenda, e penso que non ten nada que ver co seu mundo, co mundo real. ¿Está a favor da súa ministra, da ministra Calviño, ou acepta o que lle di o Bloque Nacionalista Galego? Miren, sigan vostedes por ese camiño; probablemente nacionalistas e socialistas se atopen. Dende logo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora VÁZQUEZ DOMINGUEZ:** ...os populares seguiremos no camiño a carón dos galegos, resolvendo os seus problemas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Vázquez.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo grupo autor da moción, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quería agradecer a posición do Grupo Socialista e tamén a emenda, que non temos problema en aceptar porque compartimos que, efectivamente, é construtiva e que complementa a nosa demanda.

Dito isto, señora Vázquez, vexo que vostede non atendeu ao que dixemos. ¡Normal!, o meu ton de voz non está para que me atenda ninguén. É mellor baixar o volume e non escoitarme. Pero mire, desde logo que non compartimos en absoluto o conformismo que teñen vostedes, e xa lle digo que, se o señor Corgos non marcha con Feijóo nin vostede tampouco, se queren cambiar de traballo, seguro que o señor Escotet lles busca un posto, (*Aplausos.*) porque, desde logo, o que volveron facer aquí foi repetir os mesmos mantras da entidade privada. Faltoulles



darlles as grazas polo bos que son, que van perder 2.000 euros por caixeiro, segundo os seus propios datos, cando os seus beneficios non pararon de incrementar no 2021.

Desde logo, claro que nos preocupa o prezo da luz, señora Vázquez. Levamos moito tempo traendo iniciativas a este Parlamento sobre ese problema, tamén cando vostedes aínda gobernaban no Estado español, porque, precisamente, o problema do marco eléctrico actual é de que, por exemplo, o gas condicione ou extorsione o prezo final que pagamos os consumidores. É o seu modelo, é o modelo do Partido Popular, das dúas leis que houbo a nivel estatal. Polo tanto, benvidos a preocuparse polo problema da luz; simplemente o que teñen que facer é escoitar as propostas do BNG. (*Aplausos.*)

E tamén temos unha gran preocupación polos efectos da inflación na sociedade galega. Por iso, cando tramitabamos hai dous días os orzamentos nesta Cámara, por exemplo, e se había unha previsión de pechar o ano coa inflación máis alta nos últimos trinta e tres anos, nós dicíamos que era un insulto á intelixencia que vostedes aplicasen unha reforma do IRPF que para quen cobra máis de cento sesenta mil euros ao ano vai aforrar máis de cincocentos e para quen cobra mil e pico euros ao mes vai ter un aforro de doce euros ao ano, porque eses doce euros ao ano non lle dan nin para pipas, señora Vázquez.

En todo caso, para responder algunha das cuestións que vostede colocaba, dígolle que unha vez máis temos aquí o argumento de «*los alcaldes*». Claro, a Xunta fai un convenio que lle impón á Fegamp, e hai alcaldes que se acollen, porque non queda outro remedio, para intentar que haxa un caixeiro no seu concello. E, entón, iso é automaticamente un referendo de que os alcaldes en masa deste país están a favor de que lles regalen cartos públicos as entidades bancarias. Non, señora Vázquez, o que acontece é que ás veces é o mal menor; igual que con ese protocolo que fixeron vostedes para os concellos *doing business*, e, entón, se non estabas metendo o teu concello nesa «*chiringuitada*», non podías pedir determinadas axudas para o emprego. (*Aplausos.*) ¿E que pasou —porque é un destes casos de «*lo que pasó después te sorprenderá*»—? Pois que o TSX condenou a Xunta por discriminar os concellos galegos. ¡É que vostedes teñen que emendar a plana! E iso é o que pasa coa política do Goberno galego respecto dos concellos, que é de extorsión e de falta de diálogo. (*Aplausos.*)

E mire, faltoulle, por certo, o argumento dos independentistas, dicir que os independentistas do planeta enteiro están a favor de regalar cartos á banca pública. Faltoulle ese argumento, pero tamén lle digo: se quere copiar, igual que copiaron o modelo valenciano, pois poden copiar o modelo catalán, por exemplo, de intentar impulsar unha banca pública, reformando o Instituto Galego de Crédito.

En todo caso, mire, falou vostede do Instituto Galego de Consumo. Claro, o Instituto Galego de Consumo atende as reclamacións dos galegos e galegas que van alí e que piden unha atención para reclamar. ¡Só faltaba! Pero aquí do que estamos falando é de que ten funcións para ser proactivo e para investigar, por exemplo, se se están cumprindo cuestións como a conta básica. Se non o fan, é porque vostedes están alí de brazos pechados, e, se van os galegos, aténdenos, aténdenos moi ben, fan un gran traballo, pero iso é insuficiente neste contexto. E nós o que pedimos é que se desenvolvan as competencias. E xa se ten feito neste país, porque jé que gobernaban vostedes cando se viron obrigados por presión social



a habilitar oficinas para atender a cuestión das preferentes, por exemplo! Polo tanto, nós o que dicimos é que, antes de que haxa un problema moi grave, fagan vostedes algo desde ese ámbito.

Tamén, ademais, volveu outra vez co mantra de que non reclamamos ao Estado. Mire, señora, reclamamos numerosas veces cambio de regulación estatal mentres gobernaban vostedes e gobernaba tamén o Partido Socialista, e seguiremos facéndoo. E hai un punto específico nesta iniciativa que vostede quixo ignorar, como ignorou tamén un punto que para nós é clave de atención aos servizos sociais. Porque hai que formar a quen traballa coas persoas en exclusión social para advertilas desta situación e para que poidan darlles tamén claves para protexerse.

Polo tanto, falaba vostede de que as propostas do BNG eran inequívocas. «Inequívoco» significa sen posibilidade de dúbida ou equivocación. Nós non somos tan prepotentes, non adoitamos dicir que as nosas propostas son inequívocas, pero, se o di o Partido Popular, pois moitas grazas e voten a favor.

Nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas gazas, señora Presas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Pasamos á seguinte moción.

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre a política ambiental do Goberno galego**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Presentáronse dúas emendas, unha en nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e outra en nome do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(*O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*)

*Emenda de modificación.*

*Na parte resolutiva da iniciativa débese substituír o seguinte parágrafo:*

*Onde di: - Establecer de inmediato unha moratoria de novas explotacións gandeiras intensivas de porcino, así coma da ampliación das existentes.*

*Debe dicir: «Analizar con rigorosidade as solicitudes de permisos para a instalación de novas explotacións porcinas intensivas, así como a ampliación das existentes, co fin de evitar a contaminación dos solos e acuíferos do noso territorio».)*



*(O G. P. Popular de Galicia a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Elena Candia López, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:*

- 1. Impulsar o Plan estratéxico do sector agrario da comarca da Limia xa posto en marcha pola Concellería do Medio Rural co fin de alcanzar un mellor e mais efectivo aproveitamento dos recursos e reducir a concentración de nutrientes nas augas.*
- 2. Demandarlle ao goberno de España que axilice a tramitación das autorizacións solicitadas á Confederación Hidrográfica Miño Sil para levar a cabo as obras consistentes na construción dos pozos de sondaxe coa finalidade de proceder ás obras de Modernización do Regadío da Limia.*
- 3. Demandarlle ao Goberno de España que asuma a maior porcentaxe posible no financiamento da modernización do Regadío da Limia co fin de que as Comunidades de Regantes poidan asumir o desembolso que lles corresponda.*
- 4. Demandarlle ao Goberno de España o inicio inmediato das obras comprometidas de limpeza das canles e camiños secundarios como mecanismo para mellorar o funcionamento e eficiencia do regadío da Limia por importe total de 16 millóns de euros.*
- 5. Demandarlle ao Goberno de España que asuma a necesidade de dedicar fondos europeos Next Generation en contía suficiente para solucionar a problemática da xestión dos xurros dun xeito integral para todas as explotacións gandeiras, e sen poñer en perigo a súa viabilidade económica nin impedir o uso dos xurros como un fertilizante para as súas terras, dentro dos límites que marque a normativa vixente na materia. De xeito particular, que en Galicia se apoie con eses fondos Next Generation a posta en marcha do proxecto do Centro de impulso a economía circular que promove a Xunta de Galicia.»)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a moción, ten a palabra o señor Rivas Cruz.

**O señor RIVAS CRUZ:** Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

Hai xa moitos anos, máis de corenta, na conversa, pinchos e recollas de folclore que seguía ao remate dun concerto, nun teleclub, preguntado un deses homes de fume, pan e anos de experiencia pola súa opinión arredor da recente autonomía, respondeu: «Parece que vai e vai, pero non vai».

E así lles é. A Limia estaba quieta, nada se movía desde 2019 e, de súpeto, tras unha pregunta en comisión e a interpelación do outro día, onte mesmo —¡casualidade casual!—, o señor



conselleiro, acompañado da directora xeral de Desenvolvemento Rural e do delegado territorial, reúnen a Comisión de seguimento de regadíos da Limia e parece que vai e vai, pero non vai. Engaiolantes palabras, por suposto, recoñecemento e agradecemento a todas as forzas vivas da comarca, en particular a agricultores e gandeiros, pola súa decidida vontade en avanzar na «sostenibilidade» —¡na sostenibilidade!— das súas explotacións. Que alguén do PP me explique polo miúdo, por favor, o que entenden vostedes por «sostenibilidade». ¿Será acaso esa nosa actividade gandeira que se basea no 41 % de cereal que se produce, que produce a SAU galega —a superficie agraria útil galega—, situada a 4.000 quilómetros nas chairas de Ucraína, hoxe en guerra? ¿Ou será por ventura a superficie agraria útil situada no outro lado do mar, de onde chegan barcos cargados co cereal e coa soia do outro 45 % necesario para alimentar a cabana galega? ¿Onde?, ¿onde as hectáreas cerealistas de antano, que facían da gandaría unha actividade sostible resistente aos embates que garantían aquela calidade e seriedade?, ¿onde os milleiros de hectáreas cerealistas para nutrir a gandaría intensiva galega actual?, ¿onde a salubridade das augas e das terras que hoxe están en cuestión con porcentaxes exaxeradas de nitratos e fosfatos?, ¿onde —tamén expresado na reunión de onte— a súa fe inquebrantable —que me recorda isto— na produción agraria da Limia e que amosaron o compromiso da Xunta de seguir traballando e procurando consensos a favor desa comarca en particular e do rural galego en xeral? E xa está.

Logo faláron de cartos, dos logros: 36 millóns de investimento compartido Xunta e Estado para esta comarca. Palabras textuais: «unha aportación» —sinalou o conselleiro— que conseguimos para potenciar de xeito sostible o sector agrario da comarca». Dos 36 millóns de euros, da Xunta só 4, e sacan peito. ¡Vaites, vaites! Entrementes, o prometido o 4 de outubro do 2019 na Mesa da Limia é fume, nunca existiu; promesas que tragou o díaño en plan estratéxico agrario, un plan de formación agrogandeiro, un manual de boas prácticas, varios proxectos piloto, anteprojecto de lei de xestión de xuros..., e a certeza da ameaza da declaración de zona vulnerable por saturación de nitratos e fosfatos na Limia.

Porque é preciso lembrarlles, señorías do PP, que as análises DAFO emanadas do proceso participativo para a elaboración do Plan estratéxico do sector agrario da Limia eran contundentes, son contundentes; eu diría: son contundentemente alarmantes. É imprescindible lelo, aínda que soamente sexa na súa versión superresumida; lelo para poder opinar sobre A Limia. Vóullelo resumir unha vez máis para que poidan entendelo:

1. Gandaría, debilidades, modelo produtivo baseado na gandaría intensiva, porcino e avícola, coa consecuente perda de explotacións de vacún e ovino e caprino en extensivo.
2. Explotacións de dimensións elevadas cunha gran dependencia de recursos externos para a alimentación animal.
3. Contaminación difusa das augas por nitratos e fosfatos.
4. Falta de capacidade de xestión dos subprodutos gandeiros.
5. Modelo de explotación vinculado a unha única cooperativa de quen dependen os cooperativistas en todas as fases: produción, transformación e comercialización.



6. O cambio climático provocará unha redución dos recursos actuais, especialmente na auga.

7. Imaxe negativa cara á opinión pública.

Sigo. Si, claro, posible declaración da comarca como zona vulnerable por contaminación do solo e das augas por nitratos. Repítese constantemente no informe. Si, claro. É o Estado quen debe facer en primeira instancia a determinación da afección das augas contaminadas. Tiro balóns fóra, eludo responsabilidades e vou tirando. «Vinte e sete novas granxas intensivas cada ano do Bipartito», continuaba o conselleiro o outro día nun intento de exculpación dos doce anos de meditación transcendental. E logo acudiu ás estatísticas de vacún, nun intento de manipulación da realidade. Porque 6.400 explotacións lácteas, cunha media de 63 vacas en muxidura, agochan outras explotacións de 600 e 900. Porque 19.500 de carne, cunha media de 22 xatos, agochan os 400 cebadoiros. Falamos de estatísticas. Nós tamén sabemos usalas. Unha mostra: sector porcino, ano 2020, datos do Miteco. Distribución do número total de explotacións no Estado: Galicia á cabeza co 34 %, que, traducido a números, son 30.007 explotacións de intensivo porcino; Cataluña, un 7 %, 6.075 granxas, e Aragón, un 5 %, 4.650. Dámoslle a volta: produción de carne, Cataluña, o 40 %; Aragón, o 19 % e Galicia, o 1,8 %.

E agora, ¿como queren que use eu as estatísticas? Porque podo utilizalas a favor ou en contra, depende do que queira razoar. A estatística mente, sempre mente; depende de quen a use e de como a use. Porque con estatísticas ou sen elas o problema está aí. O outro día o señor conselleiro non negou —non podía— a existencia da contaminación difusa, só descartou responsabilidades con base en competencias do seu departamento. Competencias non terá; responsabilidades, si. O Goberno galego é responsable do agrandamento e agravamento do problema por non poñer medidas correctoras no seu momento cando o problema non era excesivamente grande; esas que suxiren e demandan os informes DAFO. Aínda hoxe o Goberno galego permite as ampliacións de intensivo e non valora o impacto ambiental en conxunto. ¡Demencial!, de xulgado de garda, ¡delictivo! Porque o problema é a concentración de explotacións intensivas de porcino e aves, sen xestión razoable dos subprodutos que xeran. Todo isto, nunha comarca supersensible que, debido á súa edafoloxía, sofre inundacións periódicas e os estercos e puríns lixivian facilmente; e galiñazas e xurros. Son recursos que a agricultura deste noso país podería absorber, se houbera cabeza, sentidiño e planificación.

Por certo, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil redactou hai xa máis dunha década un informe para declarar masas de auga afectadas dos acuíferos da comarca e do encoro das Conchas. O Goberno Rajoy paralizou a declaración, e tres anos despois, coa entrada do Goberno do PSOE segue gardada nun caixón. Namentres, a Xunta continuou a autorizar as novas granxas e conceder ampliacións. ¿Quen está en contra da Limia, os que exiximos solucións ou os que tapan os ollos e negan as evidencias? A suba de prezos e a inflación poscovid, e a incomprendible barbaridade da guerra de hai contados días, sérvennos unha crise moi grave no rural. Desde o BNG diciamos e dicimos «sentidiño», «sostibilidade», «base territorial», «soberanía alimentaria»... E temos chanzas e burlas: ¡A Galicia do pasado! ¡A poesía!... E agora ¿de onde sacamos recursos?, ¿cantos miles de hectáreas en abandono? Lei do Banco de Terras: doce anos perdidos nas miserias do PP e no seu concepto do caciquismo feito política. E agora ¿asubiamos?





A Limia necesita un tratamento especial que vostedes non lle van dar porque vostedes están atados polas súas propias redes. A responsabilidade da situación extrema en que se encontran os produtores da Limia é de vostedes. ¡Anden! ¡Móvanse! ¡Saian da meditación transcendental, gobiernen para a xente e deixen de gobernar dunha vez para os amigos!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rivas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Seco García.

**O señor SECO GARCÍA:** Grazas, presidente.

Dende o Partido Socialista entendemos que é urxente que a Xunta de Galicia, despois de trece anos consecutivos de goberno, saia do seu letargo e entenda a necesidade de tomar medidas para poñerlle freo á contaminación por nitratos que está a sufrir o noso solo e os nosos acuíferos, con datos que poderíamos definir, en zonas como A Limia, de moita gravidade. E, ao mesmo tempo que se toman esas medidas para evitar que se continúe a degradar o noso país, temos que salvagardar tamén o futuro da nosa actividade agraria facendo que se poida conxugar a actividade gandeira sen que esta supoña deixar os nosos recursos hídricos nun estado lamentable.

Hai tempo que a Comisión Europea comunicou que Galicia ten 41 puntos eutróficos, ou hipertróficos, sen designar como zonas vulnerables. Son datos que podemos observar no informe que elaborou o Ministerio de Transición Ecolóxica sobre a contaminación da auga por nitratos entre os anos 2016 e 2019. Este documento di que Galicia e Cataluña son as comunidades con máis contaminación nas augas derivada dos residuos gandeiros, unha situación derivada única e exclusivamente das políticas do Partido Popular de Feijóo, que durante trece anos renunciou a recuperar superficie agraria útil e levou os nosos gandeiros a apostar por un modelo de gandería intensiva. O curioso é que, mentres en Cataluña se foron actualizando e adecuando os seus programas, a Xunta de Galicia segue sen declarar ningunha zona vulnerable, a pesar de rexistrar os maiores excedentes netos de nitróxeno por hectárea no conxunto do Estado derivados da actividade gandeira, e sen poñer algunha fórmula eficaz para a xestión dos xurros.

Chegaron ata o punto de argumentar hai pouco máis de dous anos —en outubro de 2019— que ningún punto de muestreo das augas subterráneas da Limia reflectía valores medios anuais superiores a 50 miligramos de nitratos por litro de auga, o límite máximo, cando a propia Confederación Hidrográfica tiña detectados incumprimentos nun 24 % dos puntos de muestreo. E o colmo da desfachatez foi escoitalle no pleno pasado ao conselleiro González Vázquez dicir que Galicia non ten declaradas zonas vulnerables por culpa do actual Goberno central. Fíxense, señores do Partido Popular, como en outubro de 2019 o señor Balseiros, exdirector xeral de Gandería, explicaba como a Xunta alegara contra as cinco zonas detectadas polo Ministerio na Limia con contaminación por nitratos dos seus acuíferos e



dicía que se observaba unha evolución positiva nos últimos anos, o cal facía innecesaria a súa inclusión neste listado de zonas vulnerables ao ter unha tendencia á baixa. E continuaba dicindo que, no caso de que se determinase esa concentración de nitratos, a Xunta procedería a definir esas zonas como vulnerables, con períodos de prohibición de fertilizantes, con controis sobre as foxas de puríns e cun seguimento do Código galego de boas prácticas agrarias. ¡Xa vemos como a decisión é culpa do Goberno estatal! ¡Que cousa tan estraña ver como unha vez máis o Goberno galego renuncia ás súas competencias para botarlle a culpa ao maligno Pedro Sánchez!, un goberno central que, despois de escoitar a petición que lle fixemos os socialistas galegos, anunciou un investimento de 28 millóns de euros para modernizar o regadío da comarca da Limia. É un investimento, señorías do Partido Popular, polo que non apostou, durante os seus sete anos de goberno, Mariano Rajoy, e polo que aposta agora o Goberno actual. Pero resulta que, segundo o conselleiro González Vázquez, esta actuación é grazas a el e ao seu goberno.

Como dicía, é un investimento do Estado en Galicia que se divide en 16 millóns para a modernización do regadío e outros 12 millóns para a limpeza de canles e camiños paralelos; unha limpeza que, por certo, debería facer a Xunta de Galicia, porque é da súa competencia, pero que a fai o Goberno central. ¡Que cousas ten isto da política! Segundo o conselleiro González Vázquez, a culpa de non poder decretar zonas vulnerables por nitratos é do Goberno central, cando é unha competencia da Xunta de Galicia. E, ao mesmo tempo, o investimento que fai na modernización do regadío da Limia o Goberno central é grazas á Xunta de Galicia. E todo isto sen que se poña ningún de vostedes colorado.

Neste proceso de modernización a Xunta é certo que vai sufragar os novos pozos —algo que tamén é da súa competencia— cun investimento de 4 millóns de euros e cunhas concesións que non avanzaban na época de Mariano Rajoy. Daquela non pasada nada para o Partido Popular de Galicia. Pero agora, que xa non está Rajoy e quedan poucas datas para que isto sexa unha realidade, é un escándalo que non estean tramitadas. É un proceso complexo esta concesión, que comezou no 2017 coa petición das comunidades de regantes —algo que paralizaron as propias comunidades para levar a adiante o estudo ambiental, que obtiveron no ano 2019—; que se retomou o procedemento, que tivo dous requirimentos en 2019, para saber o número de propietarios e o tamaño das parcelas; que tiveron que volver aportar documentación en 2020; que logo tivo que ser publicado no boletín da provincia; que tivo alegacións por parte dunha organización ambiental; que estivo en exposición pública no Concello de Xinzo; que tivo que ser informado por Patrimonio Natural, da Xunta de Galicia —como é preceptivo—; e que, posteriormente, tivo que ser informado pola Avogacía do Estado —derivado destas alegacións—. A noticia é que a concesión será unha realidade no próximo mes no caso da primeira comunidade de regantes, e que será completada no caso das outras tres comunidades nun par de meses. Agora cómpre que a Xunta de Galicia as faga realidade canto antes. A ver se ten a mesma présa.

Hai poucas datas, o Goberno central aprobaba un real decreto para reducir a contaminación por nitratos e reforzar a protección das masas de auga máis vulnerables, unha actualización do Real decreto sobre contaminación producida por nitratos que é clave para reducir os problemas deste tipo de contaminación nas masas de auga e alcanzar os obxectivos ambientais sinalados pola propia lexislación nacional fixados a través dos plans de conca e tamén pola



Unión Europea. Este real decreto establece criterios máis ambiciosos que os actuais para identificar mellor as augas afectadas por nitratos e determinar limiares máis exixentes para a declaración de augas afectadas e, consecuentemente, para a reasignación de zonas vulnerables. A aplicación da nova norma conlevará un incremento de ata un 50 % da superficie de zonas protexidas que se identificaron como vulnerables a este tipo de contaminación. E sobre elas desenvolveranse programas de actuación máis exixentes, incluíndo limitacións específicas sobre a fertilización vinculadas ás que se regulen na planificación hidrolóxica.

A normativa tamén incrementa significativamente a densidade de estacións de control e aumenta o número de frecuencia das mostraxes nas augas para analizar o seu contido en nitróxeno e outros contaminantes asociados. Así mesmo, establece medidas adicionais e accións reforzadas para revertir a contaminación existente. Ademais, asúmese o compromiso de facer pública toda esa información para que poida ser utilizada polos propios gandeiros e agricultores para axustar as súas pautas de fertilización. E, desa forma, exíxese a preparación dun informe cuadrienal que analiza a eficacia das medidas que se contemplan e que se remitirá á súa vez á Comisión Europea.

A norma tamén establece as responsabilidades que corresponden ás diferentes administracións públicas co fin de conseguir unha implementación coordinada de todas as medidas; e, en concreto, fíxanse as obrigas que deberán asumir as autoridades da auga e tamén as comunidades autónomas, que ostentan —aínda que parece que vostedes non o saben— as competencias específicas en agricultura, gandería e a xestión e a protección do medio ambiente no seu territorio.

Os novos plans hidrolóxicos que se aprobarán nos próximos meses tamén establecen a senda de redución das concentracións de nitratos nas masas de auga, que ten que conducirnos a esa recuperación ambiental e que permitirá dar cumprimento aos obxectivos da Directiva de nitratos e da Directiva marco da auga. Este real decreto permite que os plans hidrolóxicos de conca poidan establecer dentro da súa normativa os limiares máximos de excedentes de nitróxeno para cada masa de auga afectada por nitratos. Ademais, os propios organismos de conca e as administracións hidráulicas poderán establecer limitacións a novas concesións e a outras actividades suxeitas a autorización para evitar unha concentración que poida impactar significativamente sobre as augas.

As comunidades autónomas —como dicía—, ademais de elaborar e velar polo cumprimento de programas de actuación nas zonas declaradas como vulnerables, elaborarán códigos de boas prácticas agrarias que os agricultores aplicarán obrigatoriamente nas zonas vulnerables co fin de reducir a contaminación producida por estes nitratos de orixe agraria. Entre outras cuestións, estes códigos deberán recoller os períodos en que non é conveniente aplicar fertilizantes nas terras, as condicións da súa aplicación en terras próximas aos cursos da auga e os requisitos necesarios que aseguren que os xurros e abonos en xeral non poñen en perigo a saúde humana ou danen o medio ambiente. E menos mal que o Ministerio está a facer algo ante a inacción absoluta por parte da Xunta de Galicia durante estes trece anos.

Señorías do BNG, estamos de acordo, evidentemente, coa súa preocupación e en boa parte da moción que hoxe presentan. E só propoñemos unha emenda de substitución no cuarto



punto porque cremos realmente que pedir unha moratoria sobre a instalación de novas granxas intensivas de porcino e a ampliación destas para toda Galicia nos parece excesivo, posto que existen mecanismos que deberían ser utilizados para avaliar cada unha das solicitudes dependendo de como e de onde se pretendan poñer esas novas instalacións sen necesidade de moratorias; e sen necesidade, señores do Partido Popular, de que a xustiza lle volva sacar as cores ao Goberno galego paralizándo a instalación dalgunha granxa —que contaba co visto bo do señor Núñez Feijóo— por ser un perigo para o medio ambiente e para a saúde. Pero isto conséguese gobernando, algo ao que renunciou o Partido Popular dende o ano 2009.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Seco.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Candia López.

**A señora CANDIA LÓPEZ:** Pois moi bo día, presidente.

Moi bo día, señorías.

Permitídemme tamén un recordo no Día da muller traballadora —como non pode ser doutro xeito, e como voceira de Medio Rural— para as mulleres da Limia que se dedican á actividade agrogandeira, para as de Lugo, de Ourense e, en definitiva, de Galicia, exemplos de conciliación, de loita e de sacrificio. *(Aplausos.)*

¡Pois vaites, vaites, señor Rivas! Parece que non lle gusta que se traballe. Dime sempre a miña mai: «Ese señor de barbas moi mal che fala, ¡sempre está enfadado! Debe ser que realmente lle molesta que as cousas se vaian facendo». E, efectivamente, un pouquiño de humildade. Comprenderá que todo ese traballo non se deriva dunha pregunta de comisión, sería practicamente imposible que puidera conseguirse un investimento e esas reunións que celebraron na mañá de onte na delegación territorial, nas que se deron cita o conselleiro do Medio Rural, as direccións xerais, os membros da Confederación Hidrográfica Miño-Sil e as comunidades de regantes para seguir avanzando nese traballo de xestión sustentábel e mais dando conta dos investimentos. Hoxe tamén ás 9:50, na Coruña, o delegado do Goberno e o conselleiro se reunían co presidente da Sociedade Mercantil Estatal de Infraestruturas Agrarias para seguir avanzando no que é, dende logo, unha preocupación, que é a modernización dese sistema de regadío na Limia.

Señor Rivas, a sostibilidade é atender ás necesidades do presente sen comprometer as necesidades do futuro. Ese é o concepto, que o coñece igual ca nosoutros. E neste caso todas as medidas e o traballo que se está poñendo en marcha —existindo unha importante preocupación pero, dende logo, actuando con responsabilidade— tómanse buscando ese equilibrio entre o crecemento económico, o coidado do noso medio ambiente e, por suposto, tamén o avance social.



O conselleiro creo que explicou dunha maneira clara, con humildade, todo o traballo que se estaba a facer. Explicou tamén o procedemento para declarar a contaminación. Creo que, ademais, hai un decreto moi claro que o sustenta, que llelo pasarei a ler un pouquiño máis adiante. Explicou unha vez máis —nun tema tan serio, nun tema que nos importa a todos— a política á que nos ten acostumados o BNG, á de «fai o que eu che mando, non o que eu fixen». Efectivamente, os datos —que parece que tamén ese dato os molestou—, os números, non sei se as estatísticas —que o papel aguanta todo e dá para arriba e para abaixo dependendo do que un queira dicir—, pero o que se mide si é verdade que necesita menos esforzo de interpretación. E hai unha realidade: cando vostedes gobernaban concederon autorización para máis explotacións gandeiras e, ademais, de maior tamaño. E esa é unha realidade matemática, que agora, para calquera que a escoite —como ben di— podería parecer unha canción ou unha poesía, pero é unha realidade. Un é escravo do que fai e do que di. E aquí hoxe tamén llelo quero recordar.

¿Como se traballa dende a Consellería? Eu creo que cunha comisión interdepartamental que creo que vén traballando ben co Goberno central —algunhas cousas, dende logo, tamén puntualizarei que son mellorables— e dende o consenso, escoitando a todos os axentes implicados e dando pasos en medidas concretas. Non hai outra maneira de resolver o que somos conscientes de que é un problema.

O conselleiro apuntoulle cinco medidas que engloban o resto dun paquete moitísimo máis amplo. Púxolle como mecanismo para dar unha solución á Limia, por suposto, a aplicación da Lei de recuperación da terra agraria, esa que non lle gusta. Explicoulle que segue avanzando no sistema do Plan de pastos. Explicoulle que está traballando no Proxecto de lei do sistema integrado para a xestión de dexestións gandeiras, que vostedes tampouco valoran. Chámanlle a todo «fume». Puxo tamén de relevo, evidentemente, aqueles incumprimentos que está habendo do Goberno central. E tamén explicou ese proxecto respecto do que conta que reciba fondos Next Generation para ter un proxecto de economía circular e poder, non só na Limia, senón en toda Galicia, dar unha solución ás explotacións para a xestión dos residuos. Por suposto, sen esquecer o que entendemos que aquí tamén ten sobrada aplicación, que é a Estratexia de dinamización do sector lácteo.

Sen dúbida, o que máis preocupa á Limia é poder conquistar canto antes ese investimento tan importante de 16 millóns de euros por parte do Goberno do Estado —que se agradece, por suposto— xunto co orzamento de gasto xa tramitado por anticipado pola propia Consellería para a modernización do sistema de regadío. Iso é unha preocupación, e tamén aquí apuntou hoxe o voceiro socialista en que fase estaba a tramitación dos permisos. Pero é unha realidade. Non se puido avanzar máis porque se está pendente —por certo, como en moitísimos máis proxectos nas zonas que dependen da Confederación Hidrográfica Miño-Sil— das autorizacións preceptivas. E iso tampouco é unha crítica, é unha realidade que o propio voceiro recoñeceu.

Galicia non ten por agora declaradas zonas vulnerables por este tipo de contaminación. E ese é, sen dúbida, un aspecto que hai que poñer en valor, e hai algo en positivo: coincidimos no diagnóstico, coincidimos en moitas propostas e incluso coincidimos na emenda do Partido Socialista. Co cal, a emenda que nós rexistramos en tempo e forma recolle un sentir que



podería dar realmente solución ao que con toda moderación e ánimo de consenso hoxe quero trasladar aquí.

Queremos que se impulse un plan estratéxico do sector agrario na comarca da Limia —iso é o que se está facendo e, ademais, é o texto da nosa moción— unido a que se axilice a tramitación das autorizacións solicitadas á Confederación, e demandar ao Goberno do Estado —que sabemos que os ten— fondos para o efecto. Toda a economía verde, indubidablemente, pode conseguir apoio público, debe conseguilo, está dentro da estratexia europea. E pedimos que asuman a maior porcentaxe posible e tamén que se apoie ese proxecto de economía circular que presentou tanto a Consellería como o propio presidente en repetidas ocasións. Coincidimos en todo iso e oxalá conseguiremos chegar a un acordo, pero sempre traballando dende o consenso —hai un plan estratéxico do sector agrario da comarca— e sempre tendo en conta que a nosa prioridade é coidar do noso medio ambiente pero tamén do noso sector agrario, do noso sector primario, e que se siga creando emprego no sector primario. Por suposto, hai que apostar por ese sector para loitar polo reto demográfico nunha provincia na que sen dúbida é un obxectivo respecto do que todos coincidimos que é prioritario. E hai que escoitar a xente, non traballar a impulsos do BNG ou porque o BNG rexistre unha iniciativa. Creo que a nosa emenda recolle perfectamente o seu sentir e prégolle que a analice de maneira construtiva.

Só farei dúas puntualizacións á intervención do voceiro do Partido Socialista. Mire, o novo Real decreto 47/2022 —porque xa lle dixemos moitas veces que as medias verdades son moito máis perigosas en política que as mentiras— recolle perfectamente como se ten que tramitar a declaración. E, sen ningún tipo de dúbida, convídoos a que lean o artigo 3 e o artigo 6 deste real decreto, que establecen que, no caso de detectalos, hai que facer análises periódicas de auga polo organismo da conca —que neste caso é a Confederación Hidrográfica Miño-Sil—. No caso de detectar valores superiores aos límites máximos admisibles, a administración da que depende o órgano anterior debe determinar cales son esas masas de auga. Iso é unha realidade e creo que é importante non confundir a poboación.

Respecto das tramitacións, eu supoño que a Confederación non as obstaculiza deliberadamente, supoño que non. Pero tamén é certo que están todas rexistradas desde hai moitos meses. É certo, como vostede apuntaba, que tiveron alegacións da Sociedade de Historia Natural, e practicamente en todos os expedientes —incluso celebrando esas actas de confrontación no terreo en cada un dos tres puntos, tanto en Lamas, como no Corno do Monte, como na Alta Limia e en San Salvador de Sabucedo—, nas comprobacións sobre o terreo esta entidade non se presentou e están pendentes de resolver. Seguro que o fará canto antes, pero non está mal que este Parlamento de maneira unánime lle traslade a importancia á Confederación de que resolva, porque é moito orzamento o que está pendente dese investimento.

Hai un montón de axudas e nestes momentos, ademais, están abertos os prazos. Nos proxectos de compostaxe as explotacións agrogandeiras poden presentarse tanto para plans de mellora, que saben que hai un orzamento de máis de 20 millóns de euros, como para as axudas destinadas a fomentar o uso de instalacións e equipamentos en común, en réxime asociativo, como para as novas axudas de xestión de esterco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España —xunto co proxecto global que xa citei anterior-



mente—. Son instrumentos que xa existen neste momento, que a propia Consellería xa ten en marcha para que as propias explotacións poidan plantexar melloras nas súas explotacións. E está o plan de formación —e remítome ao que se comentou tamén en repetidas ocasións nas comisións— dirixido pola Axencia Galega de Calidade Alimentaria.

En definitiva, hai un paquete de medidas dentro do Plan estratéxico da comarca da Limia 2022-2026, que ten seis eixes de actuación, 30 medidas e 128 actuacións. Creo que hai unha folla de ruta marcada, creo que a preocupación coñecemos, e nós temos a obriga de resolvela. E creo que, ademais, o que esperan os agricultores e gandeiros da Limia é que nesta iniciativa conquiramos acordos, porque, ademais —insisto—, esta mañá viuse —e acabo de lela— a comunicación conxunta que emitiron tanto a Delegación como a Consellería. E o Goberno do Estado e a Xunta de Galicia están traballando xuntos para dar solucións. Agora —iso si que é verdade—, eu xa sei que todos os días traen o argumentario tipo e tiran co de «señores do Partido Popular...». Pero estiven buscando na hemeroteca o que pasaba noutros momentos, cando houbo picos de contaminación. Teño aquí unha nota de prensa que titulan...:

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CANDIA LÓPEZ:** ...«Sen solución para o embalse das Conchas segundo a Confederación Miño-Sil». E a alternativa que daba o señor Linares —os de Lugo coñecemos ben, xa non está en activo —*por sus hechos*, non por outras razóns—, era «esperar a que chova e que baixen as temperaturas». Creo que iso non é solución, indubidablemente, pero, ben, se vén aquí calquera persoa que os escoite, pódelle parecer que realmente fan as cousas doutra maneira.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CANDIA LÓPEZ:** Prégolle que o mire de maneira construtiva e que sexamos capaces de sacar unha iniciativa por unanimidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Candia.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo grupo autor da moción, o señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Candia, nós chamámoslle fume a todo aquilo que leva o vento. E, de momento, todo o consensuado na Mesa da Limia levouno o vento. (*Aplausos.*)

Vostede vén dicir que o problema da Limia é o regadío, pozos e canles. Non, o problema da Limia é a contaminación por nitratos e fosfatos debido a unha intensividade gandeira que non foi debidamente controlada. E non foi debidamente controlada ¿por quen? Polo Goberno galego. O PP leva doce anos dando permiso a que isto siga así.



Mire, voume centrar respecto das emendas. Señores do Partido Socialista, a moratoria non é, evidentemente, para todo o país, estamos a falar da Limia. Polo tanto, se quere, especificamos na comarca da Limia. Pero creo que non é necesario.

Respecto da emenda que nos propón o Partido Popular, o primeiro punto di «impulsar o Plan estratéxico do sector agrario da comarca da Limia xa posto en marcha». Nós, de verdade, non podemos acordar o que non se coñece. Porque ¿onde se puxo en marcha? ¿Cando? ¿Cando foi presentado en sociedade? ¿Foi posto de largo? Non, polo tanto, non podemos. É dicir, ese punto non é discutible.

E, respecto do segundo, ¿non lles vale a redacción que nós temos? Quero dicir que a que nós temos é clara, para quen queira entender. É a mesma. Pero vostedes queren substituíla porque vostedes son os que van diante.

Respecto do punto 3, non parece moi necesario demandar máis cartos logo do triunfalismo do conselleiro de onte, que dixo que xa conseguiran montes e moreas, por tanto...

Punto 4. ¿Admítese se lle demandamos tamén á Xunta a execución dos 600.000 euros de rozas e limpeza comprometidos para o pasado ano 2021 e que non se executaron nunha mínima parte?

O punto 5. Nós poñemos en dúbida a efectividade das plantas incluídas nos Next Generation, porque permitirán e impulsarán a gandaría intensiva en detrimento do sentido común, que é a gandaría sostible e extensiva. E, se quere, podemos discutir este punto, pero ¿por que están en contra ou, polo menos, non recollen deseñar proxectos de compostaxe na xestión dos xurros e galiñazas, proxectos de compostaxe, que iso é o que o sentido común di respecto dos recursos agrarios que nos proporcionan esas granxas intensivas? ¿Por que? ¿Por que o obvian?

E, mire, falemos en serio. Dos nosos puntos 4 e 5, sentido común; do 4, moratoria, e do 5, sentido común; o 6, imprescindible estímulo da transformación —a vostedes non lles interesa iso—; e o 7, a Lei de recuperación da terra agraria. Nos tempos que se aveciñan tiña que ser a lei básica para poñer e executar. Nós dubidamos da súa capacidade en canto á execución razoable desa lei. ¿Saben por que? Porque vostedes empeñaron todos os seus esforzos en tomar o Banco de Terras como unha «lei bolchevique» e aquelas cousas que vostedes dixeran... (*Murmurios.*) Si, o señor Castro ten as palabras gravadas a lume, gravadas a lume na hemeroteca deste Parlamento. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, creo que era o señor Castro. Están gravadas a lume aquelas soflamas que botaba... Ben, hai quen as fai hoxe tamén.

En definitiva, nós estamos abertos ao diálogo en canto a consensuar esa emenda e este acordo. Agora ben, a un diálogo razoable, ¡razoable! Nós non andamos... ¡Vamos ver!, vostede falou dunha sustentabilidade aí marabillosa. A sustentabilidade é deixar para o futuro; é dicir, labrar, aproveitar os recursos no presente e deixar o mesmo ou acrecentado para o futuro. A Limia non é un exemplo de sustentabilidade nestes momentos, nin moito menos. Máis ben é un exemplo do contrario. E a responsabilidade é de vostedes, por doce anos de vida contemplativa. Cambien e nós estaremos dispostos a apoiar.





Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Non sei se teñen pensado falar ou non.

(*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*)

Pois, non sei. Se o deciden falar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

### ***Votación das mocións***

**O señor PRESIDENTE:** Pasamos a votar as mocións.

Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Marina Ortega, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do uso problemático da internet e das redes sociais por menores e adolescentes.

Hai un documento transaccionado. Pódenolo ler, señora Ortega.

**A señora ORTEGA OTERO:** Grazas, presidente.

A transacción di o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un programa de medidas orzado con fondos propios coa finalidade de dar unha resposta efectiva ao uso problemático da internet e das redes sociais por menores e adolescentes, e que responda necesariamente aos seguintes criterios:

1. Carácter integral e transversal que inclúa accións, no ámbito das competencias autonómicas, coordinadas nos ámbitos educativo, sanitario e social.
2. Carácter comunitario e consensuado, que incorporará as achegas que poidan realizar en diferentes institucións expertos na materia e axentes sociais ao respecto.
3. Permitirá actualizar a carteira de servizos en materia de prevención de adiccións no marco do proceso de elaboración dunha nova lei de prevención de adiccións en persoas menores de idade en Galicia, e incorporar intervencións específicas sobre o uso axeitado de dispositivos e tecnoloxías dixitais.
4. Dará máxima prioridade á prevención como a mellor ferramenta para conseguir que os adolescentes e menores fagan un uso responsable das novas tecnoloxías aproveitando as súas potencialidades e evitando os riscos asociados ao seu uso.»

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Votamos este texto.



*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do uso problemático da internet e das redes sociais por menores e adolescentes.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado texto.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas.*

*Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.*

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre a política do Goberno galego respecto da atención presencial na banca.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** *E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Rivas.*

*Non acepta as emendas nin do Grupo Parlamentario Socialista nin do Grupo Parlamentario Popular.*

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre a política ambiental do Goberno galego.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 40; abstencións, 13.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** *Suspendemos a sesión ata as 16.00 horas, as catro da tarde.*

*Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos.*

**O señor PRESIDENTE:** *Boa tarde.*

*Reiniciamos a sesión co punto terceiro da orde do día, proposicións non de lei.*



**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para modernizar e humanizar os puntos de encontro familiar**

**O señor PRESIDENTE:** Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 25951)*

*Emenda de modificación.*

*Proponse unha nova redacción para a parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:*

*«O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:*

*1º) Levar a cabo neste ano 2022 a apertura de novos puntos de encontro familiar nas 4 provincias galegas.*

*2º) Trasladar a radicación dos Puntos de Encontro Familiar de Pontevedra e Ourense e adoptar medidas para humanizar e modernizar o resto dos centros existentes.»)*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada Iria Carreira Pazos, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:*

*Emenda de substitución*

*Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:*

*«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:*

*1. Adoptar as medidas necesarias para modernización e humanización dos Puntos de Encontro Familiar que actualmente se atopan en funcionamento, así como a estudar a súa ampliación coa finalidade de garantir a unha cobertura máis ampla a toda a poboación, atendendo ao volume de traballo dos PEF xa en funcionamento e ás características de dispersión xeográfica e poboación de Galiza. Neste senso, o Goberno galego deberá elaborar un Plan específico que remitirá ao Parlamento de Galiza no prazo máximo dun ano.*

*2. Elaborar un protocolo que permita a valoración de risco nos Puntos de Encontro Familiar fronte situacións de violencia machista así como deseñar canles de comunicación e colaboración interinstitucionais que garantan a protección das e dos menores e das súas nais.*

*3. Introducir as modificacións regulamentarias oportunas para unificar e harmonizar os criterios de intervención nos Puntos de Encontro Familiar así como introducir os mecanismos necesarios de seguimento e avaliación que garantan unha atención acorde ás necesidades das familias e, especialmente, das crianzas e mulleres en situación de violencia machista.»)*



**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora López Sánchez.

**A señora LÓPEZ SÁNCHEZ:** Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

De acordo co Decreto 94/2014, os puntos de encontro familiar constitúen un recurso que o que permite é preservar e facilitar as relacións familiares entre os nenos e as nenas e os seus pais cando hai unha situación de crise familiar, cando hai un divorcio complicado, cando hai unha separación complicada ou incluso cando xa hai unha situación na que o menor está en réxime de acollemento familiar. Neses casos, entón, velarase sempre pola seguridade e a protección do menor, sempre se facilitará que teña relación cos seus familiares e intentarase sempre promover que haxa e se cumpra o réxime de visitas —aínda que ás veces é incumprido por diversas causas ou deriva en situacións de conflito, cousa que hai que evitar—. Entón é un recurso moi necesario, é un recurso de carácter neutral.

Os obxectivos deste recurso fundamentalmente van ser, primeiro, intentar preservar o dereito que ten o menor a ter unha relación cos seus proxenitores, aínda que haxa unha separación —e cos seus familiares tamén—, cun vínculo san que non lle vaia xerar cicatrices na súa esfera emocional, na súa esfera afectiva, na súa esfera incluso psíquica. E despois tamén se trata de preservar que teña relación co proxenitor que non teña a custodia e coa súa familia extensa. Hai que tentar tamén velar sempre pola seguridade do menor e por que o seu interese sexa o primordial que temos que coidar. E para iso hai que previr situacións de réxime de visita que poidan resultar conflictivos. Sempre hai que tentar que o menor poida expresar os seus sentimentos, as súas inquedanzas, o que pensa, o que sente e as súas necesidades diante dos dous proxenitores sen sentirse coaccionado e en liberdade.

Moitas veces tamén son puntos nos que se pode recabar información verídica sobre as actitudes e aptitudes parentais dos proxenitores. É importante ter en conta que neses puntos sempre se deben informar e derivar, nos casos nos que se considere oportuno, a servizos especializados de atención, de protección e de asistencia integral as mulleres vítimas de violencia de xénero conforme dita a lei.

En definitiva, os dous obxectivos primordiais van ser orientar as familias para mellorar esas relacións paterno-materno-filiais e tentar dar ferramentas parentais aos proxenitores coa finalidade de que ao final poidan exercer a súa coparentalidade de xeito autónomo e independente sen ter que contar con ese recurso. É dicir, que ao final se consiga normalizar a situación familiar sen necesidade do recurso, que o recurso se volva innecesario. E hai que ter en conta que para iso se van levar a cabo tres actuacións nestes centros: unha é no momento da entrega e recollida do menor, que é nese momento cando o profesional correspondente será o que supervise e faga de intermediario; outra é nas visitas tuteladas, cando hai unha visita dun proxenitor a un menor, nas que sempre terá que haber un profesional que estea presente en todo momento supervisando durante as dúas horas que dura a visita; e están as visitas supervisadas, as que hai que supervisar pero nas que non é preciso que estea presente todo o tempo o profesional durante a visita. E ademais ten que haber unhas



intervencións complementarias. Estas intervencións poderán ser, por exemplo, o deseño e desenvolvemento de programas psicosocioeducativos para tentar normalizar esas relacións familiares, sempre dun xeito individualizado e personalizado. Hai que orientar, apoiar e prestar atención aos nenos e ás nenas —como xa digo— para mellorar esas relacións materno-paterno-filiais, e ademais que se conciban dende unha perspectiva máis positiva. Ás veces intervírase dende un xeito mediador ou negociador, cando o réxime de visitas poida resultar conflitivo, para acordar un novo réxime de visitas ou cando non se poida exercer a coparentalidade porque exista un conflito grave detrás. E sempre calquera actuación ou calquera intervención ten que ter un rexistro e unha documentación precisa de todo o que se fai por parte dos técnicos do punto.

Vou ler agora uns datos que me parecen interesantes para ter en conta e que son do 2021. No 2021 tiveron lugar 25.000 intervencións nos PEF galegos —o 70 % foron intercambios, o 13 % visitas tuteladas e o 17 % visitas en supervisión—. E algo importante, tendo en conta a data de hoxe, é que o 30,8 % representan casos abertos de violencia de xénero. De feito, neste recurso é onde se soen detectar casos de violencia, non só de violencia de xénero senón tamén de maltrato infantil. Por iso é moi importante ter unhas instalacións adecuadas, unhas instalacións acolledoras, accesibles, que fomenten un contorno cómodo, cálido, o máis humano posible, e adaptar todos os centros que xa existen, acondicionalos, adaptalos ás necesidades sociais actuais —que van cambiando—. E, por outro lado, tamén hai que tentar xerar un ambiente de confort e de seguridade xa non só para os usuarios senón tamén para os traballadores dos puntos dos centros.

Eu creo que fan falta catro consideracións que hai que ter en conta para que un centro destas características funcione ben —e xa non é que o crea eu, creno os que saben deste recurso—. O primeiro é que os profesionais do centro teñen que seguir o paradigma do bo trato; é dicir, que o modelo que sigan de traballo sexa o do paradigma do bo trato. Os conflitos continuados nos meniños e nas meniñas ao final xéranlles cicatrices para sempre no corazón que lles duran toda a vida. Os nenos non son alleos ás dinámicas das rupturas de parella e ás veces esas rupturas supoñen alteracións moi graves nas súas relacións materno-paterno-filiais. E, nese sentido, temos que estar moi atentos para poder intervir con estes nenos e intentar que lles causen a menor dor posible. E nese sentido cobra moita relevancia este modelo de traballo do paradigma do bo trato, porque é un modelo construtivo, é un modelo que fomenta o cambio, é un modelo que o que trata é de normalizar as relacións familiares. Fronte aos que pensan que os puntos de encontro familiar son puntos de mero intercambio de menores ou de mera regulación de contactos, ou que serven simplemente para manter o *status quo*, está este modelo de traballo.

A segunda consideración é a proximidade do servizo. É dicir, a rede de puntos de encontro familiar de Galicia está integrada por sete centros —todos eles de titularidade da Xunta de Galicia—, nas cidades de Ferrol, A Coruña, Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. E vén de inaugurarse o da comarca da Barbanza. Pero as actuacións non rematan aí, posto que hai un plan para construír ata chegar a catorce centros, catorce puntos de encontro familiar, para finais de 2023. É dicir, nesta data cóntase con ter duplicado o número de puntos de encontro familiar respecto dos que había no 2001. (*Aplausos.*) Si, un obxectivo importante. E na actualidade a Xunta está a actuar —digamos— nunha dobre dirección. Primeiro ten que facer unha análise técnica de onde ubicar estes centros, e para iso ten que ter en conta



unha serie de variables —primeiro, as necesidades e demandas das familias, pois non ten sentido que haxa un centro por concello, pero que os desprazamentos sexan o máis curtos posible—. E tamén, deste xeito, e ao ser máis curtos, que custen menos cartos, tendo en conta como están os combustibles de caros.

Por outro lado, temos en conta tamén unha terceira consideración, que é que os centros teñen que estar modernizados, humanizados, teñen que ter unhas instalacións axeitadas e adecuadas. E, neste sentido, vai haber un orzamento de 400.000 euros destinado a modernizar todos os centros que xa están operativos. Este orzamento prorrogarase e renovarase nos seguintes anos, co cal é unha boa nova que hai que ter en conta xa que hai moitos centros que agora mesmo precisan desa renovación e desas novas instalacións. E ¿como teñen que ser as instalacións axeitadas? Pois terán que ter salas axeitadas para a realización das visitas, intercambios e reunións; mobiliario e salas axeitadas con xogos e libros acordes coas diferentes idades; mobiliario de oficina axeitado, equipamento informático con liñas de comunicación que permitan o traballo online; infraestruturas accesibles dende unha perspectiva universal; sistemas de calefacción e aire acondicionado axeitados; espazos específicos de cociña con servizos necesarios para poder preparar, en caso de que fose necesario, merendas, biberóns e calquera outra cousa; baños adaptados para persoas con discapacidade e para uso infantil; cambiador para bebés. E deberán dispoñer de normas de funcionamento accesibles para todas as persoas usuarias, incluído para os nenos —teñen que estar esas normas escritas en linguaxe infantil e en lectura fácil para persoas que teñan unha discapacidade auditiva, visual e de calquera outro tipo—.

E a última consideración vai ser a organización, a composición e a coordinación do equipo técnico de cada un dos puntos de encontro familiar. É dicir, todos os seus profesionais —que terán un perfil social ou xurídico— van ter que ter unha formación específica en mediación de familias, en intercambio familiar, en formación de xénero. Teñen tamén que ter capacidade para traballar en equipo, para coordinarse con outros servizos e entre eles —para que haxa unha interdisciplinabilidade no traballo e para que se poida optimizar ese traballo—. E, por outra banda, ás veces é necesario que haxa unha dirección e unha supervisión constante por parte dunha figura externa ao equipo. Esta dirección técnica facilitará unha achega dende a experiencia para evitar que se atasquen os casos, para cambiar de estratexia se fose necesario, ou resolver dificultades específicas. Favorecerá, por tanto, a atención e a identificación de puntos críticos e permitirá planificar e implantar medidas preventivas e correctoras.

Así que, polo de agora, isto é o que lles podoo dicir.

E moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora López.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro Rey.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidente.



Moi boas tardes a todos e a todas.

Hoxe non podemos non estar tristes, tristes pensando no que está a pasar no pobo ucraíno. Polo tanto, quero iniciar a miña intervención cunha condena explícita a este ataque militar por parte de Rusia que viola todos os principios do dereito internacional. Quero mostrar a miña solidariedade co pobo ucraíno e poñer en valor a defensa dunha Europa na que só teñan cabida democracias libres e seguras. *(Aplausos.)*

E falando hoxe de democracia, como tamén estamos no día 8 de marzo, quero tamén facer unha mención á especial defensa da igualdade real como requisito indispensable para poder acadar esta sociedade máis xusta e democrática. E este ano, nós, dende o Partido Socialista, centramos esta reivindicación na defensa da corresponsabilidade, unha tarefa que, como sociedade, aínda temos pendente. E ademais é imprescindible para que as mulleres poidamos saír desta crise coas mesmas oportunidades que os homes. Hai que avanzar cara a unha corresponsabilidade real que permita e obrigue despois as administracións públicas a implantar medidas de conciliación. E de conciliación imos falar aquí, porque esta iniciativa que debatemos hoxe está moi relacionada con isto, xa que as carencias que presenta este servizo en Galicia impiden a conciliación de centos de familias usuarias.

Quero tamén aquí felicitala, señora López, polo seu empeño en branquear esta década de inactividade do goberno do Partido Popular neste ámbito. Non é fácil. E, polo tanto, dígolle que ten moito mérito o seu discurso, porque dende o ano 2009, dende o goberno de Touriño, que regulou isto por decreto, que regulou a actividade destes puntos de encontro —e foi este decreto o que homologou e deu seguridade xurídica a estes puntos de encontro, que viñan operando dende o ano 2001 nas sete principais cidades galegas—, o PP fixo unha gran xestión, a gran xestión de ampliar esta rede nun punto de encontro máis, que acaba de inaugurarse en Ribeira. E trae vostede hoxe aquí ao Parlamento esta iniciativa co fin de sacar peito desta brillante xestión: un punto de encontro en doce anos de goberno do Partido Popular. É marabilloso.

Falaba vostede de catorce puntos de encontro no ano 2023. A verdade é que eu o dubido moito. A estas alturas iso non o cre ninguén. Non esquezamos, ademais, que é unha obriga do Goberno autonómico manter este recurso fundamental —como vostede dicía— para a protección da infancia e para a axuda a todos aqueles pais e nais no exercicio da súa función parental naqueles supostos de vulnerabilidade ou conflictividade. Pero este goberno non tivo nin o máis mínimo interese nin compromiso en xestionar esta rede de centros, nin en que esta tivese este fin de protección, senón que durante todos estes anos se limitou a unha mera xestión dos existentes.

Aínda non temos datos exactos dos posibles, ou dos potenciais, usuarios destes centros, pero si que podemos, a modo xenérico, falar do número de sentenzas de divorcio que se ditan en Galicia. Do ano 2020 —que son os últimos datos que temos— temos cinco mil sentenzas de divorcio. Claro, claro que non son todas contenciosas, senón un tanto por cento —sobre o trinta e pico por cento—, e que destas tampouco teñen todas un gran nivel de conflictividade. Pero, máis ou menos, facendo unha media porcentual, daríanos unhas seiscentas ao ano. Ademais, a isto hai que sumarlle que no 2020 había en Galicia 2.571 nenos e nenas tuteladas. E todas esas persoas ao mellor non son usuarios destes puntos de encontro, pero tampouco



son usuarios todos estes setecentos que aparecen na memoria da Consellería de Política Social —que xa serían dabondo para solo estes sete centros—. Pero non son porque hai moi-tísimas familias que están en lista de agarda, unha lista de agarda que chegou ao seu máximo en 2014. En 2014 había unha lista de agarda tan grande que moitas sentenzas non se podían executar por mor deste motivo. E isto produciu moitas queixas e reclamacións familiares.

A Xunta decidiu, por ese decreto do ano 2014, modificar o regulamento e estableceu unha medida estrela para acabar con esta lista de agarda. A medida estrela ¿cal foi? ¿Incrementar o número de centros en todo o territorio? Non. A medida estrela foi —salvo nos casos de violencia de xénero, claro, porque a lei o impedía— limitar a dous anos o prazo de intervención destas familias nestes puntos de encontro, coma se en dous anos estivese solucionada esta conflitividade familiar, que en moitos casos se debe a adicións ou a problemas psiquiátricos, ou coma se en dous anos este neno ou esta nena xa non necesitase protección.

Esta medida si que é verdade que reduciu a lista de agarda pero non o deber de protección que ten a Xunta como organismo público. Un orzamento que se incrementou en 74.000 euros dende o 2014 ¿vostede cre que mostra o interese do Goberno da Xunta en traballar en prol deses puntos de encontro para que protexan realmente a infancia? Vostede fai unha exposición idílica do funcionamento destes puntos de encontro. A min gustaríame que pasase unha semana alí e que vise o que realmente se produce e como funcionan estes puntos de encontro, porque seguro que esta visión idílica cambiaría moito.

Agora falan de humanizar e modernizar, e levamos unha década de reivindicacións non só de familias usuarias, senón tamén de recomendacións dos valedores do pobo, da valedora actual, da xudicatura ou da Asociación en Defensa das Mulleres. O Goberno da Xunta realmente non ten vontade de humanizar estes espazos porque nesta iniciativa que traen hoxe aquí non concretan ningunha medida. ¿Como pretenden modernizar? ¿Dándolles unha pouca de cor, de pintura, poñendo adornos bonitos? Esta é unha obriga por imperativo legal, a de protexer a todos estes nenos e nenas que están inmersos nunha situación de conflitividade. Temos, ademais, que instar este Goberno a mirar a Portugal, ou a mirar a outros países onde estes centros de encontro non sexan lugares especiais. E digo «lugares especiais» onde estes nenos e nenas non estean estigmatizados ao ter que desenvolver alí as súas visitas, senón que sexan espazos abertos, espazos con intimidade suficiente como para favorecer esta relación familiar e, sobre todo, espazos seguros, espazos seguros non só para os nenos, senón tamén para as mulleres vítimas de violencia de xénero. E moitos destes puntos de encontro que existen en Galicia non cumpren estes requisitos. Podo falarlle nomeadamente dos puntos de encontro de Pontevedra ou do punto de encontro de Ourense. Ademais, esta humanización ten que completarse cun traballo de mediación coas familias para reconducir esta situación de conflitividade, que neste momento as traballadoras non o poden facer porque non existe persoal dabondo para desenvolver todos estes traballos.

Volvendo ao inicio, ao que dicía de que é unha iniciativa baleira de contido, falan vostedes de centros de nova creación para 2024 —catorce—. E en vinte e dous anos, como digo, só crearon un. Os sete que existen seguen a estar nas sete grandes cidades de Galicia, o que supón unha clara discriminación para os menores e menores... (*Murmurios.*) Para os menores que viven noutras vilas... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, outra





dixo que Putin era comunista. Entón, non se rían tanto. *(Risos.) (Aplausos.)* Eu dixen «menoras». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Miren, como estamos aquí... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Como estamos aquí hoxe no 8M... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Estou falando eu. *(Murmurios.)* Estamos aquí no 8M e vou falarlles de corresponsabilidade e conciliación. Gustaríame que me explicase vostede na última intervención como pode facer unha nai de Verín que ten que trasladarse a Ourense unha tarde entre semana e dúas fins de semana ao mes para levar o menor ás visitas co seu pai. ¿Como ten que facer un pai de Cambados para ir visitar o seu fillo a Pontevedra? ¿Ou como nas entregas e recollidas en Lugo dunha familia de Burela ou dunha familia de Monforte? ¿Como deixan as nais de traballar para facer todos eses quilómetros? Ou, peor, ¿como asumen economicamente o custo, xa que en moitas ocasións se trata de familias con escasos recursos económicos —practicamente na totalidade dos casos nos que se trata de menores tutelados—?

A realidade é que é inviable, é inviable cumprir estas resolucións xudiciais. E os xuíces e as xuízas sábeno e están a tomar alternativas. Están a determinar uns réximes de visitas que sexan pouco prexudiciais para os menores, pero fano sen poder contar con este recurso porque saben que a Xunta non presta ese servizo como é obrigado. Entón están a recorrer a outras alternativas.

Por iso é polo que lle digo dende aquí que o Grupo Socialista lle pide compromiso, que non se escuden en que os técnicos están estudando un plan para as futuras ubicacións —como levan dicindo dende o ano 2018—. En 2018, nunha comisión, vostedes dixeron que era inminente a ampliación desta rede. ¿Que entenden entón por inminente?

Sexan empáticos, tomen en serio este recurso, que pode axudar a moitos nenos e nenas a ter unha infancia máis feliz ou, polo menos, menos dura. Mentres non sexa así nós non imos participar deste teatrillo, imos absternos nunha moción, como dicía, baleira de compromiso e que unicamente ten como finalidade un lavado de cara e un selado público a once anos de inacción por parte deste Goberno.

E máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Castro Rey.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Carreira Pazos.

**A señora CARREIRA PAZOS:** Grazas, señor presidente.

Moi boa tarde a todos e a todas.

O 8 de marzo é un día que vai moito máis alá de mudar as cores corporativas para o lila. É un día de loita, un máis, polos nosos dereitos, dereitos como mulleres traballadoras que se-



guimos soportando unha profunda fenda salarial; dereitos como mulleres que padecemos esa fenda incluso despois de abandonar o mercado laboral —porque se perpetúa nas pensións percibidas—; dereitos como mulleres que sufrimos o patriarcado na xustiza, na sanidade, na educación; dereitos como mulleres que queremos ser libres nun mundo libre de violencia machistas. (*Aplausos.*)

O ano pasado conseguíuse nesta Cámara un fito no avance na loita contra as violencia machistas: despois da iniciativa do BNG foi aprobada por unanimidade a reforma da Lei galega para a prevención e tratamento integral da violencia machista, pola cal se incluía a violencia vicaria como unha forma máis de violencia contra as mulleres, unha das formas máis crueis e máis atroces de violencia cara ás mulleres, esa que se exerce a través das crianzas para causarlles a elas un dano maior.

Galiza é un país concienciado coa loita feminista e, por tanto, co combate e a erradicación das violencia machistas. Hai que lembrar que neste país desde 2007 a denuncia policial ou xudicial non é unha condición *sine qua non* para ser recoñecida como vítima de violencia de xénero, un feito que tamén resultou avanzado naquel momento en relación coa situación na que se atopaba a lexislación no resto do Estado. Mais sermos un país concienciado e acadar uns avances lexislativos non abonda. Na loita contra as violencia machistas cómpre dar constantemente un paso adiante, cómpre un papel proactivo —nomeadamente no caso das institucións—. É preciso que se dea un cambio na posición e na actitude das administracións na loita contra a violencia machista, na prevención, na detección e na intervención fronte a esta violencia de xénero. As administracións públicas, e no caso que nos ocupa a Xunta de Galiza, deben asumir esta posición proactiva e non reactiva, non agardar de brazos cruzados a que as mulleres denunciem, senón activar todos os mecanismos para detectar casos de violencia machista antes de que as mulleres efectúen esa denuncia e se garanta que toda a rede pública de protección e de apoio se active. Para que este sistema de alerta e de detección funcione hai que reforzar os servizos públicos que son chave polo papel que xogan na nosa sociedade. Falamos en numerosas ocasións do papel que teñen os servizos sociais, a educación ou a sanidade —nomeadamente a atención primaria—.

E permítanme determe nesta última área pola súa importancia. Xa o dixen algunha outra vez nesta Cámara. Cando falamos dunha atención primaria colapsada, saturada, con consultas que quedan pechadas porque non se repoñen as profesionais, falamos tamén disto, de fallos nunha rede que debería estar reforzada para detectar as violencia machistas. Falamos de mulleres que vagan de consulta en consulta, de profesional en profesional, sen consolidar ningún tipo de relación profesional-paciente, sen a debida continuidade asistencial e, polo tanto, de mulleres ante as cales se perde a oportunidade de facer a pregunta clave de como van as cousas pola casa. Para este labor de alerta e de vixilancia é preciso que contemos cunha atención primaria con recursos, con persoal suficiente, con persoal que estea formado, que lle poida dar o tempo preciso a cada muller para realizar as entrevistas pertinentes, para forxar unha relación de confianza e para detectar os síntomas e os indicadores de que esa muller pode estar nunha situación de violencia.

E facía mención, ao comezo da miña intervención, acerca da reforma lexislativa acadada sobre a violencia vicaria precisamente polo tema que nos ocupa no debate desta iniciativa.



Os puntos de encontro familiar son un elo máis nesta rede de detección de violencias e que cobran especial protagonismo na detección da violencia vicaria. Como vostedes saben, os puntos de encontro familiar son esa rede de puntos de servizos esenciais onde se leva a cabo o cumprimento dos réximes de visita —naqueles casos onde se dispón deste xeito por parte das autoridades competentes— en procesos de separación, de divorcio, tutelas ou de calquera outro tipo. Son servizos esenciais porque a gran maioría dos casos que chegan a eles son casos conflictivos, casos incluso de mulleres que teñen que cumprir co réxime de visitas entregándolles os seus fillos e as súas fillas ao seu maltratador. E quero aproveitar este espazo para lembrar que un maltratador nunca é un bo pai, ¡nunca! (*Aplausos.*)

A este respecto xa se ten pronunciado o propio Parlamento de Galiza cando se solicitou que se retirase a patria potestade dos maltratadores condenados en firme. E se me deteño neste aspecto é porque temos coñecemento de que nalgúns casos se cumpre o réxime de visitas imposto en casos onde existen condenas por violencia de xénero.

Publicaba hai xa uns meses o *Diario de Pontevedra* —por volta do debate da violencia vicaria— que no punto de encontro familiar de Pontevedra hai nove mulleres que cumpren o réxime de visitas imposto xudicialmente entregándolles as súas fillas e fillos a un maltratador. Este dato do punto de Pontevedra permite albiscar tan só a punta do iceberg, porque sabemos ben que nin todos os casos de violencia están denunciados nin todos os que si están denunciados fan uso deste servizo.

Por iso en xullo do pasado ano trasladamos esta cuestión á Comisión 5ª e tamén o facemos hoxe a través da emenda presentada. Porque nos parece importante afondar na situación na que se atopan hoxe os puntos de encontro familiar. Por unha banda, porque é urxente a elaboración dun protocolo para a valoración de risco nos puntos de encontro familiar fronte a situacións de violencia machista, sexan coñecidas ou non, que permita a apertura de canles de colaboración e coordinación interinstitucionais que garantan a protección tanto das e dos menores como tamén das súas nais. Como dixen anteriormente, trátase de pasar dunha posición pasiva a unha proactiva na protección destas mulleres e destas crianzas. Esta é unha demanda feita desde os propios puntos de encontro familiar. Sen ir máis lonxe, durante a pasada lexislatura a representante das directoras dos puntos de encontro familiar, Mónica Permuy, comparecía na Comisión de Igualdade e trasladaba esta cuestión. Nos casos derivados desde o xulgado —como son todos os de violencia de xénero— ocorre que o envío de informes de incidencia por parte do PEF non ten obrigatoriedade de lectura noutro lado. É dicir, se non hai no xulgado un procedemento aberto nese momento con respecto a ese caso, o envío de informe de incidencia queda alí, non tes ningunha garantía de que se vaia ler nese momento.

Ocorre tamén outra situación nos casos de violencia de xénero: que o punto de encontro familiar pode non ter coñecemento de que está aberto un procedemento de violencia de xénero respecto dalgún caso se isto ocorre con posterioridade á entrada do caso no propio punto de encontro familiar. Estes puntos poden non coñecelo; é dicir, se os casos non están unificados e non hai unha vontade do xulgado de enviar esta información poden non sabelo. E, se non o saben, tampouco van poder poñer en marcha unhas condicións específicas para aplicar nestes casos, nos que pode haber máis factores de risco.



Por outra banda, é precisa a harmonización e unificación dos criterios de intervención nos puntos de encontro familiar. No día de hoxe existen sete puntos en funcionamento —A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago, Ferrol e Vigo— e o que xa chega tarde con respecto ás promesas realizadas, o de Ribeira. Son sete centros e cada un ten a súa forma de funcionamento e de xestión. Algúns deles están externalizados a empresas privadas, outros xestionados por asociacións, cada un coas súas propias normas e procedementos máis alá do que está recollido no Decreto 96/2014 que os regula. A Xunta reitera constantemente que está a traballar nese protocolo pero o certo é que aínda non chega.

E, para finalizar, porque non só se trata de modernizar e humanizar os puntos de encontro familiar que hoxe están en funcionamento —como apuntaba a señora López— senón tamén de ampliar a rede a través dun plan específico que atenda a realidade no noso país, é evidente que os sete puntos orixinais que se crearon nas sete cidades galegas non son dabondo para atender a demanda existente. Parécenos positivo o anuncio de que se creen novos puntos, pero é importante tamén que se faga acorde cun plan no que se analice o volume de traballo que teñen os puntos que xa están en funcionamento, e tamén coa poboación e a dispersión xeográfica do noso país. Non se vai negar en ningún momento a necesidade de que se cree, por exemplo, o punto que se creou en Ribeira, pero si que é preciso ter uns criterios claros de por que se escolle esa localidade.

Está claro que a rede actual non é suficiente para dar cobertura a todo o territorio, obriga a moitas persoas a percorrer centos de quilómetros para facer uso do servizo. Por exemplo, unha muller de Burela ten que desprazarse a Lugo e son 100 quilómetros, hora e media de desprazamento; unha do Barco de Valdeorras ten que achegarse a Ourense —114—, outra hora e media en coche. É urxente a creación de puntos de encontro familiar na Mariña, na Terra de Lemos, Valdeorras, Verín, O Morrazo, O Salnés e na Costa da Morte. E incido nisto porque vai en contra da propia Lei de prevención e tratamento integral da violencia machista, que no seu artigo 4 recolle a equidade territorial e recalca que se terá en conta a necesidade de compensar os desequilibrios territoriais garantindo o acceso á totalidade das mulleres, e especialmente ás que viven no ámbito rural. Mais tamén está a Lei de servizos sociais de Galiza, que tamén no artigo 4 recolle esta equidade no desenvolvemento da rede de centros e servizos que debe compensar os desequilibrios territoriais e garantir o acceso ao sistema das galegas e galegos que residan en áreas sociais con altas taxas de avellentamento e dispersión mediante a oferta equitativa e equilibrada de servizos en todo o territorio.

E remato xa como comecei. Na loita contra as violencias machistas non pode haber oco nin para a autocompracencia nin para a pasividade. As institucións públicas —neste caso, a Xunta de Galiza— teñen que ter unha actitude proactiva nesta loita. Xa sabemos que o presidente da Xunta ten hoxe en día asuntos que lle levan bastante máis ansia que gobernar este país. Seica agora vai de xira pero con contacto telefónico permanente. Pero as mulleres galegas non podemos seguir agardando a que lle acorde centrarse dunha vez en gobernar Galiza, as mulleres galegas queremos todos os dereitos e queremos xa. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Carreira.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*



Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora López Sánchez.

**A señora LÓPEZ SÁNCHEZ:** Señora Castro, a verdade é que ten vostede valor para falar da inactividade do Partido Popular cando no Bipartito vostedes nin modernizaron ningún centro nin construíron ningún tampouco. (*Aplausos.*) É verdade, vostedes teñen o costume de situarse nunha atalaia moral de superioridade, pero cando teñen a capacidade de xestionar recursos para os colectivos máis vulnerables, non o fan. ¿Quen o fai? O Partido Popular. (*Aplausos.*) E xa estou falando dende a perspectiva de que eu son unha política moi novatiña, pero veño do movemento asociativo e sei de quen recibiamos apoio. ¿Sabe de quen? Do Partido Popular, non de vostedes. (*Aplausos.*) Entón, bueno, que falen vostedes de inactividade, non sei, creo que lles vén un pouco grande.

Ademais, outra cousa. Eu estou de acordo con que haxa espírito crítico, si, totalmente de acordo —e na oposición, máis—, pero o espírito crítico sen coñecemento do que se está a falar é palabrería pola súa parte. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Porque dicir..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Vale!, ¡moi ben!, neste caso levaranse dez anos pero, mire, sobre os dous anos que marca a Xunta, non sei se citou vostede —creo que foi a señora Carreira a que a citou— a Mónica Permy, e Mónica Permy, xunto con outros compañeiros, elaborou unha guía de boas prácticas para o uso dos puntos de encontro familiar. E nesa guía expresa meridianamente claro que nin sequera se pode chegar aos dous anos de uso dese recurso, porque é demasiado tempo para un neno. Vostede está a achacar os dous anos do recurso a que a Xunta quere liberar as listas de espera. Pois non, señoría, non é por iso. Imaxine vostede un menor nunha situación de conflito familiar ao que encima lle acarrean outros dous anos máis nun recurso desas características. Cando cheguen os dous anos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Non, ao mellor si que sei do que estou falar, fíxese vostede. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero, bueno, o que lle digo é que, cando cheguen os dous anos —se non se chega ao obxectivo que se plantexou nun inicio de normalizar as relacións familiares—, o normal será plantexarse se realmente é o recurso idóneo ou se realmente hai que tomar decisións de máis calado para a protección dese menor e para a seguridade dese menor. Esa é a decisión e o que vén no manual de boas prácticas elaborado por Mónica Permy e outros expertos en menores. Entón xa non é o que diga eu ou o que diga a Xunta. Son cousas ditas por expertos.

Con respecto aos catrocentos mil euros dos que falaba, non son para a construción e a renovación. Os catrocentos mil euros son só para a modernización dos centros que xa están operativos, e son orzamentos que se van ir renovando. Ou sexa, que non é para toda a construción dos centros e para a renovación incluída.

Despois, con respecto á ampliación de redes —do que falaban vostedes— vaise comezar a ampliación dos puntos de encontro familiar polas provincias de Lugo e de Ourense —porque si é verdade que son as que están máis desprovistas deste recurso tendo en conta que teñen só puntos de encontro nas capitais de provincia—, e para que os desprazamentos e o seu custo, sobre todo dos nenos e das nenas, sexan os menores posibles. E tamén para liberar de listas de espera a algún centro, para iso é tamén para o que se van construír novos puntos de encontro familiar, non pola razón que vostede alegaba.



Por outra banda, non teña dúbida de que o compromiso da Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Social é o reforzo e a ampliación deste servizo. Non ten volta a atrás. Nunca a Xunta de Galicia deixou nin retirou recursos aos máis vulnerables. Houbo comunidades que pecharon recursos deste tipo —por exemplo, Valencia, que hai pouco pechou un punto de encontro familiar—. En Galicia isto nunca se produciu, nin sequera en situacións de crise económica importante. Entón, isto tamén é para ter en conta.

Por outra banda, cando falen vostedes de protocolos que permitan a valoración de risco nos puntos de encontro familiar fronte a situacións de violencia de xénero, non se pode sementar dúbidas sobre a seguridade dos puntos de encontro familiar. Poderán ser mellorables pero son seguros, a seguridade está mantida. E creo que respecto diso hai que ter coidado, máxime nunha data como a de hoxe, o 8M, na que temos que transmitirles seguridade ás mulleres. ¿Son mellorables? ¿Pode haber, ao mellor, posibilidades de reforzo? Por suposto, pero son recursos seguros. Todos os PEF de Galicia, señorías, contan con protocolos de protección das mulleres vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e fillas. E non dubiden de que este grupo parlamentario e o Goberno da Xunta de Galicia somos plenamente conscientes das situacións que viven as mulleres que sofren violencia de xénero, de forma directa ou a través dos seus fillos e das súas fillas, polo que, para a súa protección, os PEF están dotados de medios, de recursos, de protocolos e de coordinación de todas as institucións necesarias para atallala e para previla. Xa digo, non imos caer na autocompracencia. Todo pode ser mellorable e reavaliado, pero si son seguros.

E ademais un dos obxectivos que dixeran ao principio destes puntos de encontro familiar é o de informar, detectar e derivar casos de violencia de xénero —o que comentaba antes a señora Carreira—, e derivalos precisamente ás unidades especializadas para a protección e para a asistencia integral das mulleres que son vítimas de violencia de xénero. Ademais abordaranse de forma diferenciada as derivacións procedentes dos xulgados de violencia de xénero para evitar que o agresor e vítima poidan entrar no máis mínimo contacto.

Despois existen canles de comunicación, e calquera informe de avaliación inicial, de avaliación de seguimento, de avaliación final, todos eses informes, pasan, primeiro, pola Dirección Xeral de Menores e Infancia e despois van ao xulgado. Calquera informe ten que establecer ese circuíto. Polo tanto, ten que existir para o funcionamento dos puntos de encontro familiar a coordinación de todos estes recursos. Se non, realmente, non funcionarían.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora LÓPEZ SÁNCHEZ:** Si, remato agora, presidente.

E a maiores existen os gabinetes de orientación familiar das xefaturas territoriais que teñen competencia en familia e menores, que, xunto co equipo técnico do punto de encontro, poden organizar sesións de supervisión conxuntas para o seguimento de moitos casos.

En definitiva —e xa remato—, quero recalcar a importancia deste recurso e quero recalcar o compromiso total da Xunta pola súa ampliación, modernización e humanización.



Grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** ¿Sobre as emendas?

(A señora López Sánchez pronuncia palabras que non se perciben.)

¿Non acepta as emendas?

**A señora LÓPEZ SÁNCHEZ:** Si, temos dúas emendas e propuxemos textos de transacción como engádega ás nosas emendas. E o texto de transacción foi aceptado polo Bloque Nacionalista Galego —o cal agradezo, de verdade, porque creo que é importante ter consenso neste eido—. Non temos aínda resposta do Partido Socialista. Esperamos tela ao longo da tarde.

Grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co traballo do fogar e do coidado**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. Núm. 30286).

*Emenda de adición.*

*No punto 1, da parte resolutiva da iniciativa débese engadir in fine a seguinte frase: "..., tendo en conta a variable grao de urbanización."*

*No punto 2, da parte resolutiva da iniciativa débese engadir in fine o seguinte texto: "..., tendo en conta a variable grao de urbanización."*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, presidente.

«Sen coidados non hai vida», este é un dos lemas cos que o feminismo galego de base leva anos mobilizándose e asegurándose así de que cada 8 de marzo sexa un día de loita, de reivindicación, afastado de lemas baleiros, de lavados de conciencia institucional e de promesas incumplidas. Para todas elas, compañeiras, o noso recoñecemento neste día de loita. (Aplausos.)

Sen coidados non hai vida e sen coidados non hai economía. E diso é do que queremos falar hoxe. Gustaríame que as persoas que seguen este debate e as que estamos aquí —xornalistas,



deputadas, deputados, persoal da Cámara— pensásemos por un anaco un pouco na distribución dos tempos das nosas vidas e das vidas que temos próximas, as nosas propias experiencias persoais, as de amigas-amigos, compañeiros de traballo; que pensásemos nos nosos núcleos de amizade e familia. Aquí, desde logo, estamos varias xeracións, circunstancias de todo tipo, persoas que viven en parella, con crianzas, sen crianzas, con dependentes, persoas que viven soas e persoas que temos, que teñen diferentes circunstancias, incluso xa desde o punto de vista da xeografía ou da clase.

Pero, en todo caso, gustaríame que pensásemos por un momento sobre nós e as persoas que temos ao redor, cantas das que coñecemos, por exemplo, non poderían traballar sen conciliar o coidado das súas crianzas con outras persoas, ou cantas das persoas que estamos aquí ou das que coñecemos poden dedicarse ao que se dedican precisamente porque hai outras persoas —maioritariamente mulleres— que asumen coidados no seu lugar, desde facer a lista da compra ata outras cuestións; ou cantas persoas das que están aquí recortan hoxe ou recortan nalgún outro momento da súa experiencia vital tempo da súa vida ou do seu ocio para asumir tarefas de coidados e que sexan outras persoas as que desenvolven eses traballos.

Desde logo, a ninguén nos gusta examinar como reproducimos a desigualdade. Inclúome a min mesma, son a primeira, tampouco me gusta facelo sobre min mesma e a miña vida. E é incómodo facelo, pero estou segura de que, se honestamente nos respondemos a estas preguntas pensando nas nosas vidas e nas que temos arredor, non fai falta que profundemos moito e que pensemos demasiado para decatarnos decontado da desigual distribución dos tempos que maioritariamente aínda hai na nosa sociedade entre homes e mulleres, sobre todo no que respecta aos coidados e ao traballo doméstico.

E tamén é fácil pensar, con ver ao noso arredor, que cos salarios medios que hai neste país tampouco é fácil que nun fogar se poidan permitir que sexa unha terceira persoa quen remuneradamente asuma esas tarefas. E nun gran número de situacións isto, na maioría das casas, na maioría dos fogares, na maioría das familias, resólvese con que, habendo unha necesidade de coidado, alguén —case sempre unha muller— asume renuncias do seu propio espazo vital, do seu ocio ou do seu traballo —no peor dos casos— para asumir eses coidados.

Os datos están aí: o 88 % das persoas que no 2020 colleron unha excedencia para coidado de fillos ou fillas eran mulleres; en Galiza, 1.074 mulleres fronte a 142 homes. Nas EPA preguntase cada trimestre polas razóns para non buscar traballo, e as razóns polas que mulleres deixan de buscar traballo ou non buscan traballo activamente é precisamente para asumir tarefas de coidados.

E é certo que nos últimos anos, grazas a esa forza do feminismo, a esa forza e a eses 8 de Marzo tan masivos, a axenda feminista colleu máis protagonismo na axenda comunicativa, na axenda política. E iso é necesario e é positivo, pero ten unha sombra tamén, que é que hai un espellismo, ás veces tamén moi interesado, de que hai unha igualdade xa conseguida neste país. E hoxe, que este 8 de Marzo volvemos ver moitas declaracións de intencións, que volvemos ver tamén moitos lazos lilas, todo iso está ben, pero nós queremos recordar, desde o Grupo Parlamentario do BNG, que vimos aquí legislar e impulsar políticas públicas. E para iso hai algo que é fundamental, que é coñecer a realidade que se quere transformar, e por





iso dicimos que igual que se di que aquilo que non se nomea non existe, aquilo que non se mide tampouco existe, aquilo que non computa non existe.

Por iso hoxe o que pedimos nesta iniciativa é basicamente que o Partido Popular deixe de vetar que neste país se estude e se cuantifique o valor da produción doméstica, é dicir, o valor de todo ese traballo non remunerado, invisible e que maioritariamente soportan as mulleres neste país.

E neste país non se mide cal é ese valor económico desde hai máis de dez anos, ¡máis de dez anos! Fíxense: se xa dicimos que o mundo sería insostible sen esa contribución non remunerada, hai que ver tamén o que ten mudado na última década. Desde logo, nós temos claro que, se queremos dignificar o traballo dos coidados, se queremos facer real o coñecemento por parte da sociedade de que sen coidados efectivamente non hai vida, temos que poñerlle, desafortunadamente, neste modelo económico no que vivimos, prezo. Temos que poñerlle un valor monetario para dignificalo, tamén para dignificar a quen fai ese traballo de forma remunerada, de forma regulada, pero en moitos casos tamén precarizada. Non podemos, desde logo, dar este debate sen facer tamén unha mención a todas aquelas traballadoras do ámbito doméstico, a todas aquelas mulleres que seguen afectadas porque o Goberno central aínda non procedeu, aínda non consumou a ratificación do Convenio 189 da OIT. (*Aplausos.*)

Hoxe non podemos deixar de reclamar que isto se acelere e tamén que paremos de ver sentenzas coma esta que teño aquí: (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*) «O Tribunal Europeo falla contra España por non pagar o desemprego a 395.000 traballadoras do fogar». Século XXI, e estamos a falar de dereitos que non é que non estean recoñecidos, é que tampouco son respectados e que, no mellor dos casos —insisto—, se están a gañar nos tribunais. Desde logo, entendemos que é inaceptable, e por iso tamén o incorporamos ás demandas desta proposta.

En todo caso, a base desta discriminación, desde o non recoñecemento laboral, do non recoñecemento social, é, desde logo, a minusvaloración histórica que tivo o traballo doméstico e de coidados. E por iso insistimos en que é clave estudalo e ver a canto equivalería en termos económicos. Isto fíxose neste país hai moitos anos. Da segunda Conta satélite de produción doméstica que fixo o Instituto Galego de Estatística coñecemos os datos no 2013 pero son respecto do ano 2010. E sabemos que daquela ese traballo invisible representaba nada máis e nada menos que o 50,6 % do produto interior bruto de Galiza, máis da metade. Non hai ningún outro sector económico no que poidamos pensar que teña unha achega similar. E, ademais, esta estatística insistía noutra cuestión que é moi importante tamén: na profunda desigualdade que hai na distribución dos tempos. Desta forma dicíanos que, se un home de media empregaba 2,1 horas ao día neste tipo de tarefas de coidado e domésticas, as mulleres máis do dobre, un 4,7.

E hai dez anos esta era a foto, eramos así de desiguais. Pero, como dicía antes, nestes dez anos pasaron cousas: vivimos unha crise financeira a partir do 2008 absolutamente brutal, que empeorou as condicións de vida e as condicións laborais; e vivimos tamén unha pandemia sen precedentes na nosa historia, que fixo que que moitas mulleres se retrotraeran ás casas, que se retrotraeran aos fogares, a asumir labores de coidados que, se ben doutra maneira non se podían soportar, os sistemas públicos tampouco daban resposta.



Polo tanto, neste contexto, ignorar qué supón para a economía a contribución que se fai a través deste traballo invisible desde logo impide absolutamente ver se avanzamos ou non avanzamos en materia de igualdade e de corresponsabilidade, e impide tamén ver as costuras do sistema económico e tamén as costuras dos servizos sociais, que son en suma a quen moitas veces temos que substituír as mulleres.

E, desde logo, nós entendemos desde o BNG que sen coñecer non podemos avanzar. E vou poñer un exemplo doutro ámbito. Hoxe falouse xa afortunadamente moito —nunca é suficiente neste pleno— de violencia machista; poño un exemplo da violencia sexual. Sabemos grazas ás estatísticas que máis da metade da poboación pensa que unha violación é cometida maioritariamente por descoñecidos. Pero sabemos tamén grazas ás estatísticas e aos estudos que, incluso contando aquelas violacións que xa son fóra do ámbito da parella, só un 18 % son cometidas por descoñecidos. Isto é fundamental para facer políticas de educación e para facer políticas de combate contra a violencia sexual e machista, porque é jodido asumir que é moito máis probable que te viole un compañeiro de traballo ou un amigo que que o faga un encapuchado pola rúa, e iso é francamente brutal e demoledor.

E, desde logo, é demoledor tamén asumir o normalizada que temos a desigualdade no uso dos tempos e en ámbitos como o que pretende reflectir o estudo que hoxe propoñemos. Pero, desde logo, só o coñecemento amosa a desigualdade e só desde o coñecemento podemos superala.

¿Alguén imaxina que estiveramos dez anos, unha década, sen ter datos sobre os feminicidios? Ou ¿alguén pode imaxinar que estiveramos dez anos —non sei— sen ter os datos cada mes de ocupación, ou sobre tantas outras cuestións que estudamos para avanzar? Entón, cabe preguntarse por que normalizamos este traballo invisible, por que non queremos medilo, por que non queremos entrar nesta cuestión. Entón, unha de dúas: ou non se quere mudar ou quere esconderse, ou ambas á vez. Desde logo, esta situación nós entendemos que non pode continuar e esperamos que hoxe haxa unha rectificación.

Remato xa.

Hoxe lía na prensa unha entrevista á dramaturga galega Fefa Noia, e dicía: «O perigo máis grande do machismo é o que non se verbaliza». Nós engadimos: o perigo máis grande do machismo é tamén o que non se mide, porque, se non se mide, camúflase, e camuflar é consentir. E esta iniciativa, en resumidas contas, busca o contrario: facer visible esa desigualdade para construír a Galiza en grande que soñamos, na que todas sexamos máis feministas, ata que todas sexamos libres.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

(*Aplausos.*)

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.



*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señores e señoras deputados.

Hoxe quero empezar a miña intervención manifestando unha vez máis o rexeitamento do Grupo Parlamentario Socialista á invasión por parte das forzas militares rusas a Ucraína e manifestando tamén o noso posicionamento a carón do Estado español e da Unión Europea para que se tomen as medidas precisas para que se deteñan as ansias de poder do oligarca e do tirano Vladimir Putin, que está ameazando a paz do mundo. *(Aplausos.)*

Hoxe, 8 de marzo, Día Internacional da Muller, o noso pensamento está coas mulleres e coas nenas ucraínas, vítimas deste xenocidio, que teñen que fuxir das súas casas, que teñen que fuxir das súas vidas cara a un futuro incerto. E hoxe tamén, 8 de marzo, as socialistas queremos destacar, fronte aos que negan, vulneran ou atacan os dereitos das mulleres, o profundo valor democrático que o feminismo ten suposto para a liberdade das mulleres en todo o mundo.

Hoxe, señores e señoras deputados, levamos dous anos de pandemia, tempo no que se puxo en evidencia as costuras do noso Estado do benestar, deixando á vista as desigualdades que aínda existen nos traballos do coidado doméstico e a precariedade no emprego feminino. Segundo os datos achegados polos sindicatos, a pandemia supuxo que en Galicia o 73 % do emprego que se perdeu foi entre as mulleres, que a taxa de actividade feminina se sitúa 8,8 puntos por debaixo da masculina e que en Galicia é 5,4 puntos por debaixo da media estatal, e que a fenda salarial entre homes e mulleres se sitúa ao redor do 19 %.

Por iso, o Goberno de España, encabezado por Pedro Sánchez, consciente de que non haberá recuperación se non é garantindo a igualdade real entre homes e mulleres, estableceu a igualdade de xénero como eixo transversal do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, para canalizar os fondos europeos e para reparar os danos provocados pola crise da covid-19; un compromiso firme para unha recuperación xusta, cun goberno que impulsa políticas públicas dirixidas a pechar as fendas das desigualdades que aínda temos hoxe pendentes: a fenda laboral e salarial, a fenda dixital ou a desigualdade no ámbito da corresponsabilidade.

E neste ano, neste día, as socialistas queremos poñer o foco na corresponsabilidade, é dicir, esa responsabilidade compartida entre persoas que teñen os mesmos deberes e dereitos ante situacións ao seu cargo.

Hoxe imos debater unha iniciativa que fala desta realidade, sobre un tema que aos socialistas tamén nos preocupa e xa temos presentado iniciativas no mesmo sentido. Pero cabe tamén volver resaltar que imos votar sobre un asunto que é unha disposición legal aprobada por esta cámara e publicada no DOG hai cinco anos. É dicir, volvemos traer unha vez máis unha iniciativa a este parlamento para que a Xunta de Galicia cumpra con aquilo que aproba, única e exclusivamente, que cumpra con aquilo que aproba.



O 17 de febreiro de 2016 publicábase no DOG o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma galega en materia de igualdade. E no artigo 29, no seu punto 3, di literalmente: «A consellaría competente en materia de traballo elaborará unha conta satélite onde se cuantificará o valor económico do traballo doméstico, de coidados e comunitario realizado por mulleres e homes e daralle á citada cuantificación económica a debida publicidade social». Gustaríanos saber cales son as razóns deste incumprimento. ¿Por que dende o ano 2013 non se volveu facer esta conta satélite? Supoño que na intervención que lle corresponde ao Partido Popular nos darán unha cumprida explicación.

Pois ben, esta última Conta satélite de produción doméstica en Galicia foi publicada polo IGE no ano 2013, respecto do ano 2010 e con base en 2008. É dicir, os últimos datos estatísticos que temos sobre este tema son de hai once anos, sobre unha cuestión que non é menor, que pon valor económico á produción doméstica e a esas actividades produtivas que non se remuneran e, polo tanto, non se inclúen no PIB. E digo... (*Murmurios.*) E digo que non é menor porque en 2010 o valor engadido bruto desa produción doméstica non contabilizada do produto interior bruto foi de 28.649 millóns de euros, o que equivalería ao 50,6 % do PIB dese ano.

Pois ben, a Conta satélite de produción doméstica de 2010, hai once anos, como ben dicía a señora voceira do BNG, dicíanos que os galegos e as galegas empregamos de media 3,5 horas ao día para desenvolver servizos domésticos e persoais non remunerados e destinados ao autoconsumo. Pero, se facemos esa distribución mirando por sexos, pois vemos que, mentres os homes empregaron unha media diaria de 2,1 horas, as mulleres empregamos 4,7 horas; é dicir, que as mulleres producimos o 70,2 % dese valor engadido bruto xerado na produción doméstica nese ano 2010.

¿E de que estamos a falar cando falamos de produción doméstica? Pois de cousas como falaba a señora Presas tan normais e tan cotiás, que todos e cada un de nós temos nas nosas vidas, como cociñar, lavar, planchar, coidado de fillos e fillas, coidar das persoas dependentes ou como traballo de voluntariado. Un traballo produtivo non asalariado pero que ten un custo, que ten un valor económico, pero que ese valor económico é invisible se non se cuantifica; e, canto menos se cuantifique, máis invisible se fai. Un traballo produtivo que por tradición se identifica con traballos femininos e, como dixo a escritora, profesora e activista feminista Silvia Federici: «*El trabajo doméstico se ha naturalizado como si fuera una vocación femenina; cuando el hombre te ayuda, tú dices “gracias”*».

Pois a verdade é que esta frase resume bastante ben a realidade, por desgracia, de boa parte do traballo doméstico, un traballo que semella que corresponde ás mulleres porque si, e que a parte que asumen os homes pois non se interpreta como asunción da súa parte na responsabilidade senón como unha axuda.

Pois ben, se queremos poñer o foco nesta realidade, que é coñecida por todos e por todas, se queremos poñer os medios para que exista unha real e unha maior corresponsabilidade, un dos primeiros pasos é coñecer e cuantificar esa realidade.

Os últimos informes publicados e elaborados polos sindicatos UXT, Comisións Obreiras e CIG para este 8 de Marzo sobre a fenda dos coidados dannos datos moi reveladores e dinnos que a responsabilidade compartida nos coidados de familiares dependentes e nenos menores



puntúan 9 a 1 a favor das mulleres. Que do total de persoas en Galicia que teñen un contrato a tempo parcial por coidado de familiares 22.100 son mulleres, fronte a 1.400 para os homes. E o mesmo acontece se miramos as reducións de xornadas ou excedencias; o 76,4 % das reducións de xornada laboral por coidado legal de familiares son solicitadas por mulleres, e o 74 % das excedencias por coidado de familiares tamén son solicitadas por mulleres. É curioso: a asunción das tarefas dos coidados familiares por parte dos homes aumenta se son permisos retribuídos, mentres que, se non son retribuídos, son fundamentalmente e maioritariamente femininos.

Se miramos o tipo de contrato, pois acontece o mesmo. Preto do 80 % dos contratos a tempo parcial en Galicia están asinados por mulleres. No ano 2021 os homes asinaron 135.000 contratos a xornada completa máis que as mulleres. E ao exercicio dos dereitos de conciliación acolléronse maioritariamente as mulleres, nun 80 % dos casos.

Pois ben, o mesmo informe apunta como causas dos contratos a xornadas parciais que, mentres que nos homes soen ser relacionadas coa formación ou con negocios propios, as mulleres empregan tamén estas xornadas parciais para o coidado dos fillos ou familiares, ou, noutros casos, vense abocadas a elas porque non se lles ofrecen contratos a tempo completo.

Pois ben, nós imos votar a favor desta iniciativa. Presentamos unha emenda a esta PNL que esperamos que o Grupo do BNG a acepte, e o que pedimos é que se teña en conta a variable grao de urbanización, posto que nós entendemos que hai dúas realidades e que, se as mulleres xa somos de por si as grandes coidadoras, a realidade no mundo rural e no mundo urbano tamén establece unha fenda que debe ser contemplada e que se debe ter en conta, para que se teñan en conta as dúas realidades existentes en Galicia, que son, por unha banda, o mundo rural e, por outra, o mundo urbano.

E respecto do terceiro apartado da parte dispositiva da iniciativa do BNG, tamén imos votar a favor, entendendo que a aplicación deste convenio precisa dun tempo para poder facer os axustes necesarios. Pero non hai dúbida de que o Goberno do Estado, encabezado por Pedro Sánchez, ten unha clara disposición á igualdade real entre homes e mulleres e tamén a favorecer todas as disfuncións e todas as eivas que hai en cuestións de traballo.

Pola nosa banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario Popular, señora Pérez López.

**A señora PÉREZ LÓPEZ:** Boa tarde.

Grazas, presidente.



Permítanme, señorías, antes de nada, felicitar no 8 de Marzo a todas as mulleres galegas, porque sen elas, as que estiveron, as que están e as que estarán, estou convencida de que a historia de Galicia tería sido e será escrita de forma ben distinta.

E tamén un recordo especial para todo o pobo ucraíno e moi especialmente para as mulleres neste 8 de Marzo. *(Aplausos.)*

Entrando no contido da iniciativa, gustaríame facer, señorías, unha serie de reflexións referentes aos puntos que someteremos hoxe a votación e para dar a cumprida explicación que me solicitou a señora Rumbo na súa intervención.

Pídenos desenvolver unha Conta satélite de produción doméstica no primeiro semestre deste ano 2022. Miren, señorías, o Instituto Galego de Estatística xa fixo público hai meses o seu compromiso en avanzar na realización de estudos periódicos sobre o valor social e económico do traballo no fogar e nos coidados e xa está a dar os pasos necesarios para que ese estudo se poña en marcha para a consecución deses obxectivos. E, ademais, sabemos que vostedes teñen coñecemento disto, e téñeno a través dos seus representantes no Consello Galego de Estatística, onde se avanzou este compromiso hai pouco máis de dous meses. Por iso me sorprende que diga a señora Presas que o Goberno quere esconder datos, cando son vostedes os que contan as verdades como lles convén. Porque hai dous meses que o seu representante no Consello Galego de Estatística sabe deste tema. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Vostede mencionou que xa no ano 2010 con este goberno o IGE elaborou e publicou unha Conta satélite de produción doméstica. Pois realizouse baseándose fundamentalmente nos resultados para Galicia dunha enquisa previa dos usos do tempo do Instituto Nacional de Estatística. Polo tanto, desde o Goberno galego algo de experiencia teñen nesta materia e nestas enquisas. O razoable, aínda que a vostedes non llelo pareza, é tomar como base a información do INE, sobre todo, señorías, porque garante a coherencia e a comparabilidade, importantísima neste eido e para comparar con outras comunidades autónomas e con outras rexións ou Estados a nivel europeo.

Ademais, as enquisas do uso do tempo teñen unha gran complexidade, pola carga de resposta e polos custos económicos da súa elaboración, polo que nestes momentos se está a traballar en novas metodoloxías para obter e elaborar a información dun xeito máis sinxelo e simple, garantindo o uso eficiente dos recursos públicos.

Por eses motivos, o INE, que tiña previsto realizar unha nova enquisa en usos do tempo, vén demorando o seu propio proxecto. E faino por dúas razóns basicamente. Primeiro, por intentar alixeirar esa carga de resposta e, segundo, para converxer coa metodoloxía e calendario europeos, que aínda a día de hoxe non están pechados.

Non é un argumento da miña colleita este que lle acabo de dar. O presidente do INE no último Comité Interterritorial de Estatística, en resposta a unha pregunta que lle formulou precisamente o director do IGE sobre a realización da enquisa de usos do tempo, contestou que o Goberno se fixa como obxectivo para o 2023 a súa realización e tamén para avaliar e com-



probar un novo instrumento de recollida de información deseñado a nivel europeo e que se apoia nos dispositivos móbiles.

Eu tráíolles a proba de que no Partido Popular sabemos do que falamos e o facemos con datos. Miren, este é o Real decreto 97/2002 (*A señora Pérez López mostra un documento.*) —se queren velo, déixollo ao presidente—, polo que se aproba o programa anual 2022 do Plan estatístico nacional, onde se recolle como traballos preparatorios a *Encuesta del empleo del tiempo, trabajos que se van a ejecutar en el año 2022*. Este documento pon de manifesto o pouco rigor co que vostedes veñen pedir hoxe a este parlamento no referente a esta iniciativa.

E continúo porque aínda teño algún dato máis que darlles, señorías. Miren, tanto o IGE como a Consellería de Emprego e Igualdade comprometéronse, como xa lles dixen, no mes de decembro do ano 2021, no pleno do Consello Galego de Estatística, a pór en marcha en 2023 unha enquisa de usos do tempo, coa información do INE e en coherencia coa metodoloxía europea. É máis, se o Goberno do Estado non cumpre con este decreto que lles acabo de ensinar e segue demorando a redacción desta estatística, o Consello Galego de Estatística comprometeuse a elaborar unha propia desde Galicia sobre un proxecto técnico que se aprobaría no Consello Galego. E vostedes deberían sabelo. Deberían sabelo —vólvolles repetir— porque no Consello Galego de Estatística séntase unha persoa designada tanto polo Bloque Nacionalista Galego como polo Partido Socialista que asumiu este compromiso que se adoptou no seu seo no mes de febreiro.

Non poden ir por libre, señorías, non podemos ir por libre, porque a técnica da estatística implica un procedemento rigoroso e serio e aplicar os principios de coherencia e de comparabilidade e porque precisamos que o resultado desa conta satélite responda a unha metodoloxía coherente cos estudos realizados tanto a nivel estatal como a nivel europeo e que nos permitan intercambiar datos, que nos permitan facer uso deles e comparar resultados.

Non será no primeiro semestre de 2022, como vostedes piden, polos motivos que lles acabo de dar, pero dun xeito ou outro as actuacións comezarán no ano 2023, e ese é o noso compromiso e o compromiso do Goberno galego.

E, polo tanto, que non lles quede ningunha dúbida de que o Goberno galego está a traballar, estao a facer de acordo cos estándares de coherencia e de comparabilidade, e estao a facer ao unísono co Instituto Nacional de Estatística estatal, con rigor e con responsabilidade, co rigor e coa responsabilidade institucional que caracteriza tanto ao Goberno galego como ao Partido Popular e que non teñen vostedes.

En resumo, Galicia terá unha conta estatística coherente e comparable a nivel europeo, na que se especificarán todos os niveis e ámbitos necesarios, señora Rumbo —nese senso ía a súa emenda—, e con sistema de recollida de datos fiables e axustada no tempo e no seu custo.

E si concordamos nun feito con vostedes: en que a elaboración deste tipo de estudos permite coñecer e visibilizar o traballo doméstico e de coidado que realizan basicamente as mulleres no noso país e nos permite ademais poñer de manifesto as diferenzas que aínda existen entre mulleres e homes na realización destas tarefas, e que son moitas. Pero desde logo que



todos os gobernos están desde hai anos a traballar neste tema tanto a nivel europeo como en España e, por suposto, tamén en Galicia.

E, vista a iniciativa de hoxe —perdóenme que sexa tan insistente—, os únicos que parecen que non están a traballar este tema a fondo son os do Grupo do Bloque Nacionalista Galego. A sensación que nos queda, señora Presas, é que para vostedes é só unha cuestión de oportunismo político, porque só así se podería explicar que vostedes veñan a esta cámara e que se permitan o luxo de vir propoñer acordos extemporáneos. Quere fixar prazos que saben de antemán que non son realistas, porque estamos no mes de marzo, e vostedes piden unha enquisa no primeiro semestre deste ano, e corrixir a quen si está a traballar para dotar de instrumentos estatísticos a sociedade galega e para coñecer e poder estudar a participación de homes e mulleres nas tarefas do fogar, co obxectivo de impulsar a igualdade real entre mulleres e homes e de facer unha Galicia máis corresponsable no futuro. Se son serios, aínda están a tempo de retirar algún punto desta PNL e da votación.

Sobre o segundo acordo que propoñen, recórdolle que as estatísticas oficiais, entre as que se inclúe a enquisa dos usos do tempo, deberán ser levadas a cabo dentro da organización estatística de Galicia, que, como vostedes saben ou deberían saber, está integrada polo IGE, polos órganos estatísticos sectoriais das consellerías e polo Consello Galego de Estatística, onde están representados os tres grupos parlamentarios desta cámara e as tres universidades públicas galegas. E as universidades poderán realizar calquera análise ou estudo posterior de resultados, que para iso, se o desexan, contarán sempre e en todo momento coa colaboración do IGE.

Esta é a realidade, é así de sinxela, e eu sinto que non coincida coa súa.

E referente ao punto 3, de demandar ao Goberno central que non siga demorando a tramitación da ratificación do Convenio 189, non temos nada que obxectar dende o noso grupo. É un convenio que se aprobou no ano 2011, que certamente nos primeiros anos xa se ratificou en países onde non existía unha lexislación consolidada ao respecto, e trasladalo ao noso ordenamento xurídico presentaba algunhas dificultades ao abeiro da lexislación do noso país.

De feito, hai un acordo unánime dos grupos do Congreso dos Deputados para seguir traballando para solventar esas eivas e esas dificultades. Acordo que por certo foi moi valorado positivamente polo director da oficina da OIT para España.

A día de hoxe, a cuestión da ratificación do convenio nesta cámara é unha nova mostra para min de oportunismo, e a nivel estatal está un pouco desnaturalizada, ademais de salpicada de escenificacións de falta de diálogo e pouca coherencia política entre o Goberno mancomunado do Estado. E dígollo porque ese están a suceder declaracións que quedan simplemente niso, en meras manifestacións de vontade.

E miren, en abril do ano pasado, a ministra de Traballo, a señora Díaz, unha parte do Goberno anunciou que xa se iniciaran os trámites para a ratificación do Convenio 189. Un mes despois o Partido Socialista, outra parte do Goberno, presentou unha iniciativa no Senado instando ao Goberno á súa ratificación. En outubro de 2021, tras manifestarse as empregadas do fogar, o Goberno insiste en que se iniciaron os trámites, e incluso na exposición de mo-





tivos dunha resolución de decembro deste ano pasado o Ministerio de Traballo insiste —sen moito entusiasmo, iso si— sobre a ratificación deste convenio a pesar de que era un tema prioritario do pacto de goberno. ¡Vaia como tratan vostedes as súas prioridades!

Eu sei, señora Presas, que vostedes non se sentan no Consello de Ministros, pero, dado que traen hoxe este acordo a esta cámara e tendo en conta que no seu programa electoral das eleccións xerais do ano 2019 demandaban a ratificación dese convenio, gustaríame que me dixese se o seu xefe ideolóxico, o señor Rego, nestes tres anos fixo no Congreso algunha pregunta ou fixo algunha proposta a este respecto. E xa non fai falta que me conteste, xa lle respondo eu: non fixo absolutamente ningunha. E iso reafírmame en que o que están a facer é utilizar esta data sinalada de xeito oportunista para que pareza que fan e ocultar así a súa irresponsabilidade neste asunto, a pesar do famoso pacto que asinaron e que permitiu ao señor Sánchez chegar á Moncloa e non gobernar.

E remato xa. Miren, o mellor garante que podemos darlles ás mulleres este 8 de Marzo por parte de todos os deputados, pero sobre todo nós como mulleres, é a nosa entrega, o noso compromiso e o noso traballo para seguir mellorando os seus dereitos e o seu benestar en todos os aspectos. E dende este parlamento e dende a Xunta de Galicia este goberno, no ámbito das súas competencias, que parece que a vostedes isto lles custa entendelo ás veces, non deixou de traballar en ningún momento dende hai trece anos e sete días por avanzar e mellorar...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PÉREZ LÓPEZ:** ...as condicións de participación das mulleres na sociedade. E seguira a facer, señorías, con criterio e con rigor, como se fan as cousas; diso non teñan ningunha dúbida.

Máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pérez López.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo autor da proposición non de lei, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

Tres cuestións antes de máis, señora Pérez. A primeira é que, claro, é que non entenden nada vostedes, é que as mulleres deste país non queremos felicitacións, o que queremos son dereitos, dereitos *(Aplausos.)*, e para iso estamos neste parlamento.

En segundo lugar, recórdolle que o partido dos machos alfa é o seu, ¡eh! No BNG as mulleres non temos xefes. Non se preocupe diso. *(Aplausos.)*

E, en terceiro lugar, claro, vén aquí cunha soberbia e unha ignorancia ben atrevida a dicirnos que non temos rigor e que o que tiñamos que saber é isto, aquilo outro. Xa llo vou desmontar,



porque, claro, o primeiro que tiñamos que saber é que non teñen a máis mínima vergonza á hora de recoñecer que levan anos incumprindo a súa propia lei, como lle recordou a señora Rodríguez Rumbo ou llo vou recordar eu tamén. Iso é o que sempre nos sorprende: que non teñan vergonza pero sempre teñen capacidade de sorprendernos. *(Aplausos.)*

Pero mire, sobre o compromiso do Instituto Galego de Estatísticas, eu teño aquí as actas do Consello Galego de Estatística. *(A señora Presas Bergantiños mostra un documento.)* Claro que nesas actas, desde que o BNG recuperou presenza, estivo facendo o que fixera anteriormente e o que se fixo na anterior lexislatura, que era pedir que este goberno exercera o autogoberno e desenvolvese esa enquisa no lugar de adiala sistematicamente. Iso é o que o noso representante estivo facendo no Consello Galego de Estatística. E ¿sabe vostede que recibiu constantemente nese Consello Galego de Estatística? Escusas, escusas, escusas. *(Aplausos.)*

Tamén nese do mes de decembro, porque, claro, o último Consello Galego de Estatística no mes de decembro, despois de que vostedes aquí, vostede tamén, señora Pérez, premeran «non», «non» á emenda do Bloque Nacionalista Galego na tramitación do Plan de estatística *(Aplausos.)* que pedía que se acelerase e se garantise esta cuestión. Igual son vostedes os que teñen que revisar as actas, señora Pérez.

Ademais, foi vostede unha incoherente, porque di ao mesmo tempo que non podemos ir por libre pero logo parece que quere poñer así como unha pata de autogoberno e, entón, di: ben, se o Estado segue indolente e non o fai, igual o facemos nós. Desde logo, non teñen a máis mínima credibilidade.

E mire, si que é posible que se faga, e puidemos facer algunha durante estes anos, porque houbo outros países que si que o fixeron, porque Euskadi, por exemplo, fai unha cada cinco anos, algo que podía facer Galiza perfectamente, e que dá datos sobre esta cuestión. E vostedes non o fixeron, simple e unicamente porque o autogoberno é unha cousa moi chachi para poñer na lapela da chaqueta cando goberna o Partido Socialista, pero despois, para exercelo, xa conta doutra maneira. *(Aplausos.)*

E insistimos: vén recollido na iniciativa e facía mención a iso a señora Rodríguez Rumbo; é que o di a súa propia lei. É que artigo 29.3 do Decreto lexislativo 2/2015: a consellaría competente en materia de traballo elaborará unha conta satélite onde se cuantificará o valor económico do traballo doméstico de coidados e comunitario realizado por mulleres e homes, e daralle a citada cuantificación económica e a debida publicidade social.

¿Sabe o que pasa, señora Pérez? Que a vostedes fálalles tanto o rigor como o cumprimento da lei; entón, nin plans de igualdade no ensino nin plan de igualdade na Administración pública, *(Aplausos.)* nin desenvolver o artigo 25 da Lei de violencia machista para dotar de atención psicolóxica na atención primaria nin tampouco facer estatísticas sobre o traballo doméstico. Non nos vai devolver a imaxe de que o autodenominado Goberno de promoción e conciliación en realidade non aposta polos servizos públicos e deixa unha Galiza máis desigual que a de hai trece anos, tamén en materia de igualdade de xénero. Quizais por iso non queren ver a realidade vostedes. *(Aplausos.)*



E logo xa me descoloca absolutamente coa cuestión das traballadoras do fogar e a ratificación do Convenio 189 da OIT. Vimos pedir aquí algo que levamos anos pedindo, que pedimos para as traballadoras do fogar, que vai no noso programa electoral. A vostede parécelle mal, aínda que lle parece ben que o convenio se ratifique. Non sei se é que está proída porque vostedes cando gobernaba M. Rajoy tampouco moveron un dedo para ratificar o convenio, claro. *(Aplausos.)* Pois nós estabamos onde estamos. Onte reivindicamos que era fundamental e hoxe reivindicamos que é fundamental, e seguiremolo facendo.

Polo tanto, remato xa con dúas últimas cuestións. A penúltima é que a desculpa que vostede dixo aquí e que tamén se dá no Consello Galego de Estatística e que xa se deu anteriormente nesta cámara é que esta enquisa é cara; entón, claro, xa sabemos que cando se trata de dereitos das mulleres o prezo importa, ¿non? É como se estamos facendo a reforma de San Caetano, como se segregamos concertos educativos por sexo, *(Aplausos.)* se damos axudas do 0,7 % do IRPF a asociacións antiabortistas como RedMadre, para iso o tema do prezo xa o miramos daquela maneira. En todo caso, nós insistimos: esta enquisa ten que facerse canto antes; se non esperamos polo Estado español, pois non esperamos, porque para avanzar en igualdade noutros ámbitos como a violencia machista e o recoñecemento dunha definición absolutamente vangardista non esperamos polo Estado español. Pois desde logo para facer isto tampouco. Entón, seguimos insistindo en que queremos todos os dereitos e que os queremos xa.

Nese sentido —e remato agora con esta última cuestión— aceptamos por suposto a emenda do Partido Socialista. Coincidimos en que é un criterio importante a incorporar na enquisa. Un dos últimos estudos que hai a nivel de Estado, que é precisamente o de Aragón, que fixo o Goberno de Aragón en colaboración coa Universidade Carlos III e que estimaba datos importantes a este respecto, tamén incluía esa variable e insistía en que é un fenómeno que se dá con máis intensidade conforme avanza a idade e tamén conforme decrece o tamaño da poboación. Polo tanto, pois parécenos cuestión positiva e valoramos que fixeran esa achega.

E, sen máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Continuamos coa seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonso e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para declarar oficialmente o día 10 de marzo como o Día da Clase Obreira Galega**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Moi boa tarde.



Nos primeiros días de marzo de 1972 asinouse en Madrid, e baixo os auspicios de Rodolfo Martín Villa, un convenio colectivo para Bazán, un convenio colectivo único para Ferrol, Cádiz e Cartagena. Asinouse sen a presenza dos representantes do persoal de Ferrol, que tiñan decidido en asemblea reclamar a negociación dun convenio colectivo propio para Bazán-Ferrol, rachando co marco estatal e achegando a negociación colectiva ás asembleas no centro de traballo e á realidade específica de cada territorio.

Despois da sinatura do convenio en Madrid, realizáronse novamente asembleas en Bazán e os principais dirixentes sindicais foron despedidos, prohibíndoselles a entrada nas instalacións. Ante este feito, o día 9 de marzo novamente en asemblea o persoal decide pechase no estaleiro, máis ou menos desde as oito da mañá, e concentrarse diante do edificio de dirección. Ás cinco da tarde fai acto de presenza dentro da empresa un importante dispositivo de Policía Armada, que rodea os traballadores e traballadoras e carga para expulsalos das instalacións. A Policía sacou con violencia cinco mil persoas por unha porta duns seis metros de ancho. Durante a carga producíronse multitude de golpes e feridas por esmagamento, todo a escasos metros do dique que se atopa entre o edificio da dirección e a porta por onde expulsaron o persoal, que estaba nese momento baleiro, polo que todas as testemuñas presenciais coinciden en que esta carga policial do día 9 puido ter producido un auténtico masacre.

A dirección da empresa decide non abrir as portas ao día seguinte, día 10 de marzo. Sobre as sete e media da mañá, e ante a imposibilidade de incorporarse ao traballo, o persoal, concentrado nos Cantóns, dirixiuse a Caranza, coa intención de xuntarse cos traballadores da construción que alí estaban precisamente levantando ese barrio e despois encamiñarse ás Pías para xuntarse alí cos traballadores de Astano, que estaban preparándose para saír ao seu encontro na ponte. Foron interceptados no comezo da avenida das Pías por dúas seccións da Policía Armada, que realizaron varias cargas e dispararon contra os obreiros, co resultado de dous mortos, Amador Rey Rodríguez e Daniel Niebla García, (*Aplausos.*) ademais de vinte e oito feridos, dezaseis deles de bala. Testemuñas presenciais lembran, por exemplo, que varias ráfagas de metralladora destrozaron os cristais superiores dun autobús de viaxeiros no que se refuxiaron. Posteriormente, as feridas de bala en peito, ombros e cabeza confirmaran as sospeitas: a Policía disparaba a matar. Ferrol foi posto en estado de excepción durante vinte días e un buque da Armada foi destinado na ría para protexer os estaleiros e, se fose preciso, voar a ponte das Pías. Máis de duascenas cincuenta persoas foron despedidas na comarca, cento sesenta e nove detidas, moitas torturadas e corenta e tres pasaron a ser xulgadas.

Nunca se aclararon os feitos, a comezar pola presenza e a carga policial dentro das instalacións de Bazán o día 9 de marzo. Aquela operación, vista coa perspectiva do tempo, fai que algúns dos presentes sospeiten que foi preparada, nunha tentativa de disciplinar a paos os traballadores e traballadoras da Bazán, que viñan significándose apoiando continuamente e solidariamente todas as reivindicacións obreiras doutros centros de traballo da cidade, como a Pysbe ou a Peninsular Maderera.

Aquelas reivindicacións obreiras de Ferrol, que tiñan na problemática laboral o seu detonante —o convenio colectivo, despedimentos, etc.—, tiñan tamén outro obxectivo claro: erosionar o réxime franquista e a conquista de liberdades e da xustiza social, e a mobilización permanente e a solidariedade eran as súas ferramentas. E pode ser que fora precisamente un in-



tento de reprimir esa solidariedade obreira, ese exemplo de loita que se espallaba pola comarca de Ferrol, o que provocou un salto cualitativo sen precedentes.

Inmediatamente despois dos feitos do día 10 de marzo, no outro gran polo industrial da Galiza, en Vigo, comezan a convocarse paros solidarios, primeiro nos estaleiros e, despois, en Citroën. E durante varios días as manifestacións obreiras tomaron a cidade. Nos meses seguintes, e coincidindo tamén coa negociación do convenio colectivo de Barreras e con reivindicacións de melloras laborais en Vulcano e Citroën, chegaron a parar máis de quince mil traballadores e traballadoras do metal na comarca de Vigo. O movemento estudantil en Compostela tamén saíu ás rúas e percorreu a cidade en manifestación e en solidariedade cos paros obreiros.

Os feitos do 10 de marzo de 1972 provocaron un terremoto de consciencias. Era claro que os obxectivos políticos transcendían as reivindicacións laborais; a loita pola liberdade e a xustiza social eran a bandeira; a unidade obreira e a solidariedade, a ferramenta. As denuncias da represión e da violencia inflixida por aquel réxime criminal chegaron a onde nunca se agardara, por exemplo á Igrexa.

Amador e Daniel eran dous traballadores de Bazán e veciños da parroquia de San Pablo, en Ferrol. As autoridades prohibiron os seus funerais para evitar a concentración de xente, e provocaron que no enterro se producira un feito insólito e memorable. O párroco, Antonio Martínez Aneiros, cualificou os obreiros de mártires e obrigou o público asistente —moitos deles policías de uniforme e de paisano— a axeonllarse no chan diante dos cadaleitos. O bispo da Diocese de Mondoñedo-Ferrol, Miguel Ángel Araújo, asinou unha homilía na que se condenaban os feitos e se demandaba unha solución pacífica dos conflitos; unha homilía que non sen fortes discrepancias puido ser unha das primeiras condenas do réxime franquista feitas pola Igrexa. De feito, houbo algunhas parroquias que se negaron a lela, así como a propia COPE en Ferrol, que tamén se negou.

Pero sobre todas as cousas foi a solidariedade o que superou calquera expectativa. Os cascos boca arriba na entrada das taquillas das fábricas e as colectas nas parroquias, sobre todo en San Pablo, en Canido, en San Xoán ou en Caranza, foron os mecanismos para axudar as persoas despedidas, presas e represaliadas.

Tres anos despois o movemento perduraba nos centros industriais de toda Galiza. En xuño de 1975, nas datas que ían ser xulgados polos feitos do 72, os que foron coñecidos como os vinte e tres de Ferrol, houbo paros en Ferrol (en Astano), en Mugar dos, en Vigo e nas Pontes, onde a prensa da época recolle que pararon catro mil persoas. En todos os casos os paros e as asembleas remataban co envío de telegramas a diferentes autoridades gubernativas manifestando a solidariedade coas persoas xulgadas e solicitando a súa absolución.

Hoxe ninguén pon en dúbida que aqueles acontecementos, o valor, a determinación, a solidariedade e a dignidade de todas aquelas persoas foron decisivas na loita contra a ditadura franquista. (*Aplausos.*), ao mesmo tempo que deixaban unha pegada imborrábel en toda unha xeración de traballadores e traballadoras, nas súas familias e na sociedade galega en xeral, sen a que non se entendería nin a forza nin a composición actual do movemento sindical na Galiza. Unha loita liderada na altura do 72 polas persoas do Partido Comunista e de Comi-



siones Obreras e que significou ao mesmo tempo o agromar dun sindicalismo nacionalista galego, que sempre se declarou herdeiro daquel espírito.

Na conmemoración do vinte e cinco aniversario daqueles feitos, Alfonso Tellado Sande, un dos traballadores da Bazán despedidos e presos, e posteriormente dirixente sindical da CIG, diría nunha entrevista que aquel día o movemento obreiro da Galiza se converteu en movemento obreiro galego. Cincuenta anos despois, o movemento sindical da Galiza segue a conmemorar ano tras ano aqueles feitos e o que significaron, institucionalizando dun xeito popular e ben asentado, aínda que oficioso, a data do 10 de marzo como o Día da Clase Obreira Galega.

No BNG consideramos que a transcendencia histórica e social daqueles acontecementos e a permanencia na memoria das conmemoracións durante estes cincuenta anos teñen que derivar loxicamente no merecido recoñecemento institucional. ¡E que mellor momento que este cincuenta aniversario para que o Parlamento galego conceda por fin esta carta de legalidade, este recoñecemento institucional a través da declaración oficial do día 10 de marzo como Día da Clase Obreira Galega!

Máis nada polo de agora, e obrigado. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Alfonso.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e todas.

O 10 de marzo do 72 a Policía franquista asasinaba dous responsables do comité ferrolán, e medio cento de manifestantes máis foron feridos nunha protesta sindical nos estaleiros de Bazán en Ferrol. O estaleiro público negociaba entón o seu convenio colectivo. Un ano antes militantes comunistas e de Comisións Obreiras infiltrados no sindicato vertical copaban postos de xurado de empresa na factoría de Ferrol. Ante unha negociación que claramente ía impor as condicións da patronal, os sindicalistas galegos exixen separarse do conxunto da compañía e pactar o seu propio convenio. A razón non era o ámbito negociador estatal senón a imposición dun convenio colectivo claramente contrario ás reivindicacións dos traballadores e das traballadoras. *(Aplausos.)*

Comezan as manifestacións, paros e folgas nos primeiros días de marzo, asembleas de miles de traballadores. Comezan as represalias, o despedimento de seis membros do comité de empresa, e o 9 de marzo desencadéase unha folga. Os traballadores péchanse na factoría para solicitar a readmisión dos despedidos. Esa mesma tarde a Policía Armada entrou en Bazán e carga contra os traballadores e traballadoras, deixando un resultado de seis hospitalizados. Esa tarde a Policía ordenaba que os traballadores abandonaran o recinto da factoría



e, ante a resistencia dos mesmos, emprendeu unha carga sen descanso. Os traballadores teñen que fuxir, moitos quedaron no chan e foron brutalmente apaleados polos gardas.

Este foi o antecedente do que aconteceu o día 10 de marzo. Amador Rey e Daniel Niebla reuníronse co resto dos traballadores ante as portas pechadas do estaleiro e emprenderon unha manifestación co obxectivo de unirse aos compañeiros do estaleiro de Fene. Á altura de Porta Nova a Policía Armada carga contra os manifestantes, Amador morría no acto vítima dun disparo e Daniel falecía horas despois na Residencia da Coruña. Ademais, calcúlase que medio centenar de persoas foron feridas polas balas; moitos despois non foron identificados por non acudir aos centros de saúde, obviamente. A solidariedade estendeuse por toda Galicia —como comentaba o portavoz do BNG—, paros en fábricas como Citroën en Vigo ou folgas en Galicia e en moitas cidades españolas.

Se me permiten, vou dar lectura a un fragmento dun artigo do compañeiro e amigo Gonzalo Iglesias Sueiro, intelectual e político galego, un dos que acolleron os represaliados e que reflicte o acontecido dunha maneira espléndida:

«Historias para ser contadas. O 10 de marzo do 72 a Policía franquista disparou contra unha manifestación de obreiros do estaleiro ferrolán da empresa nacional Bazán, ferindo varios deles e asasinando os traballadores Amador Rey e Daniel Niebla. O seu delito non foi manifestarse en demanda dun convenio en defensa dos traballadores despedidos, todos membros dirixentes do sindicato Comisións Obreiras —saúdos, Xesús— e do Partido Comunista de Galicia. A represión cebouse nos organizadores e decenas de obreiros foron encarcerados, perseguidos e acusados de varios delitos e algúns deles sometidos á Xustiza militar. Os feitos marcaron o 10 de marzo como o Día da Clase Obreira Galega. O 11 de marzo o entón novo e hoxe vello milenarío recibiu instrucións do partido: debía recoller dirixentes de Comisións Obreiras que estaban en busca e captura polas forzas represivas franquistas. O disciplinado militante —de pseudónimo Acebal— recibiu do seu camarada Carlos Vázquez, dono da Librería Tanco, as chaves do seu coche. O lugar do encontro era un bar situado á entrada de Santiago, a identificación era un xornal que se situaría sobre a mesa. Un home de idade madura, duns 60 anos, achegouse a el e poñéndolle a man sobre o ombreiro díxolle con voz serena: “Tranquilo, rapaz”. Era o dirixente sindical Francisco Fernández Filgueiras. Na mesa lindeira atopábanse Ramiro Romero e Pepe Julio Miraz. Regresaron a Ourense a toda velocidade, dirixíronse á casa na que debían refuxiarse os tres dirixentes obreiros. O piso estaba situado nunha das dúas traseiras da estación Empalme, en Ourense. Estiveron recluídos máis dun mes e nese tempo pintaron os locais da agrupación cultural Breogán. Ante a posibilidade dunha intervención da Policía política, o partido decidiu trasladar os prófugos a un novo refuxio, á casa soarega que posuía o avogado Alfonso Pazos Bande en Santa Ana, misión que seguiu realizando Acebal. Acebal lembra que se desprazou a Francia e estando alí recibiu ordes do partido solicitándolle a urxente volta a Ourense; había que trasladar os proscritos revolucionarios a outra zona, pois en calquera momento os podían deter. O disciplinado militante decidiu escondelos na vella aldea de Limeres, en Cerdedo, territorio que servira de refuxio ao seu avó na Guerra Civil. Novamente, o partido decidiu trasladalos definitivamente a un lugar seguro. Lembra o vello milenarío que os levou a Lugo, onde se fixo cargo un camarada daquela provincia. Máis tarde, leváronos a Francia. Di: “Foron tempos de represión e morte pero tamén de solidariedade e compañeirismo. Grazas, Gonzalo; grazas, Acebal”.» (Aplausos.)



É acaído falar tamén de Rafael Pillado, dirixente político e sindical de Comisións Obreiras, que en declaracións aos medios de comunicación facía público que sofre un cancro por amianto, cancro provocado polo seu traballo na construción da extinta Bazán. Aproveito a ocasión para agradecerlle a interesante conversa que mantiven con el estes días, unha honra para min. E di: «Tocoume estar no centro de todo aquilo. O primeiro recordo é sempre para Daniel correndo detrás da Policía. A un metro e medio de min recibiu un tiro. Emánalle da fronte un chorro de sangue, tiven que deixalo no chan para protexerme. Todo o que pasou aí está na miña mente». Medio século máis tarde enfatiza que non estaba en xogo unicamente a negociación dun convenio colectivo, era a batalla contra a ditadura.

Miren, non podo resistirme a facer unha crítica á exposición de motivos e á exposición que fixo o portavoz do BNG, que intenta reescribir unha historia de loita sindical, de loita obreira non nacionalista senón internacionalista. Señores e señoras do BNG, a única mención sindical que fan na exposición de motivos nesta cámara foi á organización CIG, que nese momento histórico aínda non fora constituída e non estaba, nin para ben nin para mal. É importante ser respectuosos coa historia. Reescribila con intereses partidistas creo que non é ético. *(Aplausos.)* De feito, a transcendencia destes acontecementos fixeron que no ano 97 o Parlamento de Galicia aprobara por unanimidade o 5 de marzo unha declaración institucional sobre o 10 de Marzo na que se recoñecía o significado histórico desa data. Posteriormente, o 9 de marzo do ano 2006, a instancias do propio Bloque Nacionalista Galego, apróbase na Comisión 5ª unha resolución no mesmo senso, polo que o solicitado na proposición xa se fixo o día 10 de marzo e é celebrado como Día da Clase Obreira dende 1972, recoñecido despois no Parlamento de Galicia en 1997 e no ano 2006.

É importante tamén ser claros, pola importancia dos feitos que estamos a tratar. O mes pasado a organización sindical Comisións presentaba unha petición co fin de reeditar a declaración institucional de 1997 e polo cumprimento dos vinte e cinco anos da declaración institucional, con apoio de todos os grupos, incluído o Bloque Nacionalista Galego, pola que o Parlamento de Galicia declaraba o 10 de marzo Día da Clase Obreira. E o BNG, unha forza de esquerdas, vetouna.

O Grupo Parlamentario Socialista non alcanza a entender esta negativa a subscribir unha declaración institucional. Que a firmase por unanimidade tería máis forza se cabe que unha PNP que hoxe debatemos. A explicación xa lles corresponde a vostedes.

Como tampouco entendemos outras negativas do sindicato nacionalista a participar de forma conxunta nas manifestacións do 1º de Maio con UXT e Comisións, ou nas concentracións e manifestacións do propio 10 de Marzo, nuns tempos en que a grave situación do emprego e industrial que vive Galicia necesitaría desta mostra de unión sindical. *(Aplausos.)*

Nin comprendemos a oposición á reforma laboral, pactada polos axentes sociais, que, cos datos de febreiro na man, tanto os do paro rexistrado como os de afiliacións á Seguridade Social, reflicte a incidencia positiva da reforma co crecemento récord da contratación indefinida en Galicia.

Con respecto á potenciación dun marco galego de relacións laborais, temos que dicir que dende o Grupo Parlamentario Socialista sempre apostamos e consideramos que o marco de





relacións laborais debe ser universal, como é universal a clase traballadora. Pero certo é que tamén se fai preciso artellar marcos de proximidade, marcos de proximidade que poidan afrontar os problemas do mercado laboral galego, que, por desgracia, son máis intensos que os da media do resto do Estado.

E o Grupo Parlamentario Socialista, consciente de que esa potenciación debe vir da man das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia, cre que para iso debemos potenciar o diálogo social, tan esquecido, e potenciar un instrumento que debería de ser a pedra angular deste marco, que non é outro que o Consello Galego de Relacións Laborais, ente público de composición bipartita, que debe ser o órgano chamado a encarar tal marco, como fixeron no País Vasco.

E logo por iso non podemos compartir a proposición na súa literalidade, porque pretende modificar a xa adoptada por todos e coa única finalidade de fraccionar ou parcelar a celebración da clase traballadora, cando por definición debe ser unha clase universal.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario Popular, señor Balseiro.

**O señor BALSEIRO OROL:** Grazas, señor presidente.

Señorías, o 10 de marzo de 1972 foi un día trágico e certamente significativo, un antes e un despois no sindicalismo do noso país.

Botando unha ollada cara a atrás, esa data é unha referencia explícita que se pode enmarcar na loita democrática da sociedade civil contra a ditadura. Cincuenta anos despois podemos mirar cara a atrás, coa calma que o tempo ofrece, e —iso si— pensando sempre nas vítimas e nas súas familias, coas que todos nos solidarizamos unha vez máis hoxe, porque despois de tanto tempo terán aínda un sufrimento que non se esquece xamais.

Queremos, podemos e debemos facer un esforzo por aprender a historia, porque un pobo que esquece a súa historia está condenado a repetila. E ninguén aquí quere repetir nada de todo isto. Ao contrario, a democracia foi conquistada por todos.

No Partido Popular estamos convencidos de que a transición foi un exercicio monumental de verdadeira responsabilidade colectiva. Uns e outros fixeron expresa renuncia das súas lexitimas aspiracións, en orde a acadar un obxectivo común, que era vivir en paz. Restar lexitimidade ou valor á transición é un xeito de negar a democracia que todos nos demos.

Dito isto, como ben xa se dixo aquí, esta cámara xa se ten pronunciado en apoio e en conmemoración do acontecido o 10 de marzo de 1972. Fixémolo expresamente e por unanimi-



dade o 9 de marzo de 2006, co voto favorable do Grupo Popular e do resto das forzas políticas do arco parlamentario naquel momento. Un acordo que cremos plenamente vixente, que non quixeramos que a súa iniciativa, a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, contribuíra a desvirtuar.

Por certo, como ben se dixo aquí, foi precisamente a iniciativa no ano 2006 do deputado do Bloque Nacionalista Galego Fernando Blanco Parga, e o acordo dicía: «O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a sumarse expresamente aos actos do 10 de Marzo en conmemoración do que as organizacións sindicais galegas denominan Día da Clase Obreira Galega, e recoñecela como data de referencia de todos os esforzos e sacrificios que os traballadores e traballadoras galegas fixeron en 1972, individual e colectivamente, para contribuír a traer pacificamente a democracia».

Un acordo hoxe cen por cen vixente. Cincuenta anos despois desde o 10 de marzo, un sindicato, Comisións Obreiras, propuxo a todas as forzas políticas desta cámara unha declaración institucional de apoio e recoñecemento destes feitos. O Bloque Nacionalista Galego opúxose, para, despois de ter recibida a proposta de Comisións Obreiras, presentar unha unilateralmente, a súa propia iniciativa, que é a que agora mesmo estamos a debater.

Nós non imos branquear a mala conciencia do nacionalismo con este veto. Comisións Obreiras non buscaba máis que o xusto protagonismo que lle dá a historia, cando non está terxiversada. A declaración institucional que o Bloque Nacionalista Galego boicoteou era unha homenaxe á loita daquel día e unha maneira de lembrar os tráxicos sucesos do 10 de marzo do 72. Por certo, iniciativa xa lida con ocasión do vinte e cinco aniversario, sendo o Partido Popular o partido do goberno e sendo naquel momento o Bloque Nacionalista Galego —cómpre lembralo— o principal partido da oposición.

Hoxe todo nos fai sospeitar que o Bloque vetou o acordo porque non podía ser entendido en clave nacionalista. O BNG está obsesionado con levantar muros e diferenzas entre os galegos. Fano co acontecido ese día, con inexactitudes como presentar como un enfrontamento entre un convenio estatal e galego o que en realidade foi un enfrontamento entre un convenio interprovincial e outro da factoría. Fano co Día da Clase Obreira, reclamando a súa oficialización, en contraposición co 1º de Maio, celebrado en oitenta países como data de consenso para ese día mundial. Fano co nome do noso país, nesa *Galiza nazionalista* na que non caben a maioría dos galegos.

Estamos afeitos a que os nacionalistas refagan a historia, ao seu antollo, por suposto, pero nese obxectivo non conten con nós. (*Aplausos.*) O Partido Popular non vai apoiar esta iniciativa nin branquear a mala conciencia do BNG. Os dereitos e intereses dos traballadores e traballadoras galegos non se defenden con slogans, deféndense con feitos. Non se defenden converténdose en meras marionetas do sindicato nacionalista irmán, que naquel momento non existía, e renunciando a participar na mesa do diálogo social. Os dereitos e intereses dos homes e mulleres traballadoras non se defenden poñendo a letra «O» de obreiro no nome dun partido e despois aplicando políticas que levan ao empobrecemento das familias traballadoras, como é o caso da inacción do Goberno Sánchez ante a desorbitada suba dos prezos da luz e dos combustibles, ou a incapacidade de frear o incremento da cesta da com-



pra. E, por se isto fora pouco, agora ameázannos con subirnos os impostos. Condenarnos a un inferno fiscal non axuda, señorías, en nada.

Os dereitos e os intereses dos traballadores e traballadoras galegos hai que defendelos con feitos, feitos como as políticas activas de emprego que está a levar adiante a Xunta de Galicia para incrementar as oportunidades laborais dos galegos e das galegas. Para este grupo parlamentario e para o Goberno galego a máxima prioridade é mellorar o mercado de traballo, para que o desemprego diminúa, e facelo con diálogo social. E son os feitos e os datos obxectivos os que avalan as políticas de emprego da Xunta de Galicia, conseguindo resultados concretos no mercado laboral. Polo cal a Xunta traballa con feitos, cando consegue que o número de parados non soamente continúe en niveis prepandemia, senón que Galicia rexistra a cifra de desemprego máis baixa nun mes de febreiro de toda a serie histórica, e xa acumula once meses consecutivos de baixada do paro na evolución anual.

Os sindicatos e as persoas traballadoras merecen todo o noso respecto e merecen todo o compromiso do Partido Popular. Por eles traballamos desde o Partido Popular e desde a Xunta de Galicia todos os días do ano.

Actualmente a nosa democracia está saneada e é garantía de dereitos e liberdades. Moitas desas conquistas debémolas á loita obreira e ao papel que xogan os traballadores. Hoxe en día, afortunadamente, sindicatos, empresarios e administracións públicas van da man, chegan a acordos grazas a un marco de diálogo social que se segue impulsando tanto en Galicia como en España. Xuntos somos capaces de combater inxustizas emerxentes e de atender a aqueles aspectos nos que como sociedade aínda temos marxe de mellora.

Hoxe nesa mesa de diálogo social, da que forman parte traballadores, empresarios e administracións, chégase, desde o consenso, a numerosas decisións que contribúen ao ben común. Ese marco de relacións que nós desde o Grupo Popular sempre defendemos, e non iniciativas trampa que só buscan lavar a mala conciencia do nacionalismo cando vetou un recoñecemento ao papel xogado naquel momento polo sindicato Comisións Obreiras.

Os traballadores e traballadoras deste país deféndense con feitos. Agora estar cos sindicatos e cos traballadores é estar a carón das familias empregadas por exemplo en Alcoa, Alu Ibérica, Gamesa, As Pontes, e poderíamos seguir, señorías.

Apoiamos que todos os gobernos, tamén o central e tamén a Xunta de Galicia, tomen decisións dirixidas a garantir a competitividade das empresas, tamén no ámbito enerxético, e os postos de traballo.

Este é o camiño que defendemos desde o Partido Popular e este é o camiño tamén que defende o Goberno de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Balseiro.



*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Fernández Alfonso.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Moi boa tarde de novo.

No BNG consideramos que hoxe, que se fan cincuenta anos das mobilizacións obreiras daquel 10 de marzo de 1972, que se fan cincuenta anos das represalias criminais daquel réxime franquista, que naceu e morreu asasinando discrepantes, debería servir para poñer en valor tres cousas.

Primeira, que a democracia e a xustiza social van da man. Sabíano ben os traballadores e traballadoras no 72, que reclamaban democracia e liberdades e condicións de vida e de traballo dignas.

Segunda, que a participación é a chave de bóveda dunha democracia real. A democracia non é que todos e todas poidamos votar cada catro anos para escoller uns gobernantes; a democracia é fundamentalmente participación, participación por exemplo naqueles ámbitos que condicionan a nosa vida, como son sen dúbida as relacións laborais e a negociación colectiva.

E terceira, que, para que a participación sexa efectiva, os ámbitos de negociación —as mesas de negociación— teñen que achegarse, teñen que situarse nos ámbitos ou nos lugares onde esa participación poida producirse, porque os dereitos que non se poden exercer é coma se non existiran. *(Aplausos.)*

Democracia e liberdades, condicións de vida de traballo dignas e participación efectiva dos traballadores e traballadoras son tres elos dunha cadea que move a roda cara a adiante, tres elos da cadea que fai avanzar a sociedade.

Pero a forza motriz, a forza que imprime movemento a esa cadea, é a organización e a mobilización da clase traballadora. Se faltan organización e mobilización, a cadea para, a sociedade para e pode mesmo retroceder, que é o que está a acontecer actualmente, o cal facilita por exemplo que o Goberno de PSOE- Unidas Podemos veña de aprobar unha reforma laboral despois dun ano de diálogo social con patronal, Comisións e UGT que comeza por asumir o marco deseñado pola anterior reforma do Partido Popular. ¿Que faltou durante este ano de diálogo social? Debate real e mobilización social.

Isto facilita tamén, por exemplo, que, mentres a luz está en máximos históricos e mentres as grandes enerxéticas rouban a mans cheas, na Mesa de diálogo social estea a falarse de contención salarial, nada que ver co espírito do 72.

E sempre a unidade da esquerda como reclamo, como argumento para silenciar as discrepancias, como argumento para diluír os obxectivos en favor da propia unidade, como se fose un ben en si mesma. Acaban por facer da unidade da esquerda unha sopa de siglas, unha sopa de letras sen fundamento. Nada que ver co espírito do 72, cando foron os obxectivos, e non as siglas dos convocantes, os que conseguiron a unidade obreira.



No BNG coñecemos ben esas tácticas, sabemos a onde nos conducen, e desde o máximo respecto por todas as opinións políticas e por todas as opcións sindicais, sobre todo desde o compañeirismo con todas as persoas que exercen unha militancia sindical de base en calquera central sindical, nós tiramos unha serie de leccións dos acontecementos que conmemoramos cada 10 de Marzo: que a organización e a mobilización da clase obreira son a forza que move a roda cara a adiante, son a forza que fai a sociedade avanzar.

Falaban de cambiar a historia. ¿Colocar aquel movemento popular detrás da actual Constitución e do actual Estatuto de autonomía non lles parece terxiversar? ¿Parécelles honestamente que a loita obreira contra a ditadura e polas liberdades pode transformarse nunha defensa acrítica desta Constitución e deste Estatuto de autonomía? ¿É isto honestidade histórica? Nós cremos que non. O nacionalismo galego nunca reclamou ter xogado un papel protagonista naqueles feitos, o protagonista foi e é a clase obreira galega.

E tamén terxiversou o señor Balseiro: a proposta orixinal do meu compañeiro Fernando Blanco era exactamente igual que a que traemos hoxe aquí: que se declarara oficialmente o 10 de marzo como Día da Clase Obreira Galega. A resolución que leu vostede é produto dunha transacción; polo tanto, non é a mesma.

Máis nada e obrigado. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Alfonso.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto das medidas de emprego para acadar a igualdade de mulleres e homes**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 30598 (11/PNP-002641).*

*Emenda de substitución.*

*Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:*

*«O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:*

*1. Elaborar, en colaboración co Consello Económico e Social, o Consello Galego de Relacións Laborais e as universidades galegas un minucioso estudo sobre a situación laboral das mulleres galegas e o impacto da fenda salarial na economía galega a partir do cal poñer en marcha medidas, coa dotación económica precisa, para garantir un emprego estábel e de calidade para as mulleres.*



2. *Garantir o cumprimento da lexislación en materia de igualdade laboral e traballar transversalmente pola eliminación das discriminacións.*

3. *Presentar no Parlamento galego, no actual período de sesións, un informe sobre a situación da igualdade laboral no ámbito da Xunta de Galiza.*

4. *Presentar un informe no Parlamento galego, no primeiro semestre de 2022, sobre o nivel de aplicación e cumprimento do acordo aprobado por unanimidade o 13 de marzo de 2019 sobre a incorporación de cláusulas de igualdade na contratación pública galega.*

5. *O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a demandar do Goberno español:*

a) *O aumento dos efectivos de inspección laboral para incrementar as inspeccións e as sancións para que as categorías e os pluses non encubran desigualdade salarial, para tal fin demandar a introdución na lexislación, de sancións económicas para aquelas empresas que non garantan a equidade salarial entre mulleres e homes.*

b) *A derogación das reformas laborais aprobadas no 2010 e 2012.>>)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidente.

Boas tardes de novo.

Hoxe, 8 de marzo, Día Internacional da Muller, hai cento sesenta e cinco anos as mulleres obreiras do téxtil en Estados Unidos fixeron unha folga reclamando mellores salarios e mellores condicións laborais. Hoxe en Galicia temos que seguir reivindicando eses mellores salarios e mellores condicións para que se elimine a brecha de xénero. Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista insta este parlamento a crear un observatorio de seguimento das medidas de emprego que persigan acadar a igualdade de mulleres e homes implantadas pola Xunta de Galicia, e que o citado observatorio dea conta das conclusións emitidas de forma trimestral no Parlamento de Galicia na comisión correspondente, así como tamén o instamos a reimplantar as medidas de emprego que perseguían acadar a igualdade de mulleres e homes existentes cando o PP accedeu ao goberno.

O PP, cando chega no ano 2009 á Xunta de Galicia, o que fixo foi eliminar todas as políticas de igualdade no emprego postas en pé pola Consellería de Traballo do Goberno bipartito. En 2008 poñíase en marcha o Plan Aurora, que incorporaba diferentes medidas, unhas xa implantadas e outras novas vinculadas aos orzamentos deste ano. O Partido Popular dende o 2009 ata o 2020 preferiu deixar sen executar mil quiñentos millóns de euros na Consellería de Emprego e Igualdade que aplicalos a políticas de igualdade. O Partido Popular fala de igualdade pero non implanta políticas para acadala.

Este Plan Aurora de emprego feminino incorporaba como principio reitor da súa actuación a plena inserción laboral das mulleres en igualdade de oportunidades, propiciando a adop-



ción de medidas que fomentaban a formación, que posibilitaban a conciliación da vida familiar, persoal e profesional e que velaban pola incorporación ao ámbito laboral das mulleres que se atopaban en situación de vulnerabilidade ou en condicións marcadas pola desvantaxe social. Nunca vimos que o Partido Popular continuara con elas, tampouco que houbera outras alternativas; simplemente fixeron moi pouco neste campo.

É imprescindible botar man dos datos. Na media anual do ano 2021 da EPA, se analizamos por persoas ocupadas —non por horas, se non a situación sería moi distinta e moito peor, xa que, como saben, compútase igual unha persoa que traballe dúas horas que unha que preste servizos en toda a xornada laboral, e as mulleres en Galicia copan os traballos a tempo parcial—, establécese unha situación, neste caso de 2,2 puntos de diferenza a favor dos homes no conxunto do emprego asalariado en Galicia; hai 447.687 homes e 428.712 mulleres.

Estes datos non se trasladan ao conxunto dos 170 subgrupos ocupacionais que clasifica a Clasificación nacional de ocupacións do ano 2011 —a partir do 2011 faise a CNO—. Soamente en 28 subgrupos desta clasificación as mulleres e os homes teñen unha representación paritaria; de 170 só 28, polo que a primeira conclusión é que só nun de cada sete postos de traballo é similar a probabilidade de que sexa ocupado por un home ou por unha muller.

En Galicia no ano 2021, segundo a EPA, hai 90 ocupacións nas que as mulleres representan menos do 40 % das persoas asalariadas; son as ocupacións masculinizadas. A segunda conclusión é que en Galicia os homes teñen o dobre de saídas profesionais que as mulleres. Esta é a brecha de xénero que está detrás dunha parte importante da brecha salarial.

Entre as ocupacións masculinizadas hai 53 con menos dun 15 % de mulleres. Estas 53 ocupacións, ou máis exactamente subgrupos ocupacionais, supoñen un de cada catro empregos asalariados. Segundo estes datos, podemos quitar unha cuarta conclusión: as mulleres están excluídas do 25 % dos empregos.

A pandemia tamén afectou a igualdade e, como non se tomaron medidas para paliar o seu efecto, este foi negativo. A falta de medidas para paliar o efecto da pandemia na brecha de xénero fixo que a diferenza entre homes e mulleres pasara de 11.466 en 2019 a 18.975, un incremento do 65 % de diferenza.

Se analizamos as variacións que houbo nas ocupacións dende o ano 2011, podemos proxectar a data na que se podía producir a paridade mantendo unha variación similar. Esta variación permitíranos avaliar a incidencia da política de emprego en igualdade ou da súa ausencia.

Para facer esta análise partiremos das 17 divisións de grupos principais. Dentro dos grupos ocupacionais masculinizados, hai seis nos que nunca se acadará a paridade, porque diminuíu a presenza de mulleres. No grupo de técnicos profesionais de apoio, os homes medran nun 16,2 % e as mulleres fano nun 12,3 %. Esta evolución —medran máis os homes que as mulleres— fai que nunca se poida alcanzar a paridade. Este grupo inclúe, entre outros, técnicos das ciencias enxeñeiras, que conseguirían a paridade no 2525; os representantes e axentes comerciais, no 2170; nas TIC, as mulleres ocupan un 18,7 % só dos traballos e a paridade sería no ano 2183; no grupo de traballadoras dos servizos de protección e seguranza, as mu-



lles ocupan un de cada dez empregos, diminúen dende o 2011; no grupo de traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro, as mulleres representan só o 15 %, hai 1.159 mulleres asalariadas menos no sector primario: unha diminución do 34,4 % fronte ao 5,6 % dos homes; en traballadores cualificados da construción, a presenza de mulleres é anecdótica, non chegando ao 1 %; en operadores de instalacións e maquinaria era paritario no ano 2011 e pasou a masculinizarse no 2021, dado que os homes aumentaron en 2.108 e as mulleres diminuíron en 2.402. Se seguimos así, igual: en condutores e operadores de maquinaria móbil só ocupan un de cada vinte e cinco empregos as mulleres. E temos outra conclusión: hai seis grupos de ocupacións masculinizadas, que xa o eran en 2011, nos que aínda aumentou máis a brecha de xénero ao ampliar máis o peso dos homes: 1,4 % fronte ás mulleres un 0,6 %.

Ademais destes seis grupos, hai outros catro aos que, a este ritmo, para recortar a brecha aínda lles faltan máis de cento cincuenta anos: directores e xerentes; traballadores cualificados das industrias manufactureiras —que a paridade neste caso sería no 2214—; peóns da agricultura, pesca, construción e industrias manufactureiras, etc.

Outra conclusión é que en ningún grupo de ocupacións masculinizado se acadará a paridade nun período de tempo minimamente aceptable.

Desta primeira ollada á distribución por sexo nas ocupacións aparece como unha obvia conclusión: as autoridades —a Xunta de Galicia e o Goberno galego—, que tiñan que poñer en marcha políticas de igualdade, non o fixeron. O primeiro deles é que a porcentaxe de participación das mulleres nos grupos xerarquicamente superiores é menor ao do seu peso nos grupos inferiores. Esta é a mostra palpable do teito de cristal que hai no conxunto do mercado de traballo. Mentres as mulleres supoñen un 48,9 % de todas as ocupacións do grupo A —directores e xerentes—, soamente representan un 32,7 %, 16,2 puntos menos. No sector primario, na industria manufactureira —por pór un exemplo— as mulleres que traballan como peóns teñen unha porcentaxe de participación de 70 puntos superiores á porcentaxe dos traballadores cualificados nestas actividades.

Como vimos, os homes están en maior medida que as mulleres na dirección, na produción de alimentos, na construción, nas obras públicas e no transporte. E as mulleres están máis que os homes na educación, nos coidados dos nenos, maiores e enfermos, nos traballos administrativos e de secretariado, dependentas, vendedoras, e na limpeza dentro e fóra dos fogares.

A desigualdade salarial entre mulleres e homes provén da desigualdade de retribución que teñen as ocupacións masculinizadas e as feminizadas e da actividade económica na que se desenvolven.

Se miramos as táboas salariais dos distintos convenios, atoparemos nelas a expresión desta desigualdade.

Se o reto no século pasado foi acadar a incorporación da muller ao mercado laboral, na primeira metade deste débese acadar a paridade nos empregos, a súa non asimilación en función do sexo. A igualdade precisa de políticas de cotas, xa que, cando estas se establecen, a





igualdade avanza; basta observar a modificación do Congreso dos Deputados ou do mesmo Parlamento de Galicia. A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece unha porcentaxe mínima do 40 % de presenza de mulleres. É preciso abordar a determinación de cotas e estendela a outros ámbitos, acompañándoa de procesos de sensibilización e reorientación.

Estamos escoitando unha e outra vez que non hai persoas para traballar na construción e noutros sectores. ¿Pensaron no Partido Popular algunha vez, no Goberno galego, que se podían incorporar as mulleres ás diferentes ocupacións da construción? Seguramente non. Pero polos datos que hai e que acabamos de ver, parece que o Partido Popular, máis que implantar medidas de igualdade, fai o contrario, e explicareino na segunda intervención.

Esperemos escoitar do voceiro do Partido Popular...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** ...—xa remato— que relate de xeito pormenorizado que medidas de emprego se puxeron en marcha e cantas mulleres foron beneficiadas e resultaron beneficiadas por iso.

Nada máis na miña primeira intervención. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Grazas, presidente.

Hoxe, 8 de marzo, celebramos cento once anos precisamente de celebración do 8 de marzo, desde que a comunista Clara Zetkin conseguira que se declarara esta data como Día Internacional da Muller Traballadora; cento once anos de loita, de reivindicación, de avances e de retrocesos.

De reivindicación para que poidamos desfrutar dunha vida digna en igualdade para as traballadoras de calquera idade, incluídas as mozas galegas que teñen que seguir emigrando por mor da situación económica que vive o país. De reivindicación para que as mulleres non sexan as primeiras en sufrir, como na actualidade, a carestía da vida, da luz, dos alimentos, dos combustibles; para que non sexamos as primeiras en sufrir a deterioración dos servizos públicos; ou para que as políticas combinadas do Goberno español e do galego non nos sitúen á cola en salarios ou en pensións.

Efectivamente, o 8 de marzo é unha moi boa data para analizar a situación laboral das mulleres galegas. É un bo momento para que avaliemos cal é a situación. Nos últimos anos, as mulleres saímos masivamente ás rúas no 8 de marzo, nun auténtico clamor contra a situa-



ción de desigualdade, demandando medidas. Mais vemos que pasa o tempo e ese clamor e ese teórico compromiso para atender as demandas que facemos as mulleres non se dan convertido en realidade, non dan pasado do papel á realidade. Temos que recoñecer que en materia lexislativa hai avances, pero queremos pasar dos dereitos no papel aos dereitos iguais en vidas e en realidades, porque nestes momentos temos dereitos no papel mais temos realidades e vidas moi desiguais as mulleres e os homes.

Na situación laboral non hai ningunha dúbida: non somos nin moito menos iguais. Ao analizar os datos laborais en Galiza, saltan absolutamente todas as alarmas, porque as desigualdades non soamente é que se manteñan, senón que en moitos casos van aumentando a súa contía. En Galiza, unha muller segue a cobrar de media 4.167 euros menos que un home, e se esa diferenza non é maior non é porque mellorara a situación laboral das mulleres senón porque empeorou a dos homes; esa é tamén unha triste realidade.

Podemos falar doutras cuestións. As mulleres concentrámonos nos tramos con menores ingresos, o 45,7 % das mulleres non cobra nin sequera o salario mínimo interprofesional. Somos maioría nos niveis máis baixos de renda, e cando imos aos niveis máis altos —por exemplo, os que se cuantifican como máis altos, que é dez veces o salario mínimo interprofesional—, aí nin sequera chegamos ao 18 %; co cal non é soamente que teñamos salarios inferiores, senón que, de xeito inversamente proporcional, imos diminuindo a medida que soben as rendas e imos aumentando nos tramos máis baixos. ¿E cal é o drama seguinte? O drama é que cobramos menos salarios, e o drama é que cando chega a idade de xubilación temos tamén pensións moito máis baixas; cobramos un 34,5 % menos que os homes; 376,5 euros menos ao mes cobra unha xubilada galega con respecto a un home galego, un auténtico despropósito.

E ¿por que pasa isto? Pois pola situación laboral de tempos e bases de cotización moito máis baixas, porque temos unha vida laboral que se parece moito ao Guadiana, abandonamos a vida laboral continuamente para dedicarnos aos cuidados. Por exemplo, a enquisa de estrutura dos fogares —a última publicada— establece que o 87 % das persoas inactivas por cuidado de menores ou dependentes en Galiza son mulleres, que o 77 % das persoas traballadoras con redución de xornada por cuidado de menores son mulleres, que o 91,6 % das persoas que collen unha excedencia por cuidado de fillos ou fillas son mulleres, que o 71 % das persoas que reducen ou suprimen o traballo remunerado por cuidado de dependentes son mulleres ou que o 56 % das persoas que utilizan flexibilización horaria para conciliar son mulleres. Evidentemente, ¿iso que significa?, uns salarios paupérrimos —por iso estamos no tramo máis baixo dos salarios— e logo unhas pensións realmente baixísimas, o que fai que a inmensa maioría das mulleres teñamos unha situación de pobreza moito máis elevada que os homes, e moito máis que a media do Estado español; é dicir, é unha situación de tormenta perfecta.

Pero podemos falar de máis datos. Podemos falar de que todos os indicadores son peores nas mulleres. Podemos falar da taxa de ocupación; somos a maioría da poboación pero apenas representamos o 47 % da poboación ocupada. Podemos falar de temporalidade, efectivamente, onde temos un nivel de temporalidade por encima da dos homes —un 26,8 % representamos—, cunha escasísima duración dos contratos no último ano cuantificado, no



ano 2021; o 94,8 % dos contratos temporais asinados asináronos mulleres e son contratos de escasa duración, o 30 % de menos dunha semana e o 43 % inferior a un mes. Podemos falar de que, das persoas que cobran a Risga en Galiza, o 60 % son mulleres; iso significa cal é a situación económica das mulleres. Ou podemos falar —como dicía antes— do traballo a tempo parcial, onde —como quedou dito— abrumadoramente somos as mulleres as que nos acollemos a ese tipo de contratos.

Polo tanto, menor taxa de ocupación, maiores taxas de desemprego, maior temporalidade, maior número de traballos a xornada parcial, escasa duración dos contratos. Se, en xeral, a situación laboral da clase traballadora en Galiza é mala, no caso das mulleres é aínda peor.

Por iso presentamos unha emenda a esta proposición non de lei que presenta o Partido Socialista, mediante a cal demandamos, en primeiro lugar, ter datos. Queremos poñer branco sobre negro e saber cales son realmente os datos da situación laboral das mulleres en Galiza. Agora virá supoño que unha deputada do Partido Popular a dicir que estes son os mundos de Yupi, que a situación en Galiza é magnífica, que estamos mellor que non sei quen, que nos saímos do mapa practicamente. Din iso pero logo nunca se aveñen a que teñamos datos oficiais de organismos que nos digan cal é a situación.

Por iso o que pedimos é elaborar, en colaboración co Consello Económico e Social, o Consello Galego de Relacións Laborais e as universidades, un estudo de cal é a situación real das mulleres en Galiza, para que logo non sexa unha guerra de datos, senón ter a realidade, porque, se non se teñen os datos, non se vai actuar sobre a realidade, senón que imos facer titulares de prensa, como fai o Partido Popular. Ou presentar no Parlamento un informe sobre a situación de igualdade laboral no ámbito da Xunta de Galiza. Ou tamén pedimos un acordo, aprobado hai tres anos aquí a instancias do BNG, no ano 2019, sobre as cláusulas de igualdade na contratación da Xunta de Galiza con empresas, porque houbo un acordo por unanimidade pero nunca máis soubemos de como se están aplicando esas cláusulas de igualdade, que son tan importantes á hora de dar exemplo, nin de como se gastan os cartos públicos. Ou garantir o cumprimento da lexislación en materia de igualdade laboral, porque está moi ben —e díxeno antes— que teñamos unha lexislación que avanza en dereitos, mais, se despois eses dereitos non se pasan á realidade, pois non vale de nada.

E logo tamén instamos o Goberno español a que aumenten os efectivos de inspección laboral, que se aumenten e que se fagan inspeccións. Porque non vale de nada —insisto— que haxa unha lexislación se logo non se exige o seu cumprimento. A lei impide diferenzas salariais polo mesmo traballo, pero logo sabemos que hai unhas diferenzas salariais encubertas, con pluses ou con categorías profesionais diferentes facendo o mesmo traballo. Queremos que haxa inspeccións para que todo iso aflore.

O que demandamos tamén é a derogación das reformas laborais tanto do 2010 como do 2012, porque as cousas pasan porque hai leis tamén que as amparan.

Dicía antes a señora Rodríguez, na anterior proposición non de lei, que hai que ser respetuosos coa historia, e eu digo que, efectivamente, cadaquén ten que dar conta e aguantar da súa historia. O Partido Socialista presentouse ás eleccións dicindo no seu programa electoral



que ía derrogar a reforma laboral do Partido Popular, porque foi tremendamente lesiva e é tremendamente lesiva para os intereses da clase traballadora en xeral, pero das mulleres en particular; un auténtico exército de mulleres pobres e precarizadas. Mais logo, aínda que os números daban para poder facer esa derogación, optaron, conxuntamente con Podemos, por pregarse aos ditados do capital e do poder. E resulta que cando a dereita ten o poder non consensúa nada coa clase traballadora, non lle pide permiso á clase traballadora para poñer en marcha reformas laborais tremendamente lesivas para o conxunto da clase traballadora, coas consecuencias que acabamos de ver. Mais logo resulta que chega o Goberno máis progresista da historia da humanidade e tenlle que pedir permiso á patronal para derrogar a reforma laboral, e como a patronal non lle dá permiso, resulta que non a derroga.

Polo tanto, no BNG seguimos insistindo en que hai que cumprir coa clase traballadora e en que hai que implementar medidas que realmente permitan que teñamos unhas condicións laborais dignas, empezando evidentemente polas mulleres, que somos as que sufrimos máis precariedade e as peores condicións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Sanz Arias.

**A señora SANZ ARIAS:** Boa tarde, señorías.

Permítanme iniciar a miña intervención hoxe, 8 de marzo, Día Internacional da Muller, co lema elixido pola ONU para celebrar esta data, que seguro que recolle o sentir de moitos de nós: «Igualdade de xénero hoxe para un mañá sostible».

Señorías, a desigualdade entre homes e mulleres é unha das formas de discriminación máis acentuada que existe na sociedade actual, polo que a igualdade de xénero debe de ser unha prioridade de acción no cambio social que está a experimentar o mundo.

Á igualdade de xénero podemos aproximarnos desde diversos ángulos, como estamos vendo ao longo do día de hoxe nos contidos das distintas iniciativas que se están debatendo. Corresponde agora falar no ámbito laboral, falar da igualdade entre homes e mulleres no emprego.

Persoalmente, considero que esta perspectiva —a de acadar a igualdade de xénero no eido laboral— é esencial na procura dunha igualdade efectiva e real entre homes e mulleres no conxunto da sociedade. É certo que as mulleres nos enfrontamos no mercado laboral a obstáculos adicionais que, con carácter xeral, os homes non padecen: máis dificultades de acceso, máis precariedade, fenda salarial ou menores posibilidades de acceso á promoción profesional. Pero non nos limitamos a diagnosticar o problema, traballamos na procura de solucións. Co obxectivo de eliminar estas eivas, e sendo conscientes de que queda moito por facer, son numerosas as iniciativas postas en marcha nos últimos tempos por parte do Go-



berno galego a prol de acadar a igualdade laboral, sendo a máis significativa a ligazón nunha mesma consellería dos ámbitos de emprego e igualdade. Galicia é unha vez máis pioneira; ningunha outra comunidade autónoma ata ese momento organizaba deste xeito a súa estrutura administrativa, e isto responde a unha premisa moi fácil de formular: sen emprego non haberá igualdade.

Xa respecto á iniciativa que nos ocupa, no primeiro punto da súa proposta o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia solicita que se reimplanten as medidas de igualdade no emprego en vigor durante o Bipartito. Con todo respecto, teño que dicirles que vostedes non teñen asumido que perderon as eleccións, porque non ten sentido que nos pidan que retrocedamos ao tempo do Bipartito e que apliquemos políticas de hai dezaseis anos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Son políticas que evidentemente caducaron, que obedecen a unha realidade que xa non existe e que ademais —cómpre non esquecerlo— xa foron xulgadas polos galegos e polas galegas, que os mandaron a vostedes á oposición e deron ao Partido Popular a responsabilidade de gobernar, non unha, senón catro veces consecutivas.

Sospeito que farán esa proposta porque vostedes están obsesionados con patrimonializar e apropiarse de todas as políticas relativas á igualdade, cando a realidade demostra que desde o Partido Popular levamos moito tempo traballando nesta materia. De feito, xa hai trinta anos foi un goberno do Partido Popular quen fixo o primeiro Plan autonómico contra a violencia de xénero, e tamén foi un goberno Popular quen aprobou —no ano 2004— a primeira Lei de igualdade de Galicia. Fomos pioneiros en nomear mulleres en postos da máis alta responsabilidade política, ata ese momento ocupada só por homes. Podemos sentirnos orgullosos porque nomeamos a primeira muller presidenta do Congreso, a primeira muller presidenta do Senado, a primeira muller presidenta electa dunha comunidade autónoma, a primeira muller española vicepresidenta da Unión Europea ou a actual presidenta da Unión Europea, que é a primeira muller que ostenta o dito cargo.

Volvendo á iniciativa, propoñen tamén, no segundo punto, a creación dun observatorio de seguimento das medidas de igualdade no emprego. Miren, señorías, como representantes dos cidadáns, temos a obriga de facer un uso eficaz dos recursos públicos e non podemos estar creando entes, chiringuitos ou observatorios con fondos públicos, sen control e sen necesidade, cando na actualidade xa existen diversos órganos ou instrumentos con esa finalidade.

Destacaría especialmente, e dado que falamos de emprego, que dentro do organigrama da Xunta de Galicia xa existe un órgano específico, que é a Unidade Administrativa de Igualdade, dependente da Dirección Xeral de Relacións Laborais. Esta unidade de igualdade, en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade, integra a dimensión de xénero no ámbito de competencias en materia de emprego do Goberno galego e encárgase do seu control e da súa supervisión.

A actividade desenvolvida desde ambos os departamentos complementábase con outros órganos, como o Consello Galego das Mulleres, a Comisión Interdepartamental de Igualdade ou o servizo de Observatorio do Emprego, que analiza permanentemente datos estatísticos oficiais sobre a situación laboral en Galicia, datos que —non olvidemos— teñen en conta a perspectiva de xénero. Por estas razóns, dende este grupo parlamentario consideramos que



non é preciso gastar recursos públicos na creación dun novo observatorio cuxo obxectivo pode ser plenamente acadado coa estrutura actual.

Señorías, a igualdade demóstrase con feitos e con datos, e os datos indícanos que a situación hoxe é mellor que a que tiñamos na época á que vostedes nos queren retrotraer. Os datos son mellores porque as políticas e as medidas tomadas ao longo deste tempo de goberno popular foron máis eficaces. Segundo un informe sobre o índice de equidade de xénero das comunidades autónomas publicado pola Real Academia das Ciencias Económicas e Financeiras, Galicia é a comunidade autónoma con menor desigualdade entre homes e mulleres no mercado laboral, a menor de toda España, señora Rodríguez Dacosta.

Respecto da fenda salarial —e sendo conscientes de que aínda queda moito por facer—, Galicia sitúase nun 19,25 % por debaixo da media nacional mentres que no ano 2008 —ano cuxas medidas hoxe vostede quere recuperar— era dun 25 %. ¿É o que quere? ¿De verdade que nos está pedindo que retrocedamos a unha época cunha maior brecha salarial entre mulleres e homes?

Ou, se o que analizamos é a taxa de paro feminino, o ano 2009 rematou cun paro do 14 %, mentres que o 2021 rematou cun 12,2 %. ¿Vostedes pretenden convencernos de que é malo que baixe a taxa de desemprego feminino? Porque iso é o que sucedeu ao longo deste tempo, destes anos de goberno popular.

Ou se analizamos a taxa de ocupación feminina. O ano 2009 rematou cun 41,1 %, mentres que o 2021 rematou cun 42,3 %, é dicir, mellorou durante este período.

Incluso se atreven a empregar un argumento francamente sorprendente, cando menciona na súa exposición de motivos que houbo menos mulleres en ERTE das que correspondería polo seu peso na afiliación. Con ese dato, ¿que quere dicir? ¿Que é bo que as mulleres estean en ERTE? Porque eu non o entendo. Ao mellor o que están é louvando o traballo do Goberno galego respecto das súas políticas de emprego feminino.

Señora Rodríguez Dacosta, fala vostede das medidas en prol da igualdade de hai dezaseis anos. Eu, en cambio, voulle falar das medidas en prol da igualdade laboral entre homes e mulleres nas que traballa o Goberno galego na actualidade, no ano 2022.

Comezo pola máis recente. Se estiveron atentos, saberán que no pasado Consello da Xunta se anunciou que a Xunta de Galicia está a impulsar unha nova Lei de igualdade entre homes e mulleres. Esta lei terá como un dos eixos principais o tema que hoxe estamos debatendo: elevar a rango de lei as políticas que nos permitan seguir avanzando na igualdade laboral entre os homes e as mulleres e no compromiso co emprego feminino de calidade. A nova normativa tentará erradicar fenómenos como o teito de cristal e introducirá a idea de benestar laboral nas empresas, e ademais incluírá un estatuto das mulleres rurais e do mar, co que se defenderá o compromiso de atender ás súas necesidades nas políticas de emprego público da Xunta de Galicia.

Neste repaso ás numerosas medidas que a Xunta ten en marcha en materia de igualdade laboral, debo comezar falando do Plan Emprega muller. As mulleres, especialmente as vulne-



rables, beneficianse con maior intensidade dos apoios que concede a Xunta de Galicia, pero, ademais, este ano póñense á súa disposición 34,3 millóns de euros en oito programas específicos no dito plan, plan que contén apoios integrais para o acceso, o mantemento, a consolidación ou a promoción profesional das mulleres galegas a través dos seguintes programas: programa de mellora das capacidades dixitais para mulleres residentes no medio rural; programa de promoción do liderado feminino Son executiva; programas integrados de emprego exclusivos para mulleres; unidades formativas en empresas en sectores con subrepresentación feminina, financiando o 100 % da formación; programa Galicia Emprega, cunha liña específica para mulleres; programa Muller 22; programa relevo xeracional Empresa muller, para fomentar que as empresas contraten mulleres para substituír as persoas que se xubilan nelas; e, por último, o programa Emega, de apoio ao autoemprego feminino, que contará este ano co orzamento máis alto da súa historia; trátase dun programa consolidado que vén de facer vinte e cinco anos e que permitiu que moitas mulleres galegas creasen ou reactivasen a súa propia empresa.

Do mesmo xeito, hei de destacar especialmente o apoio da Xunta de Galicia en materia de conciliación, coa finalidade de minimizar as dificultades das mulleres para manterse ou para voltar ao mercado laboral; o Goberno galego adicará a esta finalidade dezaseis millóns de euros. E medidas como os bancos de tempo, o teletraballo, a flexibilidade horaria e a conciliación, tanto para as mulleres como para os traballadores autónomos tamén.

Por outra banda, existen medidas no eido da formación —unha formación accesible, flexible e actualizada en materia de igualdade laboral—. O ano pasado púxose en marcha un portal web e un campus virtual de formación en igualdade laboral, sendo Galicia —unha vez máis— pioneira en impartir formación en igualdade laboral de xeito dixital. E tamén hei de destacar que en toda a formación para o emprego que imparte a Xunta de Galicia, sexa da materia que sexa, se imparte un módulo transversal sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica.

En definitiva, se hai un goberno que traballa, que promove, que escoita e que acerta no impulso de iniciativas no ámbito da igualdade no mercado laboral, este é o Goberno de Galicia, o Goberno do Partido Popular.

Señorías, cando as propostas en materia de igualdade son razoables, a nosa vontade é sempre de chegar a acordos; como cando apoiamos a Lei Ángeles Alvariño ou cando apoiamos a proposta de incluír a perspectiva de xénero na candidatura galega dos fondos Next Generation. Pero non nos pidan nin pretendan que retrocedamos ao pasado. Galicia mira ao futuro, un futuro con máis e mellor igualdade, tamén no ámbito laboral.

Hoxe poñemos en valor o papel fundamental da muller na sociedade galega, co testemuño presente e vivo de mulleres referentes na súas profesións: en investigación, en deporte, en música, en arte, no mar, na cultura e tamén no emprego. E como aínda existen teitos de cristal que superar e espazos de mellora, desde este grupo parlamentario e desde o Goberno galego seguiremos traballando.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Sanz.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidente.

Miren, a realidade é que, co Partido Popular, Galicia deu un paso atrás na busca da igualdade real entre mulleres e homes no ámbito laboral. O certo é que cando o Partido Popular chegou ao goberno, no ano 2009, rachou con todas as políticas de igualdade postas en marcha polo Goberno de Emilio Pérez Touriño e deu un paso atrás.

O Bipartito investía nun ano 190 millóns de euros contra a discriminación das empresas, 190 millóns de euros. Decía: «A Consellería de Traballo destinará este ano 190 millóns de euros para intentar que as galegas equiparen polo menos as súas condicións profesionais ás dos homes.» «Traballo propónse que as galegas consigan entrar nos sectores que a estas alturas aínda son terreo vedado para elas.» Di: «A Xunta estima en corenta e sete as medidas que se inclúen no programa Aurora», do que antes lles falei.

Medidas concretas que aplicaban: «Inspección: seiscentas empresas con elevadas taxas de emprego feminino serán inspeccionadas para perseguir fraudes na contratación, discriminacións sexistas nos salarios e desigualdades na promoción profesional entre traballadores e traballadoras.»

Tamén axudas a contratos fixos: «As empresas recibirán 7.500 euros por cada contrato indefinido que se faga a desempregadas maiores de 45 anos, ou que non traballaran nunca, ou que deixaran o mercado laboral durante polo menos dous anos, ou que procedan de empresas en crise ou que sexan nais solteiras.»

Tamén mulleres en sectores de homes: «Os empresarios do metal, da construción, do transporte, da madeira, da loxística ou da seguridade recibirán 7.500 euros por cada muller que contraten de maneira indefinida.»

Conciliación coa vida persoal: «Traballo subvencionará as empresas que lles dean traballo» —valla a redundancia— «a mulleres que volvan ao mercado laboral despois de ser nais ou que contraten substitutos das empregadas que collan unha excedencia ou unha redución de xornada para coidar a súa familia.»

Ou na negociación colectiva: «A Xunta intentará introducir medidas de igualdade en setecentos convenios. As medidas do plan beneficiarán cento cincuenta mil das catrocentas sesenta e tres mil traballadoras galegas.»

Vostede por iso non falaba de presuposto, falaba de que existe unha unidade administrativa de igualdade, pero para facer esta iniciativa dende logo non podemos acudir a ese observatorio porque non están estudados estes datos, e vostede sabeo.





Se miramos o que pasou, é que a primeira modificación que fixo o PP cando chegou aparece encuberta, e para min é claramente ilegal. Na resolución do 11 de febreiro de 2011, da Dirección Xeral de Promoción de Emprego, modifícanse as prioridades establecidas na orde do 30 de decembro, de convocatoria —que é unha resolución de ámbito superior—, e no artigo 13, no apartado 4, dise: «As mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia, terán prioridade...». A mencionada resolución establece en primeiro lugar as persoas paradas de longa duración, en segundo os menores de 30 anos, en terceiro lugar aparecen as mulleres, eliminando a prioridade das vítimas de violencia, dado que nin as menciona. Tamén, o programa de contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero co Bipartito era un contrato que se analizaba durante todo un ano sen límite presupostario, cousa que vostedes non están a facer, nin moitísimo menos.

En outubro de 2007 xa estaban en marcha sesenta cursos, que tiñan como obxectivo incorporar as mulleres en ocupacións nas que estaban infrarrepresentadas. Dende que chegou o Partido Popular ao goberno non continuou buscando ocupacións masculinizadas e formando mulleres para a súa incorporación a elas, de feito os datos que hoxe estamos analizando; tampouco continuou ofertando os módulos formativos que lles faltaban por facer ás mulleres participantes no programa Muller porque si.

Na diminución da brecha de xénero, é preciso que en primeiro lugar se establezan medidas, procedementos rigorosos, e cales son as ocupacións non paritarias e en que actividades económicas. O segundo ámbito é nas políticas activas de emprego, na formación e os certificados de profesionalidade. É preciso establecer unha serie de programas específicos para a incorporación masiva das mulleres, con fondos e programas específicos.

Outra liña de actuación debería ser a incorporación de mulleres naqueles ámbitos envellecidos nos que a crise deixou sen recambio os traballadores actuais, como a construción e o metal. Son necesarios plans específicos de formación en alternancia para a incorporación de mulleres no conxunto das súas ocupacións. Mentres a paridade non se acade no mercado de traballo, non será posible a igualdade real entre mulleres e homes, que parta dunha equiparación salarial. E para a confección do catálogo de ocupacións non paritarias, de ocupacións feminizadas e xa maduras, como poden ser...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** ...—si, remato— o téxtil ou o da confección, ou nas que é difícil o recambio, consideramos que debe existir ese observatorio de igualdade.

En canto á reforma laboral, xa na miña anterior intervención...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** ... respecto ao Bloque mencionei a miña opinión, a opinión do Grupo Parlamentario Socialista. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Perdón!, señora Rodríguez Dacosta, respecto da emenda non me quedou claro.



(A señora Rodríguez Dacosta pronuncia palabras que non se perciben.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Vale, grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Otero Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para crear un observatorio de igualdade de xénero no sector pesqueiro**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. (O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Teresa Egerique Mosquera, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

*Emenda de substitución:*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incluír, dentro do Estatuto da Muller Rural e do Mar (que formará parte da nova lei de igualdade autonómica), unha Comisión que facilite o cumprimento das medidas específicas previstas no mesmo e fomente unha composición equilibrada de mulleres e homes nos órganos de xestión e dirección das organizacións profesionais que desenvolvan a súa actividade nos ámbitos agrario e marítimo pesqueiro.»*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Imos seguir na liña na que estaba a intervir a miña compañeira e imos pedir tamén, a través desta iniciativa, obter datos obxectivos para poder tomar decisións e dende logo para poder implementar políticas despois en base a estes datos obxectivos.

A iniciativa que hoxe trae o Grupo Parlamentario Socialista a debate non é unha iniciativa deste grupo parlamentario. É unha iniciativa que nos presentaron aos tres grupos parlamentarios con representación nesta cámara, é unha iniciativa da Asociación Mulleres Salgadas, a única asociación de ámbito galego de mulleres na pesca, unha asociación que se creou no ano 2016 —é verdade que o ámbito territorial era máis pequeno e cinguido a Arousa, pero que no ano 2021 ampliou ese ámbito territorial—. Dende logo, darlles todo o recoñecemento e o agradecemento do Grupo Parlamentario do PSdeG a esas mulleres bravas que realizan ese tan arduo traballo a prol dos dereitos das mulleres no mundo do mar e tamén ese recoñecemento, que quero ampliar a todas as mulleres que traballan no sector pesqueiro galego. (Aplausos.)



Como dicía, esta non é unha iniciativa do PSdeG. É unha iniciativa da Asociación Mulleres Salgadas, que pide crear, por parte da Xunta de Galicia, coa necesaria aportación orzamentaria, o observatorio de igualdade para o sector pesqueiro galego, formado por persoal técnico que estude, analice e estableza diagnósticos e medidas correctoras que contribúan a mellorar a situación das galegas que traballan no mar ou en actividades relacionadas, prestando atención á escasa representación das mulleres en postos de dirección e de representación.

Polo tanto, é un recoñecemento a esas mulleres que realizaron e dende logo realizan un papel fundamental na nosa sociedade dende hai xa moitísimos anos, tanto dende o punto de vista profesional como dende o punto de vista persoal.

¿E por que son necesarias iniciativas deste calado? Porque tradicionalmente —e as que temos a sorte de ternos criado a carón do mar en poboacións costeiras— viamos como a muller realizaba neses peiraos, rías ou praias actividades que se complementaban coas dos homes. Os homes saían a faenar nas súas embarcacións e as mulleres realizaban principalmente traballos de redeiras ou de marisqueo. E daquela entendíase que o papel desenvolvido por estas mulleres era un traballo como de segunda categoría, unha profesión complementaria á renda familiar que traía á casa o home —maioritariamente mariñeiros—, e isto no mellor dos casos. E dígoo porque, en moitas ocasións, estas mulleres estaban a realizar traballos sen que mediara unha contraprestación económica.

É certo que actualmente as mulleres están presentes en todos os segmentos da cadea de valor da pesca, sendo maioritarias en moitas das actividades que coñecemos, como marisqueo a pé, a industria auxiliar, a de transformación ou a de comercialización minorista, da que tanto temos falado tamén neste pleno e tamén na propia Comisión de Pesca.

Fálase de que as mulleres representan o 85 % no marisqueo, o 85 % nas redeiras, o 70 % nas empresas de transformación e nas conserveiras, o 68 % na comercialización do peixe e do marisco... Pero trátanse de datos aproximados, xa que non coñecemos a situación real das mulleres no sector, porque non hai datos diferenciados e desagregados por homes e mulleres.

Polo tanto, entendemos que esta iniciativa é máis acaecida hoxe que nunca. Por iso, precísanse estudos sobre isto, e, ademais, en Galicia faise fundamental, xa que non podemos perder de vista que Galicia é a comunidade autónoma de España onde temos maior peso e importancia na pesca e na acuicultura.

Pero, a pesar de que hoxe as mulleres en Galicia están presentes ao longo de toda a cadea de valor da pesca e da acuicultura e, en moitas das súas ocupacións, son o sustento principal de moitas familias, seguimos a ter moitísimas asignaturas pendentes para poder acadar esa tan ansiada igualdade real entre homes e mulleres. E un exemplo e unha desas asignaturas pendentes do sector é a escasa representación nos órganos de decisión do sector sobre políticas que afectan directamente aquí ás mulleres.

Aquí, en Galicia, vemos esa escasa representación das mulleres nos postos directivos ou de representación das confrarías e das organizacións pesqueiras. As mulleres da acuicultura e da pesca galega non queren seguir silenciadas e iso é o que nos están a trasladar; queren



que se lles escoite directamente nesos foros, nesas reunións, nesos órganos, onde se fala do seu traballo e onde se toman decisións que afectan directamente o seu traballo e tamén o seu futuro. Estas mulleres non queren estar representadas nesos órganos por ningún compañeiro; queren —repito— que se lles escoite directamente. Porque, por moito que nos últimos anos se aumentou a presenza feminina no ámbito pesqueiro, isto non se traduce ou non se reflicte nas áreas directivas.

Apenas —e así o coñecemos na nosa comunidade autónoma— acceden aos órganos de representación, de dirección e de organización do sector da pesca: só cinco patroas maiores dos sesenta e tres patróns maiores dos pósitos galegos. E isto dende logo é froito, en parte, da invisibilidade que sufriu durante moitísimos anos o traballo das mulleres na pesca.

Por iso, é urxente e necesario que as administracións implementen medidas para conquistar a participación efectiva das mulleres nos órganos e procesos de toma de decisións. Quedan moitos pasos por dar para que exista unha participación equitativa de homes e mulleres nas estruturas de poder e de decisión e que, polo tanto, se poida falar desa igualdade real e efectiva no sector.

Pero, ademais desa falla de visibilidade da muller na pesca e a escasa representación nos órganos de decisión, son precisas medidas que permitan dar resposta a aquelas problemáticas históricas que afectan e preocupan as mulleres do sector, como son as melloras das súas condicións de traballo e de vida.

Falabamos antes da fenda salarial, aquí tamén no sector pesqueiro, ou dos problemas coa clasificación profesional por razón de sexo, ou da mellora na conciliación ou unha optimización das condicións de saúde, hixiene e seguridade; tamén no tema referido ás enfermidades profesionais; tamén os coeficientes redutores na idade de xubilación; a falla de remuda xeracional, que xa sabemos que afecta tamén os homes, pero que tamén ten un sesgo marcado de xénero; hai unha particular compoñente de xénero nesta falla de remuda xeracional.

Polo tanto, son moitos os retos que aínda seguen vixentes e moito no que temos que traballar todos e todas xuntas. É certo que se trata de competencias amplas e que involucran as diferentes administracións e, para iso, é preciso un incremento do diálogo e da coordinación entre as administracións, pero dende logo en coordinación co propio sector e cos axentes sociais.

Polo tanto, é necesario e viámolo tamén no resultado da avaliación do Plan para a igualdade de xénero no sector pesqueiro e acuícola do propio Ministerio de Pesca, nesa avaliación do Plan do ano 2015-2020, nas enquisas realizadas entre as administracións, que por certo pouco participaron nesas enquisas que se lles enviaron dende o propio ministerio, as entidades sociais tamén participaron e as asociacións de mulleres na pesca. E o que din é que resulta complicado establecer a representatividade global, en termos cuantitativos, das mulleres no conxunto do sector pesqueiro e acuícola, xa que para ofrecer unha porcentaxe xeral sobre o emprego feminino no sector é necesario traballar con información agregada, procedente de distintas fontes estatísticas e anualidades, dando como resultado unha aproximación. Polo tanto, o que non se mide non se pode corrixir.



Basicamente, o que se está a pedir coa creación deste observatorio é que se poidan ter eses datos obxectivos que permitan corrixir estas situacións, porque vemos como tamén segue a producirse unha forte segmentación laboral en función do sexo no sector; vemos tamén como teñen moitos máis problemas, como pode ser o tema do intrusismo e a economía somerxada.

Polo tanto, é necesario contar con estes datos e é urxente que, por parte do Goberno galego, se cree este observatorio para ter estes datos obxectivos e poder tomar medidas que corrixan todas esas eivas e todas esas deficiencias, porque queda moitísimo camiño por percorrer.

Aínda existen ámbitos sectoriais nos que segue sen estar claro o concepto de feminismo, que a miúdo seguen a confundir co hembrismo, entendido este como un extremo contraposto ao machismo e non como unha doutrina e un movemento social que persegue a igualdade de ambos os sexos e a súa equiparación en dereitos e obrigacións. E esta non é unha frase do Partido Socialista...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** ...—remato, presidente— é unha frase que tamén se recolle nesa valoración dese Plan de igualdade no sector de pesca 2015-2020.

Polo tanto, esta é unha iniciativa que parte de Mulleres Salgadas, que foi exposta aos tres grupos parlamentarios e que entendo que debería de acadar a unanimidade desta cámara.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Grazas, presidente.

Boas tardes.

Saúdo as representantes das Mulleres Salgadas —non sabía que estaban na tribuna—, que vexo dende aquí.

Eu quero dicir que nós —como se ten demostrado ata o de agora—, dende o Partido Popular de Galicia, temos dado pasos moi importantes a prol da igualdade.

Hoxe presentamos unha emenda para poder chegar a un acordo, neste día tan acaído, para que ningunha muller do ámbito rural se vexa discriminada ou excluída no referente ao futuro do mar e do agro; que profesionalmente non se vexan excluídas nin do mar nin do agro nos organismos de toma de decisións, que ese é o fin último e o obxectivo que persegue tamén a asociación.



Nós, neste día —como digo— senlleiro, non queremos esquecer tampouco as mulleres adicadas profesionalmente a ese ámbito, cada vez máis, pero poucas, nun sector —insisto— moi masculinizado.

Ata o de agora téñense dado pasos importantes, pero nunca suficientes —témolo dito todas as intervenientes—, e no plano político demostramos as cousas con feitos e, señora Otero, con coherencia, e certamente o compromiso do partido propoñente —o PSdeG— non é un exemplo de axuda ás mulleres do mar cando tiveron a oportunidade de ter a posibilidade de xestionar a Xunta de Galicia.

Claro que se pode cambiar, pero sen oportunismos e demostrando, e o Parlamento é un bo lugar para render contas. E si que son importantes os datos, moi importantes, e os diagnósticos, pero tamén os feitos.

Para dar algúns exemplos, señora Otero, a que foi conselleira de Pesca, Carmen Gallego, mentres foi secretaria xeral de Agamar, defendeu que non se cotizase e instou a moitas mariscadoras a non facelo; despois víronse na tesitura, bastante dura, de que non cotizaron e non podían cobrar. Esa foi unha xestión do Partido Socialista. Pretendía que para abaratar as cotas da Seguridade Social se pagase por horas ou por días e con ese modelo de cotización sería imposible acadar os quince anos mínimos para cobrar a pensión. Son decisións políticas de goberno.

O Instituto Nacional de Estatística, tamén en tempos do PSOE de Zapatero, quería facer unha redefinición do Catálogo nacional de ocupacións que non recollese o marisqueo como profesión cualificada; quería recollela como non cualificada, a instancias do ISM —sábeo ben vostede—, e iso supoñía perder a longo prazo a obriga de cotizar en taxas máis baixas e, consecuentemente, con pensións máis baixas.

O PSOE e o BNG non colaboraron en defender un recoñecemento do marisqueo, especialmente o desenvolvido por mulleres, cando se falou e determinou este tema na Unión Europea dentro da política común de pesca. Quedamos soas. Pasou o tempo e outra gran contribución do Partido Socialista en favor do sector máis feminizado foi subir as cotas da Seguridade Social en 2019.

Polo tanto, os feitos si que importan e, moitas veces, vostedes, señora Otero, que falan e que enarboran a bandeira da igualdade, á hora de gobernar lémbrense de moitas cousas importantes para acadar a verdadeira igualdade e non só de palabra.

A Xunta do Partido Popular nunca apoiou esas medidas das que acabo de falar e realmente si que estivo dando pasos e contribuindo para que as mariscadoras agora sexan recoñecidas profesionalmente, para que teñan unha pensión digna, e traballando sempre do lado das mulleres do mar. Neste parlamento tense celebrado hai pouco tempo tamén unha Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres. E unha das peticións foi nesa liña, que eu vexo que vai nesta PNL.

Vexo tamén certo oportunismo, señora Otero, porque si é certo que nos reunimos os tres grupos políticos, pero vostede insiste en que non é unha iniciativa do Partido Socialista, pero



si que é unha iniciativa do Partido Socialista. Aquí temos as canles que ten que ter o Parlamento de Galicia. Esta é unha iniciativa do Partido Socialista. É certo que a asociación falou con todas nós, pero ao presentar esta iniciativa si que nós non tiñamos nin idea de que a ía presentar. Polo tanto, cremos que non só con este tema, senón con temas tamén da Comisión non permanente que vostedes, ás veces, converten nun certo banco de ideas, porque as peticións nas que hai que poñer elementos en común, nas que hai que debater e facer ditames e despois poñer enriba da mesa, vostedes reproducenas en PNL que si que son do Partido Socialista, hai que recoñecelo. E nós non temos ningún problema en acadar unanimidades, en chegar a acordos, en emendar e facer transaccións para realmente traballar pola igualdade e traballar pola equidade, e ademais nos órganos de decisión —que vostede dixo aquí ben— das mulleres do mar en determinados ámbitos.

Neste caso —como digo— fan referencia á petición de Mulleres Salgadas de Galicia, que é unha asociación que —como dixo vostede— se converteu na primeira e única asociación de ámbito autonómico galego do sector pesqueiro, pero que co seu traballo transcende a nivel nacional. E ademais é moi admirable o seu traballo e o seu empuxe, porque sei que non é fácil; e son máis de mil seiscentas mulleres que están agora nesa asociación. Xorden pola necesidade que hai no sector pesqueiro de recoñecer e valorar o traballo feminino no mar, pero realmente é importante que determinemos cales son as medidas e cales son as decisións que ten que tomar a Xunta de Galicia para acadar esa igualdade dende todas as administracións.

A semana pasada —como digo— mantivemos unha xuntanza con elas algunhas deputadas do Partido Popular de Galicia e puxemos moitos obxectivos e temas en común. Un deles, efectivamente, foi a creación dese observatorio da igualdade do sector, unha ferramenta máis que, sen dúbida, axudará; unha ferramenta que a nós nos parece unha idea moi boa, porque é fundamental —insisto— xa a nivel de toda España para recoñecer e saber cal é a situación real das mulleres da pesca.

Antes, no mes de maio, esta asociación xa lle plantexara á Consellería do Mar e á Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia a creación do dito organismo. Unha moi boa idea —como digo— que convén canalizar e concretar para que non se converta nun organismo baleiro ou sen orzamento. E, por iso, unha vez presentada a iniciativa, dende o grupo analizamos ben o contexto e a situación.

Realmente, Mulleres Salgadas, con moita coherencia, di: «*Consideramos que el peso y las características específicas de la pesca y las actividades acuícolas en nuestra comunidad precisan de un observatorio formado por personal técnico que estudie, analice y establezca diagnósticos y medidas correctoras que contribuyan a mejorar la situación de las gallegas que trabajan en el mar o actividades relacionadas, prestando especial atención a la escasa presencia de mujeres en puestos de dirección y representación*». E estamos de acordo, pero —como dicía— emendamos con matices para darlles tamén visibilidade e importancia ás mulleres do agro, e para que o que aquí aprobe-mos sexa unha realidade e non quede en papel mollado. Porque está claro que todos os grupos apoiamos eses obxectivos —os que acabo de ler— e que as mulleres do mar buscan.

Dende o Grupo Parlamentario Popular e dende a propia Xunta aproveitamos o día de hoxe para facer a petición importante, vencellada ao estatuto da muller rural e do mar, que for-



mará parte da nova Lei de igualdade autonómica, e insistimos en incluír unha comisión que fomente a composición equilibrada de mulleres e homes nos órganos de xestión e dirección das organizacións profesionais que desenvolvan a súa actividade en ámbitos agrario e marítimo-pesqueiro. E isto é máis importante, a día de hoxe, para acadar o obxectivo que o propio observatorio.

Ante a petición da creación dese observatorio, queremos ser rigorosas, e por iso temos que analízalo nun contexto coas diferentes interferencias entre as administracións, e fixemos un labor de acudir tamén ao Ministerio de Agricultura e Pesca do Goberno de España e atopamos na web o seguinte obxectivo: «A planificación e xestión das políticas de integración e igualdade no sector pesqueiro é unha competencia expresa e un obxectivo prioritario da Secretaría General de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación» —algo que nos parece moi acaído tamén para que dende o propio ministerio se poidan materializar esas funcións—, e ademais coa Rede española de mulleres no sector pesqueiro, coa finalidade —tamén di a propia web— de «visibilizar e poñer en valor o traballo feminino na actividade pesqueira e acuícola, favorecendo a comunicación, o intercambio de iniciativas, as mellores prácticas entre as profesionais que traballan neste ámbito, en calquera das súas diferentes áreas, coa promoción, emprendemento, asociacionismo, apoderamento e liderado».

Así, polo tanto, actualmente, o Goberno de España ten en vigor ese Plan para a igualdade de xénero no sector pesqueiro e acuícola, un documento que a secretaria elaborou para que sirva de orientación e ao que nós facemos referencia para combater a desigualdade entre homes e mulleres no ámbito da pesca e da acuicultura e que convén poñer en marcha a nivel nacional e darlle pulo e que se vexa aquí, e combinalo —porque nós en Galicia temos outras ferramentas— co potente e importante Plan estratéxico de Galicia para a igualdade, que, por suposto, afecta tamén as mulleres do mar e do agro.

Polo tanto, eu creo que se poderá acadar a igualdade real e poderase facer dende aquí, de Galicia, ese control. É certo que é importante que estea o observatorio e que nós consideramos que podería estar dentro dese plan, pero é fundamental, primeiro, lograr ou establecer onde ten que estar ese obxectivo e blindalo —como dixen— na Lei de igualdade que estará proximamente en vigor.

Quero lembrar, outra vez máis, que o Partido Popular —porque temos escoitado diferentes intervencións ao longo do día de hoxe, como digo, en que enarboran vostedes o papel do feminismo— foi clave nos procesos de profesionalización de redeiras e de mariscadoras para que tivesen ingresos dignos e unha pensión. E non as esquecemos, pero sen cantos de serea. Nós, de momento, o papel do observatorio propoñémolo no Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, así como a comisión na lei —insisto—, que é o texto da emenda, que é fundamental para acadar a igualdade real entre homes e mulleres no agro e no mar.

Pero temos —insisto— que optimizar os recursos públicos e dar resposta ás necesidades e peticións de todas as mulleres galegas, neste caso as do mar, as cales sempre nos terán ao seu carón para políticas que lles melloren a calidade de vida e así as igualen no escalafón laboral.





Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Egerique.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Pérez Fernández.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Moi boa tarde a todas e a todos.

Efectivamente, a proposta que hoxe presenta o Partido Socialista vén da man —señora Egerique, preséntaa o Partido Socialista— e chegou aos tres grupos por parte da primeira e única organización autonómica conformada exclusivamente por mulleres do sector pesqueiro, Mulleres Salgadas, ás que tamén desde o Bloque Nacionalista Galego saudamos e agradecemos que, ademais da súa dupla e tripla xornada —como temos moitas mulleres—, aínda tiveran tempo e ganas e fixeran o esforzo de organizarse para efectivamente reivindicar e chegar a conseguir os dereitos que aínda non temos, por moito que nos diga o Partido Popular. (*Aplausos.*)

Digo que esta foi unha proposta que chegou aos tres grupos políticos desta cámara, pero que só atopou resposta en dous deles. E hoxe na intervención anterior da señora Sanz xa nos deixou claro por que só respondíamos dous grupos a esa reivindicación e a esa petición de Mulleres Salgadas. A señora Sanz dixo antes —falando precisamente do observatorio para o emprego— que a Xunta de Galiza non está por investir cartos en «chiringuitos» —díxoo así con esa literalidade—. E nós pensamos, primeiro, que para a Xunta son chiringuitos —por moito que agora a señora Egerique quixera disfrazar o tema—, e, segundo, que a Xunta non está polo labor de investir cartos en chiringuitos, pero a Xunta prefere dedicar cartos, centos de millóns de euros, á súa propaganda e autobombo en medios de comunicación de todo tipo dicindo que *son los máis igualitarios del mundo mundial*. (*Aplausos.*)

Efectivamente, chegou aos tres grupos, pero non só iso. Na Comisión de Igualdade, na sesión que houbo neste propio parlamento a mediados do pasado mes de febreiro, os tres grupos, despois da comparecencia precisamente da asociación de mulleres redeiras O Peirao e de Anmupesca, e na que tamén comparecía Fademur (Federación de Asociacións de Mulleres do Rural), nesa comparecencia —como digo, a mediados de febreiro—, os tres grupos, os tres grupos desta cámara, comprometémonos precisamente a que a esa petición que facían, en concreto, as asociacións que viñan en representación do sector do mar —que non era outra, houbo máis cousas, pero unha das principais era precisamente a posta en marcha dese observatorio— darlle viabilidade nesta cámara e convertela precisamente nun feito real. ¡Ah!, pero, á hora de convertelo nun feito real, é cando o Partido Popular dá marcha atrás. Total, comprometerse nunha comparecencia de palabra non significa nada. Primeiro, comprometémonos, quedamos ben nesa comparecencia, e, despois, facemos o que queremos, que é isto que acabamos de ver aquí, é dicir, nada, absolutamente nada.



E vou dicir por que non se fai absolutamente nada. Vou poñer dous exemplos. A señora Egerique chamáballe feitos e ademais chamáballes feitos reais. Pois imos aos feitos reais.

Temos, por un lado, o Decreto lexislativo 2/2015 —de aquí, de Galiza, evidentemente—, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade. O primeiro que nos chama a atención dese texto lexislativo do ano 2015 —gobernaba o Partido Popular, evidentemente— é que adica un capítulo á participación das mulleres no desenvolvemento rural. Non temos absolutamente nada en contra, todo o contrario, estamos moi a favor; agora, do sector do mar ese decreto lexislativo non fala. Quere dicir ou temos que entender que, se non fala o decreto lexislativo, que é a lei, que é o DOG, as mulleres do sector do mar, evidentemente, non existen para o Partido Popular, aínda que existir existen na realidade.

En segundo lugar, ese mesmo decreto lexislativo, no seu artigo 29, fala, textualmente, de que a Xunta promoverá —o decreto é do ano, como digo, 2015, publicado a principios do 2016—, textualmente, «a revisión e a mellora da lista de cualificacións profesionais, incorporando a perspectiva de xénero, co obxecto de incluír como profesións actividades feminizadas realizadas sen remuneración nin recoñecemento profesional. E no artigo 29.2 di que a Consellería de Traballo desenvolverá actuacións tendentes a detectar e a erradicar nas actividades feminizadas situacións de economía somerxida e irregulares. E toma ese mesmo decreto lexislativo como actividades feminizadas, repito, como actividades feminizadas realizadas sen remuneración e sen recoñecemento profesional, unha lista mínima —que aparece alí, no real decreto—, unha lista mínima de dez actividades.

Resulta que desas dez que establece o propio DOG como actividades non profesionalizadas, sen remuneración e sen recoñecemento, catro son do mundo do mar. Leo textualmente: «Primeiro, redeiras; segundo, reparadoras de embarcacións e aparellos de pesca de baixura; terceiro, cultivadoras de marisco en batea; cuarto, vendedoras non regularizadas de produtos do mar». Estas son estritamente do mar, pero aínda engade outra máis —ou sexa, que serían cinco de dez as que están relacionadas co mar—, xa que fala do sector de empresas de persoas autónomas traballadoras en réxime de axuda familiar. E evidentemente no sector do mar hai moitísimas empresas autónomas —son a maioría, por non dicilo doutro xeito— e hai moitas persoas en réxime de axuda familiar, na súa inmensa maioría mulleres.

Ben, dicía nunha intervención anterior a miña compañeira Noa Presas que o machismo máis grande é o que non se mide. E efectivamente eu quero recalco. E agora vou co segundo exemplo, con iso que a señora Egerique di sobre que eles non queren chiringuitos, nin investir en chiringuitos, que eles prefiren facer cousas. Pois, entre outras cousas, imos ver outra. Resulta, señora Egerique, que dese importantísimo e famosísimo Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 que vostedes elaboraron di vostede agora que o papel do observatorio hai que enmarcalo dentro dun novo plan estratéxico que van aínda elaborar, porque o actual xa rematou en 2020 pero estamos no 2022 e aínda non tiveron tempo nin de avaliar o anterior nin de empezar a facer o seguinte. Vostede di que o observatorio ten que ir nese plan estratéxico. Imos falar do plan estratéxico, do que está en vigor.



Primeiro, cando contabiliza por sexos as persoas traballadoras do mar inclúeas nun listado xunto con —estou falando, neste caso, de traballadoras cualificadas— traballadoras en actividades forestais, pesqueiras e cinexéticas —ou sexa, do mar só non hai nada—. Logo, cando fala de peóns encadra as persoas traballadoras do mar noutro listado diferente de peóns agrarios, forestais e de pesca. É dicir, que nese plan estratéxico que acaba de rematar no 2020 a pesca en si non pinta absolutamente nada. E agora vostede quere remitir o observatorio ao novo plan estratéxico.

E ese mesmo plan estratéxico, nun dos seus obxectivos recolle textualmente: «Apoiar o empoderamento das mulleres rurais e a súa incorporación ás estruturas de decisión dos sectores económicos agrario, gandeiro e pesqueiro». Pois miren vostedes, por favor —e isto son feitos, como di a señora Egerique—, como efectivamente se apoia o empoderamento das mulleres no que atinxe directamente á Administración autonómica:

Primeiro, o Consello Galego de Pesca ten cincuenta e catro membros en total. Pois, incluída a señora conselleira de Pesca, hai nove mulleres. ¡Iso é empoderamento! (*Aplausos.*)

Segundo, dúas mulleres de doce membros —por exemplo— no Comité Executivo da Federación Galega de Confrarías, e ningunha nos cargos de presidenta ou vicepresidenta primeira e segunda.

Terceiro, cinco patroas maiores e dezaseis vicepatroas dun total de sesenta e tres confrarías; é dicir, vinte e unha mulleres, fronte a cento sesenta e oito homes. Ese é o plan estratéxico que fomentou o empoderamento das mulleres do sector do mar en todos estes anos e a onde a señora Egerique nos quere remitir agora o observatorio.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Remato, señor presidente.

No día de hoxe, todo o mundo —as persoas que se dedican a investigar os distintos aspectos laborais, de saúde, etc., no sector do mar, as persoas que traballan nese campo e o asociacionismo— coincide en que efectivamente faltan datos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas...

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Ese plan estratéxico non os proporciona —remato, señor presidente— e, polo tanto, a ferramenta indispensable no día de hoxe para proporcionalos é ese observatorio ao que se lle chamou «chiringuito»...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Pérez.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** ...e que vostede quere remitir a un plan estratéxico que dicía isto ata o 2020. E evidentemente nós non podemos pasar por aí.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, xa rematou o seu tempo. Moitas grazas.



**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Polo tanto, imos apoiar a proposta do Partido Socialista...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas...

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** ...a proposta de Mulleres Salgadas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Quero agradecer o apoio do Bloque Nacionalista Galego a esta iniciativa, que non é do PSdeG, que é unha iniciativa de Mulleres Salgadas.

A verdade é que eu na miña primeira quenda fun bastante construtiva. Non estiven a meter aí leña ao fogo, nin estiven a dicir cousas malas da Xunta de Galicia. Estiven a reivindicar incluso a implicación de todas as administracións públicas con competencia na materia. Fun eu a que saquei o tema dos coeficientes redutores ou das enfermidades profesionais —que todas e todos sabemos que son competencia do Goberno central—, independentemente de que a finais do ano 2018 e tamén no ano 2019 ás redeiras se lles recoñeceron determinadas enfermidades profesionais polas que levaban moitísimo tempo loitando. Pero eu non me puxen ningunha medalla, señora Egerique. Eu non fixen oportunismo político. Eu o único que fixen foi darlle voz á asociación Mulleres Salgadas e traer aquí esta iniciativa, que podía traer tranquilamente o Partido Popular porque nesas conversas o Partido Popular, o Grupo Parlamentario Popular, as mulleres do Grupo Parlamentario Popular, vían con moi bos ollos esta iniciativa de crear este observatorio de igualdade no sector pesqueiro galego. Pero é que chegamos xunto de quen manda, chegamos xunto da conselleira do Mar, e dixo que non e que había que parar isto. Porque a min xa mo presentaran en maio de 2021 e, se quixeran facelo, xa terían cousas feitas.

Señora Egerique, vostede hoxe trae unha emenda a esta iniciativa de Mulleres Salgadas na que chegan a falar do Estatuto da muller rural, din que este estatuto da muller rural é, hoxe en día, máis importante que poñer en práctica este observatorio de igualdade no sector pesqueiro. E quero recordarlle que esta proposta deste estatuto da muller rural foi unha proposta deste Grupo Parlamentario Socialista no debate do estado da Autonomía. É verdade, é unha proposta que parte de Fademur pero que recolleu este Grupo Parlamentario Socialista. E nada fixeron dende aquela. ¡Claro!, ¿que fixeron dende aquela para aprobar este estatuto da muller rural e que agora unen ao do mar? ¡Non fixeron absolutamente nada! Polo tanto, dicirnos agora que imos retrasar ou pospoñer este observatorio en materia pesqueira ata que se aprobe este estatuto da muller rural, a verdade, ¡como o imos crer co ritmo que lle están dando á aprobación deste estatuto da muller rural e do mar!

O que hoxe nós traemos a través desta proposición non de lei que facemos nosa —se lle parece mellor, facémola nosa, dicía vostede antes que era unha iniciativa do PSdeG pero en realidade



é das mulleres do sector pesqueiro galego representadas por Mulleres Salgadas— é a creación dun órgano científico e técnico que estude e faga unha diagnose. Non queremos declaracións de intencións, que é o que vostedes hoxe traen aquí con esta emenda. O mar ten entidade propia na nosa comunidade autónoma e ten un peso específico suficiente para poder contar con este observatorio galego de igualdade de xénero no sector pesqueiro.

Ademais, esta iniciativa, que non se refire só á paridade —que tamén—, refírese a que se estude calquera desviación de xénero que se detecte, as súas causas e implicacións, elaborar estatísticas reais desagregadas por sexos e tamén unha análise cuantitativa e cualitativa da situación social da pesca galega. Esta análise permitirá e proporcionará maior coñecemento sobre o sector e permitirá legislar e emprender accións sobre unha base ben fundamentada e con maior rigor.

Creo que todas coincidimos en que o traballo das mulleres no sector pesqueiro galego, que participan en toda a cadea produtiva, ten unha importancia fundamental. Creo tamén que coincidimos en que aínda segue invisible en moitos aspectos o seu traballo, que aínda teñen problemas para poder acceder a eses postos de responsabilidade e representación e de toma de decisións no sector pesqueiro, e que queda moitísimo traballo por facer por parte das administracións. Polo tanto, cremos que é fundamental crear este observatorio.

A señora Egerique dicía que sempre o Partido Popular está a carón das mulleres do sector pesqueiro galego. E eu creo que é o momento de demostralo con feitos, non con declaracións de intencións, que é o que fixeron vostedes hoxe presentando esa emenda.

Polo tanto, sexan valentes e pídalle á súa conselleira que realmente faga unha aposta decidida por estas mulleres, que cree este observatorio, que non é ningún chiringuito, como dixo a portavoz do Partido Popular anteriormente na outra iniciativa —que xa nos adiantaba cal era a intención ou o que pensaban da creación deste observatorio—. Polo tanto, fagan ese recoñecemento a ese traballo de tantas e tantas mulleres na pesca, creen ese observatorio...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** ...—remato, presidente— e non queden só en boas palabras cando as asociacións veñen a presentarnos as súas iniciativas. Sexan valentes e hoxe voten a favor desta iniciativa, que non é nosa, é de Mulleres Salgadas.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Entendo que non aceptan a emenda, ¿verdade?


**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Loxicamente, non aceptamos a emenda.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

*Suspéndese a sesión ás sete e trinta minutos da tarde.*





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-c3CNGb1Wd-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

